



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

ACORDO do 3 de xuño do 2026 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Pantón. Expediente IN407A 2024/226 ATE)

Con data 1 de decembro de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada "Regulamentacion LMTA PRS802 no tramo entre os apoios núm. 78 e núm. 88 (Pantón)"

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Pantón deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 9 de xuño de 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 12 de xuño de 2025, para que comparezan o día **30 de setembro do 2026 no concello de Pantón** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Pantón estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 3 de xuño de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

##### ANEXO

Nº Predio	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
3	51	667	Carizos	Monte Baixo	Comunidad de Veciños de Espasantes	30.09.2026	12:45
5	51	318	Torre do Castro	Viñedo	Jesús González Rodríguez		12:00
6	51	316	Souto do Ledoo	Monte Baixo	Meijers Ernst		12:30

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO****ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA***Anuncio***EDICTO****NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.**

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	1º -trimestre-2026	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 4 de xuño de 2026.- A presidenta, María del Carmen López Moreno.

**ANUNCIO DE COBRANZA****Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.**

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunicase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 17 de xuño ata 17 de agosto de 2026, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	1º -trimestre-2026	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., Caixa Rural Galega S.C.C.L.G Banco Santander S.A. en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser

obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación

Lugo, 4 de xuño de 2026.- A presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 1522

---

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

**2026/CON\_02/000047.- BURELA.- Rehabilitación de firme LU-P-1510 “San Cibrao (LU-P-1501) – A Marosa – Burela” p.k. 6+160 a 9+301 e LU-P-1502 “Burela – Vilaestrofe – Ferreira (LU-163)” p.k. 0+000 a 1+895**

**2026/CON\_02/000055.- RÁBADE.- Rehabilitación de firme LU-P-5101 “Rábade (N-VI) – Friol (LU-232)” p.k. 0+000 a 0+302**

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 12 de xuño de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1603

---

## SERVIZO DE INTERVENCIÓN

### *Anuncio*

Informada pola Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas en sesión celebrada o día vinte e nove de maio de dous mil vinte e seis, a Conta Xeral do Orzamento da Excm. Deputación Provincial de Lugo correspondente ao ano 2025, integrada tamén pola Conta Xeral do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, exponse ao público na Secretaría da Excm. Deputación Provincial, xunto cos documentos que a acompañan, por espazo de quince días, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións á mesma, de conformidade co art. 212 do Real decreto Lexislativo 2/2004, texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, dez de xuño de dous mil vinte e seis.- A presidenta, M.<sup>a</sup> del Carmen López Moreno. O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1583

---

## CONCELLOS

### CERVO

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 11 de xuño de 2026, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de abril de 2026 das liquidacións das taxas pola prestación dos servizos de Axuda no Fogar e da Piscina Municipal, así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e das cotas do 2º bimestre de 2026 polo exercicio da venda ambulante no mercado de San Cibrao (Cervo).

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 17 de xuño ao 19 de agosto de 2026. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 11 de xuño de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1604

### *Anuncio*

Faise pública, en cumprimento do artigo 49 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, e sen prexuízo da notificación individual a cada un dos afectados, a seguinte resolución ditada por esta Alcaldía con data 08.06.2026:

#### **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**EXPEDIENTE:** 1166/2025

Sinalización de actas de pagamento e ocupación.

**PROXECTO:** Plan especial de infraestruturas e dotacións da estrada ás Quintas.

**ADMINISTRACIÓN EXPROPIANTE:** Concello de Cervo (Lugo).

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** Mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión do 26 de setembro de 2025, aprobouse definitivamente o anexo ao proxecto de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, para a execución do "*Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) da estrada ás Quintas*".

**SEGUNDO.-** Dito acordo foi obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia (DOGA) núm. 209, de data 29 de outubro de 2025 (páxinas 56327 a 56329). No citado anuncio conferíase aos interesados un prazo de vinte días para manifestar a súa desconformidade coa valoración establecida.

**TERCEIRO.-** Segundo consta no certificado expedido por secretaria do Concello de Cervo, de data 8 de xuño de 2026, transcorreron os prazos legalmente estipulados sen que se teña formulado oposición á valoración nin interposto recurso administrativo ou contencioso-administrativo algún. En consecuencia, e de conformidade co Artigo 118.8 da Lei do solo de Galicia, a valoración fixada no acto aprobatorio enténdese aceptada definitivamente e de conformidade para todos os predios afectados.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. COMPETENCIA.-** Esta Alcaldía é competente para ditar a presente resolución en virtude das facultades conferidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola lexislación urbanística e expropiatoria vixente.

**II. PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA.-** O Artigo 118.11 da Lei do solo de Galicia establece que o pagamento ou depósito do importe da valoración producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do Artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

**III. PAGAMENTO E OCUPACIÓN.-** De conformidade cos Artigos 48 e 49 da LEF, unha vez determinado o xustiprezo con carácter firme, a Administración procederá ao pagamento da cantidade mediante talón nominativo ou transferencia bancaria, levantándose a continuación acta de ocupación que será título abondo para a inscrición no Rexistro da Propiedade.

**IV. VERIFICACIÓN DE TITULARIDADE.-** Segundo o Artigo 43.4 do Texto refundido da Lei de Suelo e Rehabilitación Urbana e o Artigo 205 do Regulamento de Xestión Urbanística, o pagamento só se fará efectivo a quen acredite a súa titularidade mediante certificación rexistral ou, na súa falta, títulos auténticos de propiedade.

Vistos os antecedentes citados e a normativa de aplicación,

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.- DECLARAR** a firmeza dos xustiprezos fixados no anexo ao proxecto de expropiación forzosa por taxación conxunta para a execución do "*Plan especial de infraestruturas e dotacións da estrada ás Quintas*", ao non terse formulado oposición no prazo legal de vinte días tras a súa notificación e publicación.

**SEGUNDO.- SINALAR** o día 15 de xullo de 2026, ás 10:00 horas, para proceder ao levantamento das Actas de Pagamento e Ocupación dos bens e dereitos afectados. O acto terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello de Cervo.

**TERCEIRO.- CONVOCAR** aos titulares dos bens e dereitos que figuran no anexo desta resolución para que comparezan no lugar, día e hora sinalados, persoalmente ou representados por persoa debidamente autorizada.

**CUARTO.- CONSTATADA** a non comparecencia no expediente administrativo, malia os intentos de localización realizados por esta Administración, e a imposibilidade de practicar a notificación persoal da resolución de aprobación definitiva do anexo ao proxecto de expropiación (obxecto de publicación no DOGA núm. 209, de 29 de outubro de 2025) aos seguintes titulares:

Parcela 3AN: D. Guillermo Enriquez Durán.

Parcela 14AN: D. Fernando de Benito Leivas.

Parcela 16AN: Herdeiros de D. Juan Bautista Sánchez Martín.

Parcela 18AN: D. Ramón Cao Fernández.

Parcela 21TA: D. José Fijo Quirós.

Parcelas 24TA, 25TA e 28TA: D. Ramón Varqueiro Castellón.

En consecuencia, e dado que a falta de notificación persoal e a incomparecencia destes interesados impediría a súa citación efectiva para os sucesivos trámites de pagamento e ocupación, **ACÓRDASE**, ao abeiro do disposto no Artigo 5 da Lei de Expropiación Forzosa, dar traslado das actuacións ao Ministerio Fiscal para que asuma a representación e defensa dos intereses dos citados propietarios que non compareceron no expediente ou cuxo domicilio resulta descoñecido.

**QUINTO.- NOTIFICAR** a presente resolución aos interesados, con indicación a cada un deles da data, hora e lugar nos que se procederá ao levantamento das actas de pagamento e ocupación e publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia segundo esixe o artigo 49 do Regulamento de Expropiación forzosa.

Para os devanditos actos deberá terse en conta o seguinte:

- Conforme ao artigo 206 do Real Decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión Urbanística, se o expropiado non quixese aceptar o prezo xusto, non achegase títulos suficientes xustificativos do seu dominio, existirá contenda respecto á titularidade do ben ou dereito expropiado, ou en xeral, se concorrese algún dos supostos do artigo 51 do Regulamento de Expropiación Forzosa, a Administración consignará o seu importe na Caixa Xeral de Depósitos.

- De conformidade co establecido no artigo 55.1º do regulamento de expropiación forzosa, entenderase acta de ocupación da cousa ou dereito expropiado a continuación da de pago ou consignación. Para proceder ao levantamento destas actas, deberán asistir os titulares persoalmente ou ben representados por persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, con poder suficiente do que achegará copia, provistos ademais dos seus documentos orixinais acreditativos da súa titularidade e documento nacional de identidade, podendo asistir acompañado pola súa conta, se o considera oportuno, dos seus peritos ou notario.

- No caso de que a parcela ou dereito pertenza a varias persoas é necesario a comparecencia de todos eles por se ou debidamente representados con poder suficiente.

Cervo, 9 de xuño de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

**AXENXO I: RELACIÓN DE PREDIOS AFECTADOS, TITULARES, IMPORTES DE XUSTIPREZO, E SINLAMENTO PARA O LEVANTAMENTO DAS ACTAS DE PAGAMENTO E OCUPACIÓN**

Nº predio	Importe xusto prezo	Titular/inquilino	Data e hora
1AN	483,70 €	Rodríguez Enríquez, José Luis (94,98 %) e Fernández Fra, Balbina (5,02 %)	15/07/2026 as 10:00h
3AN	106,60 €	Enríquez Durán, Guillermo	15/07/2026 as 10:00h
4AN	77,13 €	Vilar Expósito, Trinidad	15/07/2026 as 10:00h
7AN	461,85 €	Valle Rey, José Francisco (50 %) e González Vispo, María Celia (50 %)	15/07/2026 as 10:00h
13AN	71,38 €	González Fraga, Jesús	15/07/2026 as 10:00h
14AN	85,49 €	De Benito Leivas, Fernando (50 %) e Estua Rodríguez, Guadalupe (50 %)	15/07/2026 as 10:00h
15AN	1.690,86 €	Cordido Eijo, María José (50 %) e Álvarez Timiraos, José Ramón (50 %)	15/07/2026 as 10:00h
16AN	1.859,89 €	Herdeiros de Sánchez Martín, Juan Bautista	15/07/2026 as 10:00h
17AN	1.924,46 €	Fernández González, María Antonia	15/07/2026 as 10:00h
18AN	641,21 €	Cao Fernández, Ramón	15/07/2026 as 10:00h
19TA	22,52 €	Cayón Pereira, Regina	15/07/2026 as 10:00h

20TA	68,74 €	Rodríguez Enríquez, José Luis (94,98 %) e Fernández Fra, Balbina (5,02 %)	15/07/2026 as 10:00h
21TA	40,33 €	Fijo Quirós, José	15/07/2026 as 10:00h
22TA	33,24 €	González Fraga, Jesús	15/07/2026 as 10:00h
23TA	42,60 €	Rodríguez Mon, José Francisco	15/07/2026 as 10:00h
24TA	69,17 €	Varqueiro Castellón, Ramón	15/07/2026 as 10:00h
25TA	133,60 €	Varqueiro Castellón, Ramón	15/07/2026 as 10:00h
26TA	34,96 €	González Fraga, Jesús	15/07/2026 as 10:00h
27TA	52,48 €	Rodríguez Mon, José Francisco	15/07/2026 as 10:00h
28TA	33,06 €	Varqueiro Castellón, Ramón	15/07/2026 as 10:00h

Cervo, 9 de xuño de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1605

#### *Anuncio*

Téndose aprobado por Acordo do Pleno Municipal, en sesión ordinaria celebrada o día 4 de xuño de 2026, a modificación do cadro de persoal municipal para a súa adaptación ao disposto na disposición transitoria sexta do Real decreto lei 6/2023, do 19 de decembro, e de conformidade co establecido no artigo 126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, sométese a información pública polo prazo de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo, o expediente poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias da Secretaría do Concello, de luns a venres, en horario de oficina, co obxecto de que se formulen as reclamacións ou alegacións que se estimen pertinentes ante o Pleno da Corporación.

No caso de que non se presenten reclamacións durante este período de exposición pública, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial, sen necesidade de adoptar un novo acordo plenario, procedéndose á publicación íntegra da modificación, segundo establece a normativa vixente.

Cervo, 9 de xuño de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1606

#### *Anuncio*

O Pleno da Corporación do Concello de Cervo, en sesión ordinaria celebrada o día 4 de xuño de 2026, adoptou o acordo de aprobar inicialmente diversas modificacións de crédito encadradas no vixente Orzamento Municipal para o exercicio 2026. En concreto, as actuacións aprobadas comprenden o expediente de modificación de crédito número 7/2026, tramitado baixo a modalidade de traspaso entre distintas áreas de gasto; o expediente número 10/2026, modalidade de suplemento de crédito; e, finalmente, o expediente número 11/2026, modalidade de crédito extraordinario.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e do artigo 38 do Real Decreto 500/1990, os expedientes expóñense ao público na Secretaría do Concello por un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante dito prazo, os interesados lexitimados poderán examinar a documentación e presentar as reclamacións que consideren oportunas ante o Pleno. De non presentarse reclamacións, os acordos entenderanse definitivamente adoptados sen necesidade de novo acto expreso.

Cervo, 9 de xuño de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1607

## COSPEITO

### Anuncio

**BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN CONDUTOR E 3 PEÓNS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, DURANTE A CAMPAÑA DE INCENDIOS DE 2026, A XORNADA COMPLETA.**

**PRIMEIRO.- OBXECTO DA CONVOCATORIA** O obxecto das presentes bases é regular a contratación temporal de cinco traballadores para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, no marco do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cospeito para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2026, mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa.

As categorías serán as seguintes:

- Un xefe de brigada.
- Un peón condutor
- Tres peóns/operarios de brigada

Os contratos asinaranse baixo a modalidade de contratos de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos (vinculados ao convenio coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado polo Feader) a xornada completa con temporalidade ligada á duración do tempo asinado en Convenio.

O persoal contratado deberá ter unha disposición absoluta polas emerxencias que se poidan producir, e realizará labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requeridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos os domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias. O ámbito de actuación da brigada será o municipal, sen prexuízo de que, conforme á normativa aplicable, o persoal das brigadas municipais participe nas operacións de extinción e remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da Consellería competente en materia forestal, cando así se decida por parte do mando único e conforme o artigo 48.6 da Lei 3/2007 e o Plan de prevención y defensa contra los incendios forestales de Galicia (PLADIGA).

As labores a desenvolver consistirán nos seguintes traballos:

- Traballos de prevención de incendios, que consistirán na roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional e desenvolveranse en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre as cales o concello teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute, ou superficies de propietario descoñecido. Todo elo cando non sexa posible a mecanización de ditos traballos
- Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellaría competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007.
- Os traballos de extinción serán prioritarios con respecto aos de prevención.

**SEGUNDA.- PUBLICIDADE** As presentes bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Cospeito así coma no Boletín Oficial da Provincia. Os resultados das probas, así como as citacións e emprazamentos aos aspirantes, publicaranse na sede electrónica do Concello de Cospeito.

### **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:**

**A) REQUISITOS XERAIS** Para seren admitidas no proceso, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización de presentación de solicitudes, e deberán gozar destes ao longo de todo o prazo de vixencia da relación laboral:

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuir a capacidade funcional necesaria para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- d) Estar en posesión do estudo/ titulación esixida nas presentes bases (Anexo I). No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuir documento que acredite a súa homologación.
- e) Non atoparse, no momento de formalización do contrato laboral temporal, incurso/a en causa de incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente; nen estar separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución

xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñe no caso de persoal laboral no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

f) No seu caso, contar co tipo de carné de conducir en vigor esixido segundo o posto de traballo ao que se opte.

g) Coñecemento da lingua galega: De acordo ao establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA, deberá superar unha proba tipo test sobre o coñecemento do idioma galego.

**B) REQUISITOS ESPECÍFICOS:** Sinalados no Anexo I. Os interesados deberán aportar xunto coa instancia de participación os documentos acreditativos dos requisitos esixidos nesta base.

No caso de non acreditar estar en posesión de todos os requisitos serán excluídos do proceso selectivo.

#### **CUARTA.- SOLICITUDES/ INSTANCIAS**

##### **A) Presentación de solicitudes**

Os interesados/as dirixirán as súas solicitudes no modelo oficial que se publica como Anexo II destas bases e que tamén se facilitará nas oficinas municipais, ao Sr. Alcalde do Concello de Cospeito acompañadas da documentación que se sinala no apartado B da base CUARTA; sendo admitidas as persoas arpirantes que presenten ditas solicitudes no prazo indicando e cumprindo os requisitos establecidos nas presentes bases.

Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na solicitude, precisando o grao de minusvalía e as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas.

##### **B) Documentación a presentar coa solicitude**

a) Copia do D.N.I. ou pasaporte. Ademais, os aspirantes extranxeiros deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, em virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Copia da titulación e do carnet de conducir do tipo esixido, segundo o posto.

c) Copia dos documentos que acrediten a posesión dos méritos presentados polo aspirante para a súa valoración na fase de concurso. Os méritos que non estean acreditados tal e como se sinala en cada apartado da fase de concurso non poderán ser valorados.

d) Declaración responsable segundo modelo incluído nas presentes bases.

e) Autorización para realizar a proba física de esforzo que deberá realizar xunto co recoñecemento médico previo á contratación segundo modelo incluído nas bases.

##### **C) Lugar de presentación**

A presentación das solicitudes farase no Rexistro Xeral do Concello de Cospeito ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, incluída a sede electrónica municipal, non sendo válido o envío a través de correo electrónico.

##### **D) Prazo de presentación**

O prazo de presentación das solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### **QUINTA.- ADMISIÓN/ EXCLUSIÓN DE ASPIRANTES**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo de 5 días hábiles, que se publicará na sede electrónica do Concello de Cospeito declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo de 2 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Alcaldía declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica do Concello de Cospeito, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

#### **SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen.

De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

#### **SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

O sistema de selección será o concurso-oposición.

**I.- Fase de concurso (máximo 40 puntos).** Serán valorados os méritos aportados polos aspirantes dentro do prazo de presentación de instancias:

##### **a) Experiencia laboral (máximo 20 puntos)**

Por ter prestado servizos na mesma categoría e ocupación para a que solicita a participación en administracións públicas: - 0,30 puntos por mes traballado, ata un máximo de 20 puntos.

Este mérito acreditarase das seguintes maneiras:

- a) Ben a través da presentación do certificado de servizos prestados no que conste o posto/praza desempeñado e a súa duración.
- b) Ben a través da presentación dos contratos de traballo xunto co informe de Vida Laboral onde se poida acreditar as funcións desempeñadas e a súa duración.

##### **b) Cursos de formación e perfeccionamento (máximo 20 puntos)**

Os cursos de formación impartidos por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior relacionados coa protección do ecosistema e efectos do lume, comportamento do lume, técnicas de extinción, apertura dunha liña de defensa, mantemento de ferramentas, manexo da emisora, seguridade e, en xeral, de protección de incendios, puntuaranse dacordo co seguinte sistema de baremación:

- Por cada curso de 60 ou máis horas de duración: 2 puntos.
- Por cada curso de entre 30 e 59 horas de duración: 1,50 puntos.
- Por cada curso de entre 10 e 29 horas de duración: 1 puntos.

Os cursos de formación acreditaranse presentando a copia do diploma no que se especifique a denominación da acción formativa, o número de horas e o contido do curso formativo.

##### **II.- Fase de oposición (máximo 60 puntos).**

Consistirá na realización dunha proba a determinar polo tribunal, non tendo por que ser o mesmo tipo de proba para cada un dos distintos postos a cubrir:

A proba práctica consistirá na realización dalgún cometido relacionado co posto a desempeñar e irá encamiñada a demostrar a capacidade da persoa para a realización das funcións do emprego que se convoca valorándose a destreza e o tempo na execución das tarefas. Esta proba é obrigatoria. A proba práctica puntuarase ata un máximo de 60 puntos. Os membros do tribunal, á vista das puntuacións obtidas polos aspirantes, poderán determinar a existencia dunha nota de corte para a superación da proba.

**OITAVA.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA** A orde de clasificación definitiva de tódolos aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións totais obtidas nas fases de concurso e oposición, determinando a lista o/s aspirante/s aprobado/s.

**NOVENA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN** O Tribunal, á vista da lista dos aspirantes seleccionados, realizará proposta de contratación ante a Alcaldía deste Concello, publicándose no Taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Cospeito. En ningún caso o tribunal calificador baixo sanción de nulidade absoluta ou de pleno dereito poderá propor para a contratación maior número de aspirantes que empregos convocados.

**DÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS** A/s persoa/s propostas para a contratación deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Cospeito ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas a súa tarxeta sanitaria ou documento no que conste o seu número de afiliación á Seguridade Social e documentación acreditativa do seu número de conta bancaria ao obxecto de formalizar os contratos de traballo e de ser dados de alta na Seguridade Social unha vez superen o recoñecemento médico e a proba física de esforzo.

#### **UNDÉCIMA.- RECOÑECIMENTO MÉDICO E PROBA FÍSICA DE ESFORZO.**

Os aspirantes seleccionados, ao abeiro da normativa de aplicación e coas condicións do convenio asinado coa Xunta na materia, estarán obrigados a realizar antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo (proba do banco), nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de Cospeito.

A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

**DUODÉCIMA.- REALIZACIÓN DUN CURSO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS.** Os aspirantes están obrigados, con anterioridade ao inicio da operatividade ou, no seu defecto, nos dous primeiros días do inicio da operatividade da brigada a realizar un curso de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas como mínimo que será impartido por persoal competente na materia aínda que xa o teñan realizado en anos anteriores. A non realización do curso de formación suporá o cese do traballador por incumprimento desta base. O curso de formación versará sobre as seguintes materias, coa distribución horaria que se recomenda: · A prevención e a defensa contra os incendios forestais en Galicia, 1 h · Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume, 1 h · Ferramentas, 1 h · Extinción e liquidación, 1,5 h · Condución de vehículos todoterreo, 0,5 h · Seguridade laboral en incendios forestais, 1 h · Primeiros auxilios, 2 h · Traballo co vehículo motobomba 2,5 h · Liñas de defensa e ferramentas, 2,5 h · EPI e comunicacións, 1 h · Seguridade e saúde e partes, 1 h · Medios aéreos de embarque e desembarque. Posición de seguridade en descargas, 1 h

**DECIMOTERCEIRA.- BOLSA DE TRABALLO** As persoas que figuren na lista de cualificación final por superar o proceso selectivo sen ser seleccionados pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo. A esta bolsa de traballo poderá acudir o Concello no caso de que algún dos aspirantes seleccionados non se incorpore ou cese, ao obxecto de garantir que a prestación do servizo quede cuberta.

#### **DECIMOCUARTA.- RECURSOS.**

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Asimesmo, a xurisdicción competente para resolver as controversias em relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdicción Social. Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición ante a alcaldía no prazo dun mês, previo ó contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado Contencioso-administrativo ou, a partir do día seguinte ó de publicación do seu anuncio no BOP.

### **ANEXO I**

#### **CONDICIÓNES ESPECÍFICAS PARA CADA POSTO DE TRABALLO**

##### **1.- XEFE DE BRIGADA**

a) Relación laboral co Concello: Personal laboral temporal

b) Horario e condicións do posto de traballo: tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar serán indicados polo responsable do departamento correspondente segundo as necesidades do servizo, podendo ser o horario a xornada partida ou de tarde e incluír as fins de semana e festivos, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

c) Titulación requerida: Enxeñería de Montes, Enxeñería Técnica Forestal, Técnico/a superior en xestión forestal e do medio rural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio rural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente.

d) Requisitos específicos: carné de conducir tipo B en vigor

## **2.- PEÓN CONDUTOR**

a) Relación laboral co Concello: Personal laboral temporal.

b) Horario e condicións do posto de traballo: tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar serán indicados polo responsable do departamento correspondente segundo as necesidades do servizo, podendo ser o horario a xornada partida ou de tarde e incluír as fins de semana e festivos, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

c) Titulación requerida: Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria, graduado escolar ou certificado de escolaridade.

d) Requisitos específicos: carné de conducir tipo B en vigor

## **3.- PEÓN/OPERARIO BRIGADA**

a) Relación laboral co Concello: Personal laboral temporal

b) Horario e condicións do posto de traballo: tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar serán indicados polo responsable do departamento correspondente segundo as necesidades do servizo, podendo ser o horario a xornada partida ou de tarde e incluír as fins de semana e festivos, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

c) Titulación requerida: Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria, graduado escolar ou certificado de escolaridade.

d) Requisitos específicos: non se esixe ningún.

## ANEXO II

## MODELO DE INSTANCIA

D/a ..... provisto/a de D.N.I. nº .....  
 con enderezo na R/ ..... nº ..... piso .....  
 C.Postal ..... Localidade ..... Municipio .....  
 Provincia ..... Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Cospeito para a contratación de operarios/as para a prevención e extinción de incendios forestais.

- Un xefe de brigada.  
 Un peón conductor.  
 Tres peóns de brigada.

MARCAR A CATEGORÍA PARA A QUE SE SOLICITA

## DECLARO:

1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento de selección, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:</b>	
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.	
1. Que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e <u>as especialmente sinaladas na convocatoria</u> , comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fóra necesario.	
<b>INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS</b>	
<b>Responsable</b>	Concello de Cospeito.
<b>Finalidade do tratamento</b>	Tramitación da solicitude de participación no proceso selectivo, avaliación da documentación presentada, xestión do proceso e realización dos trámites derivados del.
<b>Lexitimación</b>	Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPDP), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPDP).
<b>Comunicación de Datos</b>	Os datos identificativos das persoas excluídas e admitidas serán publicados no Taboleiro de anuncios do Concello
<b>Dereitos</b>	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle correspondan dirixindo a súa solicitude a O Concello de Cospeito a través da sede electrónica do Concello de Cospeito ou nas Oficinas Xerais
<b>Información adicional</b>	Pode consultar máis información <a href="https://concellodecospeito.sedelectronica.es/privacy.1">https://concellodecospeito.sedelectronica.es/privacy.1</a>

En Cospeito, de de 2026

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COSPEITO

**ANEXO III****CONSENTIMENTO CON COÑECEMENTO DE CAUSA.**

DON ....., con D.N.I .....,  
como parte do proceso de selección de, 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN CONDUCTOR E 3 PEÓNS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, entendo que se me pedirá levar a cabo diversas probas para valorar o meu nivel de aptitude biolóxica en caso de resultar seleccionado.

Entendo que teño liberdade para formular calquera pregunta sobre calquera proba. Se por algún motivo non poido realizar algunha proba informarei ó administrador. Existen certos riscos asociados á realización das probas entre eles respostas anormais da tensión arterial ou da frecuencia cardíaca, trastornos nos latidos cardíacos, desmaios e en casos raros, ataques cardíacos, apoplexia ou morte. Posto que o meu estado de saúde pode afectar directamente á miña seguridade durante o exercicio, poñerei ó corrente ó administrador de tódolos meus problemas de saúde. Asimesmo informarei con prontitude sobre calquera molestia ou dor asociados cunha determinada proba ós administradores. A inscrición para participar no proceso de selección é voluntaria e entendo que son libre de retirarme de calquera proba, en calquer momento por razóns de saúde. Igualmente autorizo ó Concello a realizar todas as probas necesarias para verificar o cumprimento das condicións de capacidade funcional necesarias para o desenvolvemento do posto de traballo mediante a realización do pertinente recoñecemento médico incluídas probas de alcoholemia e toxicolóxicas. A información sobre a miña persoa e estado de saúde resultante de dito recoñecemento terá a consideración de datos de carácter persoal incorporándose ó expediente de selección e non será revelada a ningún extrano sen a miña autorización escrita.

Lin e acepto este formulario e dou o meu consentimento escrito para participar neste proceso de selección.

En Cospeito a     de     de 2026

Asdo.

**ANEXO IV**

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a ..... provisto/a de D.N.I. nº .....  
con enderezo na R/ ..... nº ..... piso .....  
C.P ..... Localidade ..... Municipio .....  
Provincia ..... Teléfono.....

DECLARO: Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

Cospeito a ..... de ..... de 2026

Asdo: .....

R. 1608

**FOZ***Anuncio***Aprobación inicial Orzamento Xeral 2026**

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de xuño do 2026, ó Proxecto de Orzamento Xeral; Bases de Execución; a plantilla do persoal funcionario e laboral, e demais documentación que se acompaña, do Concello de Foz para o exercicio económico do 2026.

De acordo co establecido no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na Intervención Xeral do Concello para presentar as reclamacións que consideren oportunas, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Se ao termino do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, anuncio de aprobación definitiva resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o artigo 169.3 do citado Real Decreto Lexislativo.

Foz, 12 de xuño de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1609

**MEIRA***Anuncio***CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Meira na súa sesión ordinaria do día 8 de xuño do 2026 aprobou as bases do proceso selectivo para a contratación de tres (3) condutores do vehículo motobomba da brigada de prevención e defensa dos incendios forestais do Concello de Meira.

De acordo coa Base 6ª faise público dito proceso selectivo mediante anuncio no BOP de Lugo e á publicación íntegra das bases no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Meira.

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso, disporán dun prazo de cinco (5) días naturais para a presentación das instancias.

Meira, 12 de xuño de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1610

**PALAS DE REI***Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA**

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2026-0234, ditada o 24 de abril de 2026, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 1º Trimestre do 2026, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 31 de maio. O pagamento farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciarase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 24 de abril de 2026.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1584

## PANTÓN

### Anuncio

**Acordo do Pleno de data 21 de maio de 2026 da entidade de Pantón polo que se aproba definitivamente o expediente de modificación de créditos núm. 12/2026 do Orzamento en vigor, na modalidade de Suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría.**

Logo de aprobar definitivamente o expediente de modificación de crédito, financiado con cargo ao Remanente líquido de tesouraría, ao non presentarse alegacións, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

#### Suplemento de crédito en Aplicacións de Gastos

SUPLEMENTO DE CRÉDITO			
Aplicación orzamentaria	Crédito actual	IMPORTE	Crédito final
160-619	102.958.90€	140.055,15€	243.014,05€
TOTAL	102.958.90€	140.055,15€	243.014,05€

#### 2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

#### Suplementos en Conceptos de Ingresos

Prog-Econ.	Crédito inicial	Suplemento crédito	Crédito final
870	353.741,37 €	140,055,15 €	213.686,22 €

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Pantón, 12 de xuño de 2026.- O alcalde-presidente, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1611

## TRABADA

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NA MODALIDADE DE CREDITO EXTRAORDINARIO NO BOP DE LUGO.**

O Pleno do Concello de Trabada, en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de maio de 2026, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria na modalidade de crédito extraordinario con cargo a remanente de tesourería para gastos xerais.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á información pública polo prazo de quince días, contados desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Durante dito prazo o expediente poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Trabada, 5 de xuño de 2026.- O alcalde, Rubén García Freije.

R. 1585

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL DE ORDENANZA NO BOP DE LUGO**

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Trabada, en sesión ordinaria celebrada o 28 de maio de 2026 a **“Ordenanza municipal reguladora do estacionamento e pernoita de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas.”** deste Concello, de conformidade co disposto nos apartados 1 e 2 do art. 17 do Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ó público na Secretaría-Intervención Municipal durante o prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar a citada Ordenanza e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

Rematado o período de exposición pública a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda resolvendo as reclamacións que se presentasen, e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza fiscal a que se refire o acordo provisional.

No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional sen necesidade de novo acordo plenario.

Trabada, 5 de xuño de 2026.- O alcalde, Rubén García Freije.

R. 1586

## O VICEDO

### *Anuncio*

Por resolución da Alcaldía de 12 de xuño de 2026 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso - oposición, do persoal laboral temporal que máis abaixo se relaciona:

- 1 xefe/a de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para a brigada municipal, a xornada completa, para a campaña de incendios 2026 (3 meses)
- 1 peón/a - conductor/a de prevención e defensa contra incendios forestais para a brigada municipal, a xornada completa, para a campaña de incendios 2026 (3 meses).
- 3 peóns de prevención e defensa contra incendios forestais para a brigada municipal, a xornada completa, para a campaña de incendios 2026 (3 meses).

O prazo para a presentación de solicitudes é de sete días hábiles, o cal se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán consultar as bases no taboleiro de edictos do Concello do Vicedo e na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>

O Vicedo, 12 de xuño de 2026.- O alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1612

## XOVE

### Anuncio

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional acadado en sesión ordinaria de pleno celebrada o 20 de abril de 2026, sobre aprobación do REGULAMENTO PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE XOVE, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 49 da LRBRL:

### REGULAMENTO PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DO CICLO INTEGRAL DA AUGA DO CONCELLO DE XOVE

#### PREÁMBULO

Como consecuencia da realidade física observada e da proliferación lexislativa, faise imperiosa á vez que urxente, o levar a cabo a vixente redacción do Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga Potable, Saneamento e Depuración do Concello de Xove.

Así no artigo 45 da Constitución española recoñécese o dereito de toda a cidadanía a gozar dun medio ambiente idóneo para o desenvolvemento da persoa: atribúeselles ás administracións públicas, ademais, a función de velar por un emprego máis racional dos recursos naturais, e á cidadanía, o deber de contribuír á súa conservación.

Un destes recursos é, sen dúbida, a auga, un auténtico patrimonio natural que ten asociado ao seu uso profundos valores, tanto sociais como ambientais, que cómpre protexer e conservar. O modelo de xestión dos recursos hídricos debe tomar como base o ciclo natural da auga, considerando a súa preservación en excelente estado como o mellor legado e garantía para as xeracións futuras.

En política ambiental son cada vez máis as normas con orixe supranacional as que determinan o contido dos dereitos e obrigas da cidadanía, así como as competencias e o xeito de exercelas dos poderes públicos. No ámbito da auga, especialmente, o dereito comunitario ten unha relevancia cada vez maior, con esixencias cada vez máis específicas.

Nesta liña, a Directiva da Unión Europea 2000/60/CE, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política da auga, determina a necesidade de velar pola protección dos ecosistemas acuáticos e promover o uso sustentable da auga a longo prazo. Esta Directiva marco da auga, en proceso de aplicación e desenvolvemento, introduce o concepto de bo estado ecolóxico dos sistemas hidrolóxicos como un reto de futuro inmediato. As esixencias da directiva teñen que conducir progresivamente á recuperación da calidade fisicoquímica e biolóxica das augas superficiais e subterráneas.

Case unha década antes, a Directiva 91/271/CEE, do 21 de maio de 1991, sobre tratamento de augas residuais urbanas, abordou o ambicioso reto de protexer o medio ambiente dos efectos negativos das augas residuais, principalmente urbanas, no medio natural, e obrigou os Estados membros a adoptar as medidas necesarias para garantir que estas augas fosen “tratadas” convenientemente antes da súa vertedura. Esta normativa foi trasposta no ámbito estatal español polo Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, sobre normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas, desenvolvido, á súa vez, polo Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, que establece requisitos técnicos para os colectores e instalacións de tratamento e para as verteduras que chegan a eles.

Pola súa parte, o actual texto refundido da Lei de augas, Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, establece entre os seus obxectivos prioritarios “*protexer e mellorar o medio acuático establecendo medidas específicas para reducir progresivamente as verteduras, as emisións e as perdas de substancias prioritarias, así como eliminar ou suprimir de forma gradual as verteduras, as emisións e as perdas de substancias prioritarias*” (art. 92, c), e regula detalladamente as verteduras que se poden realizar sobre o medio acuático, ben para prohibilos ou ben para sometelos a limitacións e controis. En particular, o seu artigo 100 establece a prohibición de realizar verteduras directas ou indirectas de augas e de produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, agás que se conte coa autorización administrativa previa.

En desenvolvemento do citado texto refundido da Lei de augas, o Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento de dominio público hidráulico, concretou algunha das normativas aplicables ás estacións depuradoras e ás súas redes de colectores. Isto puxo de manifesto a necesidade de actualizar e unificar as normativas existentes, non só no que se refire ás limitacións que lles cómpre impor ás verteduras ás redes de saneamento, senón tamén no establecemento dun conxunto de condicións técnicas ás actividades que son susceptibles de realizar verteduras de augas residuais á rede de saneamento de exclusiva titularidade municipal. Así, nas autorizacións de vertedura a dominio público hidráulico que soliciten comunidades autónomas e entidades locais, esíxese a achega de plans de saneamento e control de verteduras a colectores, con específica atención á progresiva redución de verteduras de substancias perigosas e o seu control.

Á súa vez, a Lei 62/2003, do 30 de decembro, no seu artigo 129, incorpora ao dereito español a Directiva 2000/60/CE, cuxo prazo de transposición remataba o 22 de decembro de 2003.

No ámbito da nosa comunidade autónoma, o artigo 31 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, confire a Augas de Galicia no ámbito do abastecemento, a adopción de medidas para garantir o abastecemento dos municipios dentro dos límites e nos termos establecidos pola planificación hidrolóxica e o Plan xeral galego de abastecemento, e as entidades locais a aprobación da correspondente ordenanza municipal, que deberá respectar o previsto na mencionada lei, o resto do ordenamento xurídico de aplicación e, en especial, o regulamento marco. O artigo 32 declara de “interese da Comunidade Autónoma de Galicia” o servizo de depuración de augas residuais e, no seu artigo 27, resérvalle á competencia municipal o tratamento das augas residuais e a prestación do servizo de rede de saneamento, incluíndo o control dos verteduras a esas redes no marco da normativa de aplicación. O desenvolvemento regulamentario desta norma ten lugar polo Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, que complementa así a normativa estatal básica en materia de depuración de augas residuais urbanas.

Así, no marco das atribucións ás entidades locais sinaladas, e baseándose nas competencias recoñecidas aos municipios en materia de abastecemento, rede de saneamento e tratamento de augas residuais na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, elabórase este Regulamento do Servizo de Abastecemento de Auga Potable, Saneamento e Depuración de Augas Residuais do Concello de Xove.

Este Regulamento consta de 145 artigos, unha disposición transitoria, unha derogatoria, dúas adicionais, unha última e cinco anexos. En xeral, o Regulamento especifica e dálle cumprimento ao regulamento marco autonómico, remítese a este en todo aquilo que se entendeu que non necesitaba dunha especial regulación, e regula especialmente aquilo que se entendeu que responde ás peculiaridades propias.

## **TÍTULO I. NORMAS DE APLICACIÓN XERAL**

### **CAPÍTULO I. OBXECTO, NORMAS XERAIS E CARÁCTER E OBRIGA DO SERVIZO**

Artigo 1 OBXECTO DO REGULAMENTO

Artigo 2 NORMAS XERAIS

Artigo 3 CARÁCTER E OBRIGA DA SUBMINISTRACIÓN

Artigo 4 PARTES

Artigo 5 OBRAS DE AMPLIACIÓN E RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E/OU SANEAMENTO

### **CAPÍTULO II. OBRIGAS E DEREITOS DA SUBMINISTRADORA DO SERVIZO E DOS/AS ABONADOS/AS**

Artigo 6 OBRIGAS DA SUBMINISTRADORA DO SERVIZO

Artigo 7 DEREITOS DA SUBMINISTRADORA DO SERVIZO

Artigo 8 OBRIGAS DO/A ABONADO/A

Artigo 9 DEREITOS E DEBERES DO/A ABONADO/A

### **CAPÍTULO III. CONTRATOS DE SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

Artigo 10 CONCESIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN

Artigo 11 SOLICITUDE DO SERVIZO

Artigo 12 CONDICIÓNS DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO

Artigo 13 TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E/OU DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

Artigo 14 CAUSAS DE DENEGACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE E/OU DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

Artigo 15 COTAS DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ABASTECIMENTO DE AUGA E/OU SANEAMENTO E DEPURACIÓN

Artigo 16 ALTA DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E/OU DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

Artigo 17 TITULARIDADE DA ALTA DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E/OU DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN COLECTORES E O SEU CAMBIO

Artigo 18 SUBROGACIÓN DA ALTA DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E/OU DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

Artigo 19 DURACIÓN DA ALTA DE SUBMINISTRO DE AUGA E/OU DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

Artigo 20 CAUSAS DE SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AGUA

Artigo 21 PROCEDEMENTO DE SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE

## **TÍTULO II. SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE**

### **CAPÍTULO I. CONDICIÓNS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE**

Artigo 22 CARÁCTER DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

Artigo 23 OBRIGAS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE

Artigo 24 CONTINUIDADE DO SERVIZO DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE.

Artigo 25 SUSPENSIÓNS TEMPORAIS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE..

Artigo 26 RESERVAS DE AUGA POTABLE

Artigo 27 RESTRICIÓNS NA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE

Artigo 28 SUBMINISTRACIÓNS PARA SERVIZOS CONTRA INCENDIOS

### **CAPÍTULO II. INSTALACIÓNS DO ABASTECIMENTO DE AUGA**

Artigo 29 REDE DE DISTRIBUCIÓN

Artigo 30 ARTERIA

Artigo 31 CONDUCIÓNS VIARIAS

Artigo 32 ACOMETIDA

Artigo 33 INSTALACIÓNS INTERIORES DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

### **CAPÍTULO III. ACOMETIDAS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

Artigo 34 CONCESIÓN DAS ACOMETIDAS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE

Artigo 35 CARACTERÍSTICAS DAS ACOMETIDAS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE

Artigo 36 TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES DE ACOMETIDA DE AUGA POTABLE

Artigo 37 EXECUCIÓN E CONSERVACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE

Artigo 38 DEREITO DE ACOMETIDA DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE

Artigo 39 TERREOS EN RÉXIME COMUNITARIO

Artigo 40 CONSTRUCCIÓN DE NOVOS EDIFICIOS

Artigo 41 SUBMINISTRACIÓN PROVISIONAL DE AUGA PARA OBRAS

Artigo 42 URBANIZACIÓNS E POLÍGONOS

### **CAPÍTULO IV. INSTALACIÓNS INTERIORES DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

Artigo 43 CONDICIÓNS XERAIS

Artigo 44 FACULTADE DE INSPECCIÓN

Artigo 45 INSTALACIÓNS INTERIORES INSEGURAS

Artigo 46 MODIFICACIÓN DAS INSTALACIÓNS INTERIORES

Artigo 47 OBRIGATORIEDADE DE USO DE CONTADOR OU EQUIPO DE MEDIDA

Artigo 48 SITUACIÓN DOS CONTADORES

Artigo 49 PROPIEDAD DO CONTADOR

Artigo 50 VERIFICACIÓN E PRECINTADO

Artigo 51 SOLICITUDE DE VERIFICACIÓN

Artigo 52 COLOCACIÓN E RETIRADA DE CONTADORES

Artigo 53 CAMBIO DE LOCALIZACIÓN

Artigo 54 MANIPULACIÓN DO CONTADOR

Artigo 55 SUBSTITUCIÓN DE CONTADORES

Artigo 56 NOTIFICACIÓN AO/Á ABONADO/A

Artigo 57 LECTURA DE CONTADORES

**TÍTULO III. SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE****CAPÍTULO I. CONDICIÓNS DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

Artigo 58 USUARIOS E USUARIAS SUXEITOS

Artigo 59 INFRAESTRUTURAS E INSTALACIÓNS DO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO

Artigo 60 SERVIZOS QUE SE VAN DESENVOLVER

Artigo 61 OBRIGAS ESPECIFICAS DAS PERSOAS ABONADAS AO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

Artigo 62 CENSO DE POZOS NEGROS E INSTALACIÓNS DE SIMILAR NATUREZA, E OBRIGAS ADICIONAIS PARA OS SEUS USUARIOS E USUARIAS

Artigo 63 CENSO DE FOSAS SÉPTICAS E OBRIGAS ADICIONAIS PARA OS SEUS USUARIOS E USUARIAS

Artigo 64 DEFINICIÓNS

Artigo 65 ELEMENTOS MATERIAIS DO SERVIZO

Artigo 66 ACOMETIDAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

Artigo 67 SOLICITUDE DE ACOMETIDA

Artigo 68 TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES

Artigo 69 APROBACIÓN E DENEGACIÓN DE ACOMETIDAS

Artigo 70 DETERMINACIÓN E EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS

Artigo 71 MODIFICACIÓN DE ACOMETIDAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN POR VARIACIÓN DAS CONDICIÓNS INICIAIS DE SOLICITUDE

Artigo 72 OBRIGATORIEDADE DO SANEAMENTO

Artigo 73 INSTALACIÓN INTERIOR E BOMBEOS PARTICULARES DE AUGAS RESIDUAIS

Artigo 74 POSTA EN SERVIZO DA ACOMETIDA

Artigo 75 ACOMETIDAS DE PLUVIAIS

Artigo 76 CONSERVACIÓN DE ACOMETIDAS

Artigo 77 AMPLIACIÓN DE ACOMETIDAS

Artigo 78 ACOMETIDA EN DESUSO

Artigo 79 PEQUENAS AMPLIACIÓNS E MELLORAS NA REDE

Artigo 80 COLECTORES EN PROPIEDADES PARTICULARES

Artigo 81 URBANIZACIÓNS E POLÍGONOS

Artigo 82 CONDICIÓNS DA REDE DE SANEAMENTO

Artigo 83 EXECUCIÓN DE INSTALACIÓNS INTERIORES

Artigo 84 INSPECCIÓN DA INSTALACIÓN INTERIOR

Artigo 85 MATERIAIS DA INSTALACIÓN INTERIOR

Artigo 86 PROHIBICIÓNS DE MESTURAR VERTEDURAS DE DIFERENTES PROCEDENCIAS

Artigo 87 MEDICIÓN DE CAUDAIS

Artigo 88 GARANTÍA DE ALTURA E CAUDAL

Artigo 89 CARÁCTER DA VERTEDURA

Artigo 90 PROHIBICIÓNS E LIMITACIÓNS

**CAPÍTULO II. PERMISO DE VERTEDURA**

Artigo 91 CONDICIÓNS PARA A UTILIZACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO

Artigo 92 PERMISO DE VERTEDURA

Artigo 93 SOLICITUDE DO PERMISO DE VERTEDURA

Artigo 94 PROCEDIMENTO PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO DE VERTEDURA

Artigo 95 CONTIDO DO PERMISO DE VERTEDURA

Artigo 96 REVISIÓN DO PERMISO DE VERTEDURA

Artigo 97 REVOGACIÓN DO PERMISO DE VERTEDURA

Artigo 98 TRATAMENTO PREVIO Á CONEXIÓN

Artigo 99 DISPENSA DO PERMISO DE VERTEDURA

Artigo 100 SITUACIÓNS DE EMERXENCIA

Artigo 101 CENSO DE VERTEDURAS Á REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO

Artigo 102 VERTEDURAS NON CANALIZADAS

Artigo 103 INSPECCIÓN, VIXILANCIA E CONTROL

Artigo 104 AUTOCONTROL DAS VERTEDURAS

Artigo 105 INSTALACIÓNS DE PRETRATAMENTO

Artigo 106 CONTINUIDADE DO SERVIZO

Artigo 107 SUSPENSIÓNS TEMPORAIS

**TÍTULO IV. CONSUMOS, FACTURACIÓNS; RÉXIME TARIFARIO E FRAUDES E LIQUIDACIÓN DA FRAUDE**

**CAPÍTULO I. CONSUMOS, FACTURACIÓNS E RÉXIME TARIFARIO**

Artigo 108 DETERMINACIÓN DOS CONSUMOS FACTURABLES

Artigo 109 TARIFAS

Artigo 110 CONSUMOS PÚBLICOS

**CAPÍTULO II. FRAUDES E LIQUIDACIÓN DA FRAUDE**

Artigo 111 FRAUDES NA SUBMINISTRACIÓN DE ABASTECIMENTO DE AGUA

Artigo 112 ACTUACIÓN POR FRAUDE NO ABASTECIMENTO DE AUGA

Artigo 113 LIQUIDACIÓN DA FRAUDE

Artigo 114 FRAUDES NO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

**TÍTULO V. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS. COMPETENCIA E RECURSOS.**

**CAPÍTULO I. INFRACCIÓNS, SANCIÓNS E MEDIDAS CORRECTORAS**

Artigo 115 RESPONSABILIDADE E INFRACCIÓNS

Artigo 116. INFRACCIÓNS.

Artigo 117 SANCIÓNS

Artigo 118 CRITERIOS PARA A GRADACIÓN DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 119 POTESTADE SANCIONADORA: ÓRGANOS COMPETENTES, PROCEDEMENTO, MEDIDAS CAUTELARES E PUBLICIDADE

Artigo 120 REPARACIÓN DO DANO CAUSADO, OBRIGA DE RESTAURACIÓN, MULTAS COERCITIVAS E EXECUCIÓN SUBSIDIARIA

**CAPÍTULO II. COMPETENCIA E RECURSOS**

Artigo 121 COMPETENCIA DO SERVIZO MUNICIPAL

**TÍTULO VI. DO REGULAMENTO**

Artigo 122 OBRIGATORIEDADE DO SEU CUMPRIMENTO

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN ADICIONAL

DISPOSICIÓN ÚLTIMA

ANEXO I SOBRE A CONTAMINACIÓN DAS VERTEDURAS

ANEXO II VALORES LÍMITE DE VERTEDURA OU DE EMISIÓN

ANEXO III SOLICITUDE DO PERMISO DE VERTEDURA Á REDE PÚBLICA MUNICIPAL DE SANEAMENTO

ANEXO IV CLASIFICACIÓN DOS SECTORES INDUSTRIAIS

ANEXO V CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DA ACOMETIDA DE SANEAMENTO

## TÍTULO I. NORMAS DE APLICACIÓN XERAL

### CAPÍTULO I. OBXECTO, NORMAS XERAIS E CARÁCTER E OBRIGA DO SERVIZO

#### Artigo 1 OBXECTO DO REGULAMENTO

1. O abastecemento de auga potable, saneamento (de fecais e pluviais) e depuración do Concello de Xove son servizos públicos de competencia municipal, de conformidade co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

2. O servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración do Concello de Xove seguirá ostentando, en todo momento, a condición de servizo público municipal do Concello de Xove, sen prexuízo da forma de xestión que aprobe o Concello.

3. O Concello de Xove procede á prestación do Servizo Municipal de Abastecemento de auga potable, saneamento e depuración, de acordo co definido e preceptuado pola Lei de réxime local e texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, na forma de xestión que determine o Pleno do Concello.

O Concello de Xove poderá prestar os servizos de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración mediante calquera das formas previstas en dereito. Poderá estruturalos e dará publicidade á súa organización sexa cal sexa a forma de prestación elixida, directa ou indirecta, de acordo coa lexislación aplicable de réxime local. Así mesmo, dará credenciais ás persoas adscritas a eles para coñecemento e garantía de todos os usuarios e usuarias.

4. O presente regulamento ten por obxecto regular as relacións entre a subministradora do Servizo de Abastecemento de Auga Potable, Saneamento e Depuración e os seus abonados e abonadas; e sinalar os dereitos e obrigas básicas para cada unha das partes. Co fin de simplificar, no presente regulamento denomínase “abonado/a” a calquera persoa física ou xurídica que teña a alta do servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e/ou depuración, que en todo caso ten que ser a propietaria do terreo, local ou industria, sen prexuízo da súa facultade de repercusión contra a persoa usuaria ou beneficiaria do servizo.

5. Para os efectos deste regulamento considerase “subministradora do servizo” de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración aquelas persoas, naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, que efectivamente presten os servizos de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración no Concello de Xove, consonte ao establecido na vixente regulamentación do réxime local.

#### Artigo 2 NORMAS XERAIS

1. O Concello de Xove é titular e prestará o servizo municipal de abastecemento e saneamento de acordo co definido e estipulado no Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, ou normas que as substitúan, e na forma de xestión que determine o Pleno municipal.

2. O servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración do municipio axustarase a canto establece o presente regulamento, ao estipulado no Real decreto 314/2006 de 17 de marzo, polo que se aproba o Código técnico das edificacións e os documentos básicos que o integran ou norma que a substitúa.

3. En canto á normativa estatal axustarase ao establecido no Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, na Directiva marco da Comisión Europea da Auga 2000/60/CE, no Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, polo que se desenvolve o Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento de augas residuais urbanas, no Real decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios para a calidade da auga potable, o seu control e subministración, no Real decreto 487/2022, do 21 de xuño, polo que se establecen os requisitos sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

4. En canto á normativa autonómica axustarase ao establecido na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, ao Decreto 141/2012, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia e ao Lei 1/2022, de 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

#### Artigo 3 CARÁCTER E OBRIGA DA SUBMINISTRACIÓN

1. A subministradora do servizo, dentro do ámbito territorial no que desenvolve os seus servizos, definido como a área de cobertura que domina coas instalacións existentes en cada momento de abastecemento de auga e rede de saneamento, está obrigada a distribuír e situar nos puntos de toma das abonadas a auga potable así como a conexión á rede de saneamento e depuración, consonte ás condicións que fixa este regulamento e demais disposicións que sexan de aplicación.

2. Para os efectos do disposto na vixente lexislación, establécese como requisito esencial de toda urbanización a instalación ou conexión á rede xeral do servizo de auga potable e á rede de saneamento e depuración. En consecuencia, non se concederán licenzas para edificar en solo urbano se nos correspondentes proxectos de obra que se sometan á Administración municipal non consta a instalación ou conexión coa rede xeral de subministración de auga e rede de saneamento e depuración, coas garantías necesarias.

**Artigo 4 PARTES**

1. Abonada: Para os efectos do presente regulamento, entenderase por abonada a persoa física ou xurídica propietaria do terreo, local, vivenda ou industria, ou a súa persoa representante, que teña a alta do servizo de abastecemento e/ou de saneamento e depuración.
2. Titular do servizo: O presente regulamento referirase ao titular do servizo, neste caso ao Concello de Xove como titular do mesmo, con independencia da súa xestión directa ou indirecta.
3. Xestora do servizo: Persoa natural ou xurídica, pública ou privada, encargada da xestión do servizo.
4. Subministradora do servizo: No presente regulamento falarase con carácter xeral de “subministradora do servizo” naqueles casos nos que a competencia sexa igualmente atribuíble tanto ao titular do servizo (xestión directa) como á xestora do servizo (xestión indirecta). A diferenza radica unicamente no modo de xestión -directa ou indirecta, tal e como se describe na lei- que se estableza nun momento determinado.

**Artigo 5 OBRAS DE AMPLIACIÓN E RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E/OU SANEAMENTO**

1. A execución das obras de ampliación, renovación ou calquera operación que se realice sobre as redes de abastecemento ou saneamento, desenvolverase conforme aos requisitos consignados na normativa vixente en cada momento.
2. As omisións existentes en dita normativa técnica ou nos detalles que a acompañan, ou as descrições erróneas dos detalles que sexan manifestamente indispensables para levar a cabo o espírito ou intención exposta nela, o que, por uso e costume deben ser realizadas, non só non eximen da execución de ditos detalles de obra omitidos ou erroneamente descritos, senón que, polo contrario, estes deberán ser executados como se fosen completa e correctamente especificados.

**CAPÍTULO II. OBRIGAS E DEREITOS DA SUBMINISTRADORA DO SERVIZO E DOS/AS ABONADOS/AS****Artigo 6 OBRIGAS DA SUBMINISTRADORA DO SERVIZO**

1. Obriga da subministradora do servizo.- Dentro do territorio municipal e no ámbito no que estea instalada a rede de distribución de auga, saneamento e depuración, a subministradora do servizo, cos recursos ao seu alcance, está obrigada a conceder a subministración de auga potable e a prestar os servizos de saneamento e depuración a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para o seu uso en edificios, locais e recintos, sempre que estes reúnan as condicións esixidas neste regulamento e nas demais disposicións que sexan de aplicación.

2. Calidade da auga e condicións sanitarias.- A subministradora do servizo está obrigada a subministrar auga potable aos/ás abonados/as e a garantir a súa potabilidade, consonte ás disposicións vixentes, ata a chave de rexistro existente con carácter xeral no límite da propiedade pública, xunto ao muro-fachada que se considere como inicio da instalación interior da persoa abonada.

Tamén está obrigada a manter as condicións sanitarias e as instalacións de acordo coa normativa vixente aplicable e a vixiar as verteduras non permitidas.

3. Conservación das instalacións.- Atínxelle á subministradora do servizo a conservación, mantemento e explotación das redes e instalacións de auga potable e da rede de saneamento e depuración adscritas á prestación do servizo, así como as acometidas de auga potable ata a chave de rexistro que contempla o apartado c) do artigo 32.2 e as acometidas de rede de saneamento ata a arqueta da acometida.

4. Regularidade na prestación dos servizos. A subministradora do servizo estará obrigada a manter a continuidade e regularidade na subministración de auga, e nos servizos de saneamento e depuración. Garantirá as condicións de caudal e presión, salvo nos casos de avarías accidentais ou causas de forza maior. En calquera caso, non lle serán imputables as interrupcións destes servizos nos supostos de forza maior e nos indicados neste regulamento.

A non dispoñibilidade de caudais de auga nas captacións por motivos non imputables á subministradora do servizo considerarase de forza maior. Non se considerarán de forza maior as interrupcións que resulten da inadecuación das instalacións ao fin para o que deben servir ou as derivadas do funcionamento da subministradora do servizo.

Así mesmo, deberá manter de forma permanente a dispoñibilidade e regularidade do servizo de saneamento e depuración mediante a vixilancia, conservación e reparación de todas as instalacións afectas ao servizo.

5. Reclamacións.- Contestar as reclamacións das persoas abonadas que formulen por escrito.

6. Avarías. A subministradora do servizo disporá dun servizo permanente de recepción de avisos de avarías, informacións urxentes e aquelas anomalías que poidan producirse relacionadas coa prestación deste e deberá darlle resposta á persoa abonada coa maior brevidade posible. Informará ademais aos abonados e abonadas, sempre que sexa posible e polos medios adecuados de difusión, das interrupcións ou alteracións que se produzan na subministración como resultado das súas actuacións ou das de terceiros.

7. Tarifas.- O titular do servizo ou no seu caso, a subministradora do servizo estará obrigada a aplicar, aos distintos tipos de subministracións que teña establecidos, os prezos e cadros de tarifas que, en cada momento, estean aprobadas polo órgano competente do Concello de Xove as cales terán a condición, taxas ou prestacións patrimoniais de carácter público non tributario en función da forma de xestión do servizo..

8. Cobramento. O titular do servizo ou no seu caso, a subministradora do servizo procederá cobramento tomando como base a tarifa legalmente autorizada polo Concello de Xove.

9. Información sobre instalacións hidráulicas.-

Informar e, se é o caso, propoñer as correccións oportunas aos plans parciais e especiais, programas de actuación urbanística e proxectos de urbanización, respecto da rede de distribución de auga, de saneamento e depuración na área, sector, polígono ou unidade de execución correspondente. A subministradora do servizo deberá informar, antes de que o Concello de Xove reciba calquera urbanización, o que se refira ás obras de abastecemento de auga e saneamento e depuración, cando estas non fosen executadas pola subministradora do servizo.

Informar das redes existentes nas proximidades das novas edificacións, rehabilitacións ou reconstrucións solicitadas nos terreos edificables dos núcleos rurais e propor xustificadamente os puntos de conexión coas redes existentes e, se é o caso, as canalizacións de extensión requiridas que posibiliten o enlace cos servizos.

10. Obras executadas polo Estado ou outras administracións.- Atínxelle á subministradora do servizo a conservación, mantemento e explotación das obras e instalacións destinadas ao abastecemento de auga, saneamento (de fecais e pluviais) e depuración que execute o Estado, a Comunidade Autónoma de Galicia, o Concello de Xove ou outras administracións, unha vez que se produza a súa entrega ao Concello de Xove e a súa afectación ou adscrición ao servizo.

11. Responsabilidade civil. A subministradora do servizo na súa condición de xestora das infraestruturas municipais, deberá cubrir a súa eventual responsabilidade civil por danos causados a terceiros subscribindo póliza de seguros adecuada.

12. Campañas e programas de concienciación. A subministradora do servizo realizará campañas de información e sensibilización da poboación en xeral e das persoas usuarias como mínimo unha vez ao ano:

a) de uso racional do consumo de auga dirixido tanto aos abonados e abonadas domésticos como ao resto.

b) relacionadas con verteduras diferentes das domésticas en particular, coa finalidade de reducir a vertedura á rede de saneamento de substancias e produtos tóxicos do fogar, talleres e outras instalacións.

#### **Artigo 7 DEREITOS DA SUBMINISTRADORA DO SERVIZO**

Sen prexuízo daqueles outros dereitos que en relación con situacións específicas poidan derivarse para a subministradora do servizo, e dos que lle outorguen as disposicións legais e regulamentarias en materia de xestión do servizo público, a subministradora do servizo terá, con carácter xeral, os seguintes dereitos:

a) Inspección de instalacións interiores. Á subministradora do servizo, sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente lle confira aos distintos órganos da Administración, asístelle o dereito a inspeccionar, revisar, informar e intervir, coas limitacións que se establecen neste regulamento, as instalacións interiores da subministración, saneamento e depuración da auga que, por calquera causa, poidan interferir no funcionamento do servizo.

b) Cobramentos por liquidación. Á subministradora do servizo asístelle o dereito a percibir nos lugares destinados para o efecto, o importe das liquidacións, recibos ou liquidacións que, regulamentariamente, lle corresponda pagar á persoa abonada polas prestacións que realizase a subministradora do servizo ou, se é o caso, fosen utilizadas.

#### **Artigo 8 OBRIGAS DO/A ABONADO/A**

Con independencia daquelas situacións que sexan obxecto dunha regulamentación especial neste regulamento e das que poidan derivarse obrigas específicas, as persoas abonadas, terán, con carácter xeral, as seguintes obrigas:

a) Pagamento de recibos e liquidacións. En reciprocidade ás prestacións que recibe, todas as persoas abonadas estarán obrigadas ao pagamento puntual dos recibos ou liquidacións que se lles formulen consonte aos prezos e tarifas que estean aprobados, tanto as que se deriven da prestación dos servizos de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración como de servizos complementarios aos que fai referencia este regulamento.

A obrigatoriedade do pagamento íntegro dos consumos de auga considerarase extensiva aos casos en que estes se orixinaran por fuga, avaría, ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, ou por calquera outra causa non imputable á subministradora do servizo. Os abonados e abonadas deberánlle comunicar á subministradora do servizo calquera modificación na domiciliación do recibo.

b) Conservación de instalacións. Toda persoa abonada deberá utilizar de forma correcta as instalacións ao seu servizo, adoptando as medidas necesarias para conservar estas na forma máis axeitada, mantendo, ademais, intactos os precintos que garanten a inviolabilidade do contador e das instalacións de acometida, se é o caso, como bens de servizo público, así como garantindo as condicións idóneas para a toma de lecturas de consumo.

Os abonados e abonadas están obrigados a manter o contador e a chave de paso en bo estado de conservación, de maneira que poidan ser desmontados con facilidade. Se, para a súa substitución, houberse que realizar reformas na súa instalación, estas serán por conta da persoa abonada.

c) Facilidades para as instalacións e inspeccións. Toda persoa solicitante dunha subministración está obrigada a facilitarlle á subministradora do servizo a colocación dos elementos precisos na propiedade obxecto da subministración, así como a permitir a entrada ao persoal autorizado polo dito servizo, que así o acredite, a fin de

que poida efectuar cantas comprobacións estean relacionadas con el. Igualmente, a persoa solicitante dunha subministración está obrigada a cederlle á subministradora do servizo o uso dos locais, recintos ou arquetas necesarios para a instalación dos equipos de medida e elementos auxiliares adecuados en cada caso.

d) Derivacións a terceiros. As persoas abonadas non poderán, baixo ningún concepto, cederlles auga a terceiros, nin de xeito gratuito nin mediante pagamento, xa sexa con carácter permanente ou temporal, e serán responsables de toda fraude que se produza na súa subministración, ben por si ou ben por calquera outra persoa que dela dependa.

e) Avisos de avaría. Os abonados e abonadas deberán, en interese xeral e no seu propio, poñer en coñecemento da subministradora do servizo calquera avaría ou perturbación producida ou que, ao seu xuízo, se puidese producir na rede xeral de distribución ou nas acometidas.

f) Usos e alcance das subministracións.- Os abonados e abonadas estarán obrigados a utilizar a auga subministrada segundo a forma e os usos declarados. Así mesmo, están obrigados a solicitarlle á subministradora do servizo a autorización pertinente para calquera modificación nas súas instalacións que implique un aumento nos caudais establecidos de subministración, ou unha modificación no número das persoas receptoras. Queda prohibido:

1.- Inserir nas tubaxes de abastecemento, sen previa autorización da subministradora do servizo, bombas ou calquera outro aparello que modifique ou poida afectar ás condicións da rede de distribución na súa contorna e, consecuentemente, interfira co servizo prestado a outras persoas abonadas.

2.- Modificar os accesos aos contadores e aparellos de medida, sen comunicación.

3.- Manipular as instalacións interiores xerais, nin instalar elementos nelas.

4.- Realizar consumos de auga que non sexan controlados polo equipo de medida ou introducir calquera alteración nas instalacións que permita estes consumos.

5.- Ocasionar voluntariamente ou por conduta negligente fugas de auga.

6.- Romper ou alterar os precintos de medida.

7.- As conexións ao servizo de saneamento sen a preceptiva autorización.

g) Notificación de cambio de titularidade. O abonado que use o subministro e este non estea ao nome do propietario do inmovible, vén obrigado a notificalo á entidade subministradora na forma indicada no artigo 17 do presente regulamento.

h) Notificación de baixa. A persoa abonada que desexe causar baixa na subministración de auga estará obrigada a comunicarlle por escrito á subministradora do servizo a dita baixa cunha antelación mínima de 15 días hábiles, indicando, en todo caso, a data en que debe cesar a dita subministración. O cese na subministración non afectará á súa obriga de contribuír ao mantemento do servizo de acordo coa tarifas previstas na normativa reguladora da taxa o prestación patrimonial de carácter público non tributario aprobadas polo concello de Xove, non procedendo a dita baixa no caso de ter pendentes de pagamento calquera liquidación pola prestación do/s servizo/s.

i) Independencia de instalacións. Cando nun mesmo terreo, xunto á auga de distribución pública existise auga doutra procedencia, o abonado ou abonada terá a obriga de establecer redes e instalacións interiores por onde circule ou se almacene independentemente a auga, sen que exista posibilidade de que se mesture a auga dunha e doutra procedencia.

A subministradora do servizo non se responsabilizará da calidade da auga nas instalacións que non cumpran estas condicións, e advírteselle á persoa abonada da responsabilidade na que pode incorrer, de producirse, por retroceso, a alteración das condicións de potabilidade da auga da rede pública.

j) Inspección de instalacións.- Permitir a entrada no local nas horas hábiles ou de normal relación co exterior ao persoal do servizo que, exhibindo a acreditación pertinente, trate de instalar os elementos precisos e/ou inspeccionar as instalacións.

### **Artigo 9 DEREITOS E DEBERES DO/A ABONADO/A**

1. Sen prexuízo daqueles outros que poidan derivarse de situacións específicas, a persoa abonada terá, con carácter xeral, os seguintes dereitos:

a) Potabilidade da auga e funcionamento ambiental do saneamento. A persoa abonada terá dereito a recibir nas súas instalacións auga que reúna os requisitos de potabilidade establecidos nas disposicións vixentes e a esixirlle ao Concello e á subministradora do servizo o correcto funcionamento ambiental dos sistemas de depuración.

b) Servizo permanente. A persoa abonada terá dereito a dispoñer permanentemente dos servizos consonte ás condicións que se sinalan na alta de servizos, sen outras limitacións que as establecidas no presente regulamento e nas demais disposicións aplicables. A persoa abonada terá dereito a dispor de condicións técnicas axeitadas para a normal evacuación das augas residuais de acordo coas instalacións existentes.

c) Periodicidade de lectura. A persoa abonada terá dereito a que a subministradora do servizo tome lectura ao equipo de medida que controle a subministración, coa frecuencia que se estableza na ordenanza vixente.

- d) Periodicidade de liquidación. A persoa abonada terá dereito a que se lle liquiden os servizos que reciba, coa periodicidade fixada na ordenanza reguladora da taxa ou da prestación patrimonial de carácter público non tributario.
- e) Execución de instalacións interiores. O abonado ou abonada poderá elixir libremente o instalador ou instaladora autorizado/a que execute as instalacións interiores, así como o provedor ou provedora do material, sempre que se axusten ás prescricións técnicas regulamentariamente esixibles.
- f) Reclamacións. A persoa abonada terá dereito a formular reclamacións contra a actuación da titular do servizo, da xestora do servizo ou do seu persoal, mediante os procedementos contemplados neste regulamento.
- g) Información. A persoa abonada terá dereito a consultar todas as cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo en relación coa súa subministración, así como a recibir contestación por escrito das consultas formuladas por este procedemento.

2. Os abonados e abonadas terán, con carácter xeral, os seguintes deberes:

- Utilizar a auga con criterios de racionalidade e sustentabilidade.
- Contribuír a evitar deterioración da calidade das masas de auga e dos seus sistemas asociados.
- Reparar as avarías nas instalacións das que sexan responsables.
- Contribuír á recuperación dos custos de xestión da auga, incluídos os ambientais mediante o pagamento das tarifas establecidas e dos canons que se poidan establecer.
- Satisfacer puntualmente o importe dos servizos de abastecemento de auga, saneamento e depuración na contía, forma e prazos que determinen as correspondentes ordenanzas fiscais municipais.
- Aboar as cantidades que resulten da liquidación que por erro, fraude ou avaría se lles poidan imputar.
- Verter as augas residuais conforme ao previsto neste regulamento e, se é o caso, conforme ao previsto nos correspondentes permisos de vertedura.
- Conectarse á rede municipal de saneamento cando o terreo ou predio se atope a menos de 50 metros do punto de vertedura, previa solicitude de licenza de acometida e previo aboamento da tarifa que determine a correspondente ordenanza fiscal.
- Informar á entidade xestora acerca de fugas, avarías, perdas ou calquera outro incidente que, por interese propio ou xeral, afecte ou poida afectar ás instalacións do servizo municipal de saneamento. Entre estes incidentes inclúense as manipulacións de instalacións que poidan causar contaminación ou perigo para persoas ou bens públicos ou privados.
- Comunicarlle á entidade xestora de xeito inmediato calquera modificación nos procesos que inflúa na calidade do efluente que se verte, así como comunicar calquera circunstancia futura que implique unha variación das características cualitativas ou cuantitativas da vertedura para proceder, se é o caso, á revisión do correspondente permiso de vertedura.
- Facilitar o acceso, aos inspectores/as locais e administradores/as, ás instalacións relacionadas co servizo de abastecemento de auga e de saneamento, nos termos establecidos no regulamento ou na ordenanza.
- Respetar o precinto de calquera local, instalación ou mecanismo desta que afecte ou forme parte do sistema público de saneamento.
- Cumprir as condicións e deberes que figuren no permiso de vertedura.
- Comunicarlle á entidade xestora calquera modificación de domicilio ou titularidade da vivenda ou establecemento, modificación na instalación interior (en especial os puntos novos de vertedura que resulten significativos polo seu volume) ou calquera outra que implique un cambio significativo no desenvolvemento xeral do servizo que presta a entidade xestora.
- Comunicarlle ao Concello calquera alteración no volume do caudal de vertedura que implique un aumento de máis do 10%, para que se poida estudar a incidencia dese aumento no sistema de saneamento.
- Prever as instalacións de bombeo e elevación naqueles casos en que sexa necesario
- Cumprir todas as obrigas dispostas neste regulamento e nas ordenanzas municipais que regulen o servizo.

### **CAPÍTULO III. ALTA DE SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

#### **Artigo 10 CONCESIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

1. A concesión de acometida para subministración de auga potable, saneamento e depuración, correspóndelle ao Concello de Xove. En todos aqueles casos nos que concorran as condicións e circunstancias que se establezan neste regulamento, estará obrigado a outorgala consonte as normas previstas no propio regulamento.

2. Non se levará a cabo ningunha subministración de auga e/ou vertedura de augas residuais á rede de colectores sen que a persoa abonada subscriba coa subministradora do servizo a correspondente alta do servizo. Unha vez

aceptada a súa solicitude, a alta non se fará efectivo ata que o/a abonado/a pague os traballos de conexión e os dereitos establecidos na normativa local vixente.

### **Artigo 11 SOLICITUDE DO SERVIZO**

1. Solicitude do servizo. Previa á alta da subministración de auga potable e/ou da alta do servizo de saneamento e depuración, a persoa solicitante deberá presentar unha solicitude ante a subministradora do servizo. Solicitarase o servizo de forma independente para cada terreo; predio ou inmovible.

2. Na **solicitude de subministración de auga potable** farase constar expresamente o seguinte:

1. nome da persoa solicitante ou razón social e domicilio propio;
2. domicilio da subministración, sexa terreo, vivenda, local ou industria;
3. carácter da subministración;
4. uso e destino que pretende dárselle á auga solicitada;
5. domiciliación de notificacións e demais circunstancias que sexan necesarias para a correcta definición das características e condicións da subministración, así como para a aplicación das tarifas correspondentes á prestación do servizo.

3. Na **solicitude de conexión do servizo de saneamento e depuración** farase constar expresamente o seguinte:

- nome da persoa solicitante ou razón social e domicilio propio;
- domicilio da conexión ao servizo de saneamento e depuración, sexa terreo, vivenda, local ou industria;
- domiciliación de notificacións e demais circunstancias que sexan necesarias para a correcta definición das características e condicións da vertedura das augas residuais á rede de colectores, así como para a aplicación das tarifas correspondentes á prestación do servizo.

4. Calquera cambio no domicilio citado para os efectos de comunicacións debe notificárselle por escrito á subministradora do servizo. De non facelo así, será eficaz a todos os efectos calquera notificación que a subministradora do servizo realice ao domicilio declarado pola persoa asinante na solicitude.

5. Todas as circunstancias que se fagan constar na solicitude do servizo, serán responsabilidade exclusiva da persoa solicitante e servirán de base para regulamentar as condicións dos anteditos servizos.

6. Na solicitude de subministración de auga potable e/ou de servizo de saneamento e depuración, a persoa solicitante deberá achegar a seguinte documentación:

#### **1. Persoas físicas:**

1. Fotocopia do DNI ou NIE da persoa titular.
2. Fotocopia da escritura de propiedade do terreo, vivenda, local ou industria para a que se solicita a subministración.
3. Os permisos e/ou licenzas municipais establecidos en cada momento: licenza de apertura ou comunicación previa eficaz segundo proceda, cando se trate dun local comercial ou industrial; licenza ou comunicación previa de primeira ocupación para o caso de vivendas; licenza de obras ou comunicación previa eficaz segundo proceda cando se trate de subministracións para este fin.
4. Documento de constitución da servidume que, se é o caso, puidese ser necesaria establecer para as instalacións do servizo en cuestión, ou das prolongacións de redes que puidesen ser necesarias para tal efecto.
5. Acreditación do aboamento da cota por contribucións especiais, cando proceda.
6. Certificación da conta bancaria.

#### **2. Persoas xurídicas:**

1. Fotocopia do CIF.
2. Fotocopia do DNI do/a representante legal.
3. Documento acreditativo do poder de representación.
4. Fotocopia da escritura de propiedade do terreo, vivenda, local ou industria para a que se solicita a subministración.
5. Os permisos e/ou licenzas municipais establecidos en cada momento: licenza de apertura ou comunicación previa eficaz segundo proceda, cando se trate dun local comercial ou industrial; licenza de primeira ocupación para o caso de vivendas; licenza de obras ou comunicación previa eficaz segundo proceda cando se trate de subministracións para este fin, ou certificación administrativa que a substitúa.
6. Documento de constitución da servidume que, se é o caso, puidese ser necesaria establecer para as instalacións do servizo en cuestión, ou das prolongacións de redes que puidesen ser necesarias para tal efecto.

7. Acreditación do aboamento da cota por contribucións especiais, cando proceda.

8. Certificación da conta bancaria (opcional).

### **3. Comunidades de propietarios:**

1. Fotocopia do CIF da comunidade de propietarios.

2. Fotocopia da acta de constitución da comunidade.

3. Fotocopia do DNI do/a representante legal.

4. Documento acreditativo do poder de representación.

5. Fotocopia da escritura de propiedade do terreo, vivenda, local ou industria para a que se solicita a subministración.

6. Os permisos e/ou licenzas municipais establecidos en cada momento: licenza de apertura ou comunicación previa eficaz segundo proceda, cando se trate dun local comercial ou industrial; licenza de primeira ocupación para o caso de vivendas; licenza de obras ou comunicación previa eficaz segundo proceda cando se trate de subministracións para este fin, ou certificación administrativa que a substitúa.

7. Documento de constitución da servidume que, se é o caso, puidese ser necesaria establecer para as instalacións do servizo en cuestión, ou das prolongacións de redes que puidesen ser necesarias para tal efecto.

8. Acreditación do aboamento da cota por contribucións especiais, cando proceda.

9. Certificación da conta bancaria (opcional).

### **4. Persoas físicas, xurídicas ou comunidade de propietarios nas solicitudes de subministración de auga potable:**

1. Terán que achegar un certificado da instalación emitido pola empresa instaladora.

### **5. Persoas físicas, xurídicas ou comunidade de propietarios nas solicitudes de vertedura á rede de colectores que estean obrigadas a facelo segundo se indica no Decreto 141/2012, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia**

1. Achegarán canda a solicitude a documentación requirida no dito Decreto ou na normativa que o substitúa ou complementa.

### **6. Todas as persoas solicitantes:**

1. Cando o considere necesario, a entidade subministradora do servizo poderá esixir calquera outra documentación que permita coñecer as características do servizo obxecto da solicitude, co único fin de analizar se concorren as condicións e circunstancias que se establecen neste regulamento, para outorgar a acometida con arranxo ás normas establecidas e cumprindo en todo momento a defensa dos dereitos constitucionais e a normativa vixente.

## **Artigo 12 CONDICIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO**

A concesión dunha acometida de subministración de auga estará supeditada ao cumprimento das condicións que se establecen seguidamente:

2. Que o inmovible que se pretende abastecer estea situado na área de cobertura do abastecemento e/ou rede de saneamento.

3. Que o inmovible que se pretende abastecer ou conectar conte con instalacións interiores dispoñibles e axeitadas ás normas do presente regulamento.

4. Que estean instaladas e en servizo conducións públicas da rede de distribución de auga potable e/ ou rede de saneamento nas rúas ou prazas de carácter público.

5. Cando nunha vía pública estean proxectadas conducións baixo as dúas beirarrúas, a existencia destas na beirarrúa oposta á correspondente ao suposto contemplado non supoñerá en ningún caso o cumprimento do antedito parágrafo e requirirá da execución por conta do/a abonado/a da derivación ou extensión de liña necesaria para a conexión con arranxo ao establecido na lexislación vixente para cada clase e categoría de solo.

6. Que a condución que abasteza de auga o inmovible se atope en perfecto estado de servizo coa capacidade requirida e coas condicións de presión que posibiliten o servizo.

7. Que o inmovible dispoña dos elementos singulares necesarios para posibilitar a conexión de saneamento; de equipos de bombeo, no caso de que a cota no punto de conexión sexa insuficiente para a correcta vertedura; de válvula antirretorno, se é procedente; de equipo de separación de graxas previo á conexión ás fecais, se ten a obriga, etc.

8. Que o inmovible que se solicita abastecer de auga dispoña de acometida para as verteduras das augas residuais e pluviais, ou teña resolto o sistema de evacuación destas e dispoña, neste caso, das autorizacións precisas para isto.
9. Que a caracterización da vertedura non se inscriba dentro dos parámetros das verteduras prohibidas á rede de saneamento, de acordo co presente regulamento e coa lexislación aplicable en cada momento.

### **Artigo 13 TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES DE ALTA DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E/OU DE SANEAMENTO E DÉPURACIÓN**

1. Á vista dos datos que achegue a persoa solicitante, das características do inmovible, e do estado e características das redes, a subministradora do servizo comunicarlle á persoa solicitante, no prazo máximo de tres meses, contados desde a data de presentación da solicitude, a súa decisión de conceder ou denegar a acometida ou acometidas solicitadas e, neste último caso, as causas de denegación.
2. A persoa solicitante, unha vez recibida a notificación da concesión dispoñerá dun prazo de trinta días para formalizar a alta correspondente ou para presentar ante a subministradora do servizo as alegacións que, se é o caso, estime pertinentes.
3. Aceptada por ambas as partes as condicións da concesión da acometida, procederase a subscribir o correspondente alta de subministración de auga e/ou do servizo de saneamento e depuración.
4. No suposto que para atender unha solicitude de subministración de auga potable e/ ou de vertedura á rede de colectores, sexa necesaria a utilización de terreos propiedade dunha terceira persoa, será necesaria a autorización expresa e por escrito da persoa propietaria dos terreos, o documento de constitución de servidume de paso e de acceso para o mantemento das instalacións establecidas.
5. Unha vez que a persoa solicitante satisfaga todas as obrigas económicas e cumpra os requisitos establecidos, a subministradora do servizo estará obrigada á instalación do contador para a medición dos caudais subministrados de auga potable, así como á posta en servizo da instalación de subministración de auga e/ou de vertedura das augas fecais a rede de colectores, no prazo de dous meses contados a partir da data de alta e aboamento.

### **Artigo 14 CAUSAS DE DENEGACIÓN DA ALTA DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE E/OU DE SANEAMENTO E DÉPURACIÓN**

1. A facultade de concesión da subministración de auga potable, saneamento e depuración correspóndelle ao Concello de Xove, con suxeición ás normas regulamentarias vixentes.
2. Sen prexuízo de tal facultade, a subministradora do servizo poderá denegar a alta da subministración nos seguintes casos:
  - Cando a persoa ou entidade que solicite a subministración se negue a asinar a alta de servizo estendido de acordo co modelo autorizado e coas disposicións vixentes sobre alta de subministración de auga.
  - Cando na instalación da persoa solicitante non se cumpran, a xuízo da subministradora do servizo e previa comprobación, as prescricións que con carácter xeral establece este regulamento e a normativa vixente, así como as especiais da subministradora do servizo. Neste caso, a subministradora do servizo indicarlle os defectos encontrados á persoa solicitante, para que os corrixa ou remita, en caso de discrepancia, comunicación dos reparos formulados ao organismo competente. O organismo , previamente ás actuacións que considere oportunas e, en todo caso, despois de oír o/a instalador/a, ditará a resolución que proceda no prazo máximo de trinta días.
  - Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire aos requisitos previos para a conexión ás redes do servizo, cando non dispoña de acometidas para a subministración de auga, saneamento e depuración.
  - Cando, para o local para o que se solicita o servizo, exista outro alta anterior e en plena vixencia.
  - Cando as instalacións interiores de saneamento non se axusten ás prescricións regulamentarias en vigor no momento da solicitude de vertedura a rede de colectores, coas canalizacións diferenciadas para augas fecais e pluviais.
  - Cando a persoa solicitante do servizo, no caso de que algunha parte das instalacións xerais deban discorrer por propiedade de terceiros, non teña acreditado fidedignamente a obtención das autorizacións de terceiros que correspondan ou, se é o caso, quede sen acreditar, a constitución da servidume de paso e acceso necesarios para levar a cabo o mantemento e conservación das obras e instalacións para a prestación dos servizos solicitados.
  - Cando a rede horizontal de saneamento do inmovible non sexa separativa e supoña achega de auga limpa ao saneamento de fecais, salvo excepción acreditada e xustificada.

**Artigo 15 COTAS DE ALTA DA SUBMINISTRACIÓN DE ABASTECIMENTO DE AUGA E/OU SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

1. A cota de enganche corresponde ás compensacións económicas que deberán satisfacer as persoas solicitantes da subministración de auga, saneamento e depuración para sufragar os custos de carácter técnico, de execución da acometida básica e administrativos, derivados da formalización da alta.

2. As persoas solicitantes de calquera alta de subministración de auga potable e/ou de saneamento e depuración, no seu caso, aboarán antelación á execución da acometida axeitada as cotas correspondentes, consonte as tarifas aprobados polo Concello de Xove.

**Artigo 16 ALTA DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E/OU DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

1. A alta de subministración de auga potable e/ou o de servizo de saneamento e depuración, será o único documento que dará fe da concesión deste, e xunto ás condicións establecidas no presente regulamento, así como ás que se deriven das normas técnicas implantadas, regulará as relacións entre a subministradora do servizo e a persoa abonada . A dita alta formalizarase dixitalmente ou por escrito e por triplicado segundo a normativa vixente. Deberá entregárselle á persoa abonada un exemplar deste.

2. Na alta de subministración de auga e/ou de saneamento e depuración deberanse recoller, como mínimo, os datos precisos que definan:

- Identificación da subministradora do servizo.
- Identificación do/a representante (cando a persoa solicitante non sexa a titular)
- Identificación da persoa abonada
- Datos do predio abastecido
- Para a subministración de auga potable, achegaranse as características da instalación interior (boletín do/a instalador/a autorizado)
- Características do servizo de subministración de auga ou das augas fecais vertidas á rede de colectores, segundo proceda.
- Código CNAE (para usos industriais ou comerciais)
- Identificación do equipo de medida da subministración de auga.
- Condicións económicas
- Domiciliación do pagamento, se é o caso
- Condicións especiais
- Xurisdición competente
- Lugar e data
- Sinaturas das partes
- Obrigas e dereitos de cada unha das partes

3. As altas estableceranse para cada tipo de servizo. Por tanto, será obrigatorio estender altas separados para todos aqueles que esixan aplicación de tarifas ou condicións diferentes.

4. Estenderase un alta de subministración de auga ou para o servizo de saneamento e depuración para cada vivenda, local ou dependencia independente, aínda que pertencen ao mesmo propietario/a e sexan contiguas.

5. Cando corresponda a todo o inmovible un único alta e non existan altas individuais para cada vivenda, local ou dependencia, aplicarase sobre ela tantas cotas de servizo e/ou mínimos como vivendas, locais ou dependencias que, susceptibles de abono, se sirvan mediante a subministración de auga xeral e/ou da vertedura xeral e á tarifa máis elevada que corresponda. Esta modalidade de alta será unha excepción para aquelas persoas abonadas existentes no momento da entrada en vigor deste regulamento.

6. As altas formalizaranse entre a subministradora do servizo e a persoa titular propietaria do terreo, local, vivenda ou industria á que se pretende dar servizo, ou por quen a represente, sen prexuízo da súa facultade de repercusión contra á persoa usuaria ou beneficiaria en canto ás obrigas e responsabilidades dimanantes da dita alta.

**Artigo 17 TITULARIDADE DA ALTA DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E/OU DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN COLECTORES E O SEU CAMBIO**

1. A persoa titular da alta da subministración de auga e/ou do servizo de saneamento e depuración será a titular do terreo, local, vivenda ou industria á que se lle preste o servizo ou quen a represente legalmente.

2. Nos casos de cambio de titularidade do terreo, local, vivenda ou industria servidos, as persoas interesadas deberán comunicarlle á entidade subministradora o cambio de titularidade no prazo máximo de un mes dende

que o cambio se producira. A falta de comunicación implicará a asunción por parte do anterior e do novo propietario, con carácter solidario, das débedas derivadas da subministración, tanto anteriores coma posteriores ao cambio de titularidade e ata o momento de realizarse a indicada comunicación.

3. As acometidas destinaranse exclusivamente aos usos para os que foron solicitadas e concedidas. A persoa abonada deberá comunicarlle previamente á subministradora do servizo calquera modificación e solicitar á súa aprobación e a formalización dun novo alta no que se inclúan as circunstancias modificadas.

4. Nos casos en que a solicitante dos servizos sexa unha comunidade de propietarios, só poderá tramitar a alta dos servizos a persoa que a represente legalmente, debidamente acreditadao.

5. Nos casos en que se soliciten os servizos para execución de obras, a persoa titular deberá ser a promotora da obra.

#### **Artigo 18 SUBROGACIÓN DA ALTA DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E/OU DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

1. A subrogación é a variación da alta na que a nova persoa titular asume os dereitos e obrigas establecidas na dita alta, en particular o pagamento das liquidacións pendentes. Calquera persoa poderá subrogarse nunha subministración de auga e/ou de saneamento e depuración, asumindo todas as obrigas e dereitos da alta en vigor, sempre que a persoa titular anterior non se dera de baixa, permanezan as mesmas condicións e exista conformidade entre ambas as dúas.

2. Nos casos de nulidade matrimonial, separación xudicial ou divorcio, o/a cónxuxe poderá subrogarse na concesión, cando lle sexa atribuído o inmovible. Tal extremo deberá acreditarse mediante a correspondente resolución xudicial.

3. As persoas herdeiras poderán subrogarse na titularidade da alta coa simple comunicación á entidade subministradora e acreditando a súa condición de tales.

4. No caso de entidades xurídicas, quen se subroga ou substitúa en dereitos e obrigas poderá facer o propio na propia alta de servizos, condicionado á presentación ante a subministradora do servizo de todas as autorizacións administrativas necesarias.

#### **Artigo 19 DURACIÓN DA ALTA DE SUBMINISTRO DE AUGA E/OU DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

1. A alta de subministración de auga e/ou de servizo de saneamento e depuración subscribirase por tempo indefinido, agás estipulación expresa con outro carácter, se ben a duración estará suxeita aos condicionamentos legais que establece este regulamento ou que sexan de aplicación.

2. As subministracións para obras, espectáculos temporais en locais móbiles, e en xeral, para actividades esporádicas, darse de alta sempre con carácter temporal e por tempo definido, un tempo que expresamente figurará na propia alta.

#### **Artigo 20 CAUSAS DE SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AGUA**

A subministradora do servizo poderá suspender a subministración de auga potable aos seus abonados e abonadas, sen prexuízo do exercicio das accións de orde civil ou administrativa que a lexislación vixente ampare, nos seguintes casos:

- Cando non se satisfaga, en período voluntario, nos sesenta días da posta ao cobro dos recibos, o importe dos servizos consonte ao estipulado na alta de subministración, poderase proceder ao corte de subministración cando así o permita a lexislación aplicable, sen prexuízo de que as liquidacións que continuasen sen ser pagadas incorran en constrinximento para o seu cobramento en vía executiva, sen prexuízo do prevista para os caos de persoas vulnerables ou en risco de exclusión social na normativa vixente.
- Cando a persoa abonada non cumpra, en calquera dos seus aspectos, a alta que teña establecido coa subministradora do servizo ou as condicións xerais de utilización deste.
- Por falta de pagamento das cantidades resultantes de liquidación firme de fraude, transcorridos quince días hábiles contados a partir da data de comunicación, ou no caso probado de reincidencia de fraude.
- En todos os casos en que a persoa abonada use a auga que se lle subministre para un uso distinto do sinalado na alta, por exemplo, subministrar auga a terceiros.
- Cando a persoa abonada estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministración de auga potable a outros terreos, locais ou vivendas diferentes aos consignados na súa alta de subministración.
- Cando unha persoa usuaria goce da subministración de auga potable sen titularidade de alta ao seu nome que a ampare como abonada do servizo e se negue a subscribirse tras o requirimento da subministradora do servizo.
- Cando o persoal da subministradora do servizo encontre derivacións nas súas redes con consumo de auga sen titularidade de alta ningunha, é dicir, realizadas clandestinamente. Neste caso a subministradora do servizo poderá efectuar o corte inmediato da subministración de auga en tales derivacións, e deberá darlle conta diso, por escrito, ao organismo municipal competente.

- Cando a persoa abonada non permita a entrada no local ao que lle afecta a subministración, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ao persoal que, autorizado pola subministradora do servizo e provisto da súa correspondente documentación de identidade, trate de revisar as instalacións. Neste caso a subministradora do servizo deberá redactar acta dos feitos e remitila r ao organismo competente, conxuntamente coa solicitude de suspensión de subministración.
- Cando a persoa abonada non cumpra, en calquera dos seus aspectos, a alta que teña establecida coa titular do servizo ou as condicións xerais de utilización do servizo.
- Cando o uso da auga ou a disposición das instalacións interiores lle puidesen afectar á potabilidade da auga na rede de distribución, ata que a persoa abonada tome as medidas oportunas para evitar tales situacións. Neste caso, a subministradora do servizo poderá realizar o corte inmediato da subministración e deberá darlle conta diso por escrito ao Concello de Xove.
- Ante a negativa da persoa abonada a modificar o rexistro ou arqueta do contador, e incluso a súa instalación interior.
- Cando sexa preciso suspender a subministración para substituír o contador por calquera causa.
- Cando o contador sufra danos como consecuencia do mal estado ou a deficiente execución do armario onde se aloxa, a entidade subministradora poderá suspender a subministración ata que se modifique a instalación e se alcancen as condicións mínimas de protección e illamento que permitan o normal uso e funcionamento do contador.
- Cando a persoa abonada mesture augas doutra procedencia e, ante o requirimento da subministradora do servizo, non anule esta anomalía no prazo máximo de cinco días.
- Por negligencia da persoa abonada respecto da reparación de avarías nas súas instalacións, así que a subministradora do servizo llo notifique por escrito e transcorra un prazo superior a sete días sen que se reparase a avaría.

#### **Artigo 21 PROCEDEMENTO DE SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

1. Para que poida suspenderse a subministración de auga aos usuarios do servizo a Entidade xestora deberá solicitar autorización do Concello de Xove, salvo que a suspensión se produza como consecuencia dunha orde expresa do Concello, que a suspensión afecte a unha vivenda deshabitada ou en ruína, ou exista un uso fraudulento da subministración, ou prodúzase un perigo sanitario ou afecte á continuidade do servizo de terceiros.

2. O procedemento de suspensión seguirá os seguintes trámites legais previstos para o efecto:

a) A Entidade xestora deberá comunicar ao usuario do servizo un aviso de suspensión, no domicilio sinalado por este e de maneira fidedigna mediante correo certificado con acuse de recibo ou por calquera outro medio que permita ter constancia da súa recepción polo usuario ou o seu representante, no que consten os motivos e feitos que xustifiquen a suspensión ou corte de subministración, así como o prazo que non poderá ser inferior a quince días, para que o usuario do servizo proceda a corrixir os motivos e feitos que o orixinan ou presente as súas alegacións.

b) Pola súa banda, o Concello de Xove recibirá da Entidade xestora unha comunicación detallada dos usuarios do servizo e as causas polas que se solicita autorización para suspender a subministración.

c) Transcorrido o prazo de quince días a partir da comunicación do aviso de suspensión ao usuario do servizo, o Concello de Xove ditará Resolución polo órgano competente, no prazo máximo dun mes, quen á vista das actuacións practicadas ou alegacións presentadas, no seu caso, autorizará ou denegará a suspensión da subministración.

d) A suspensión da subministración non poderá realizarse nin nas 24 horas anteriores a un día festivo, nin en día festivo, ou días en que, por calquera motivo, non exista servizo de atención ao usuario.

e) A notificación de corte de subministración do servizo que debe recibir o usuario incluírá como mínimo os seguintes datos:

- Nome e dirección de usuario
- Identificación da alta de subministración
- Dirección do inmovible abastecida
- Motivos ou feitos que ocasionan o corte da subministración
- Data a partir da cal se realizará o corte de subministración, que non poderá ser inferior a quince días desde que recibise a notificación o usuario.
- Información detallada sobre as formas en que poden corrixirse as causas que orixinan a suspensión da subministración.

- Teléfono ou dirección do Centro de Atención ao usuario ou outra canle de contacto onde poidan emendarse as causas que orixinan o corte.

## **TÍTULO II. SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE**

### **CAPÍTULO I. CONDICIÓNS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE**

#### **Artigo 22 CARÁCTER DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

A prestación do servizo clasificarase en función do uso que se faga da auga, e como norma xeral en:

- **USOS DOMÉSTICOS.** Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal. Aplícase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional, nin de servizos de calquera tipo. Inclúense neste apartado pendellos ou construcións auxiliares á residencial autorizadas polo planeamento.
- **USOS NON DOMÉSTICOS.** Son aqueles nos que a auga se utiliza para o acondicionamento, limpeza ou hixiene en establecementos profesionais, comerciais, agropecuarios ou de servizos ou a auga constitúa un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción.
- **USOS PÚBLICOS E ASISTENCIAIS.** Son aqueles que corresponden aos edificios e instalacións municipais ou doutras administracións públicas, así como, entidades que prestación servizos da carácter social ou asistencial.
- **USO PARA OBRAS.** Son aqueles nos que a auga se usa na construción.

#### **Artigo 23 OBRIGAS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

1. A subministradora do servizo obrígase a subministrar o abastecemento de auga á veciñanza do territorio municipal nas zonas nas que estea instalada a rede de distribución, consonte ás disposicións do presente regulamento e normativas legais que lle sexan de aplicación.

2. A obriga por parte da subministradora do servizo de tramitar a alta de subministrar o servizo de abastecemento de auga a domicilio á veciñanza do territorio municipal será esixible unicamente cando na rúa, praza ou vía pública de que se trate exista condución ou canalización de auga potable, que permita efectuar as tomas e acometidas de maneira normal ou regular e se cumpran todos os requisitos legais necesarios para a concesión da subministración.

3. Cando non exista o entubado da rede xeral de distribución non poderá esixírselle á subministradora do servizo a subministración e alta, ata que a condución estea instalada.

#### **Artigo 24 CONTINUIDADE DO SERVIZO DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

1. O servizo de abastecemento de auga potable será continuo, agás por forza maior, avaría nas instalacións e/ou restricións na subministración impostas para unha xusta distribución do servizo.

2. Nos supostos no que se produza a interrupción da subministración de auga, a subministradora do servizo deberá procurar, en todo momento, limitar ao mínimo o tempo de duración desta interrupción, cos medios humanos e materiais necesarios para o rápido restablecemento do servizo, ademais de comunicarlle tal circunstancia ás persoas usuarias do servizo. O Concello de Xove sempre será previo coñecedor destas incidencias.

3. Co fin de garantir aos particulares o dereito a utiliza o servizo nas condicións establecidas neste regulamento, no caso de ser obxecto de prestación indirecta a través dun contrato de concesión de servizos ou ben de servizos, ante a extinción do mesmo por calquera causa o contratista deberá seguir prestando o servizo ata que se formalice o novo contrato.

#### **Artigo 25 SUSPENSIÓNS TEMPORAIS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

1. A subministradora do servizo poderá suspender temporalmente o servizo cando sexa imprescindible para proceder ao seu mantemento, reparación ou mellora das instalacións ao seu cargo.

Se as interrupcións fosen planificadas, comunicaráselle ao Concello con 72 horas de antelación.

2. Os cortes non planificados de carácter urgente, notificaráselle ao Concello na maior brevidade posible e nunca máis alá de 24 horas.

Os anuncios e informacións aos abonados e abonadas para comunicar unha interrupción do servizo por calquera causa correrán por conta da subministradora do servizo. Esta ten a obriga de comunicar as interrupcións no espazo de tempo máis breve posible.

3. En calquera caso de suspensión deberase velar polos dereitos dos usuarios e usuarias e ocasionar os menos prexuízos posibles. Para estes efectos, a suspensión comunicaráselle ao Concello especificando as cuestións técnicas e temporais de actuación.

**Artigo 26 RESERVAS DE AUGA POTABLE**

1. O Concello de Xove e a subministradora do servizo poderán establecer as condicións e prioridades no uso de auga potable no suposto de restricións por seca, catástrofes ou accidentes graves nas instalacións de captación, tratamento ou distribución da auga. Neste caso, utilizarase o seu mellor criterio para reducir o dano á poboación afectada e informarase ás autoridades competentes e á veciñanza a través dos medios de difusión máis adecuados e rápidos.

2. Sen prexuízo do que establezan as regulacións específicas de cada sector, todos os locais nos que se desenvolva calquera tipo de actividade na que a auga represente unha permanente e inescusable necesidade para a saúde pública ou seguridade das persoas e bens, especialmente os centros sanitarios, almacéns de produtos inflamables e combustibles e grandes centros comerciais, deberán dispoñer de depósitos de reservas de auga que aseguren unha autonomía de abastecemento conforme ás necesidades mínimas que deban cubrirse, cando menos para un tempo non inferior a vinte e catro horas. De igual maneira, as industrias nas que a auga represente un elemento indispensable no proceso de produción ou conservación de produtos.

A subministradora do servizo quedará exonerada de responsabilidade civil nestes casos nos que polas súas características especiais deben proveerse de medios de reserva.

3. A instalación destes depósitos de reservas de auga farase de forma que garanta a renovación total da auga acumulada en curtos períodos de tempo. Así mesmo, irán dotadas da correspondente válvula antirretorno para evitar unha descarga accidental na rede de distribución xeral.

4. A subministradora do servizo non será responsable dos danos que poida ocasionar unha eventual falta de subministración por motivos considerados de forza maior.

5. Non se considerarán de forza maior os que resulten da inadecuación das instalacións ao fin para o que teñen que servir ou os derivados do funcionamento da entidade prestadora do servizo.

**Artigo 27 RESTRICIÓN NA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

1. Cando circunstancias de seca, escaseza de caudais de auga ou dificultades de tratamento o aconsellen, o titular do servizo poderá impoñer restricións na subministración do servizo aos abonados e abonadas a petición da subministradora do servizo.

2. Neste casos, a subministradora do servizo estará obrigada a informar ás persoas abonadas das medidas que se van implantar a través dos medios de comunicación, segundo o establecido no artigo 25 do presente regulamento e da maneira máis clara posible.

**Artigo 28 SUBMINISTRACIÓN PARA SERVIZOS CONTRA INCENDIOS**

1. As instalacións contra incendios no interior de edificacións, calquera que sexa o destino ou uso destas, requirirán o establecemento dunha subministración de auga para este uso exclusivo e o cumprimento, para todos os efectos, das condicións que este regulamento prescribe para as instalacións destinadas ao abastecemento ordinario, de conformidade cos seguintes criterios:

a) Independencia das instalacións: As instalacións contra incendios serán absolutamente independentes das destinadas a calquera outro fin, e delas non se poderá efectuar derivación ningunha para outro uso.

Queda igualmente prohibido tomar auga de calquera elemento destas instalacións, agás no caso de incendio, sen a expresa autorización da subministradora do servizo.

Todo o sistema que constituía a instalación contra incendios alimentarase a través dunha acometida á rede pública de distribución independente da subministración ordinaria.

Cando a normativa específica de incendios esixa unha presión na instalación interior que non sexa a que a subministradora do servizo garanta, será responsabilidade da persoa abonada establecer e conservar os dispositivos de sobreelevación que lle permitan cumprir a devandita normativa específica.

b) Tramitar a alta da subministración: A conexión á rede pública de distribución dunha subministración contra incendios requirirá a formalización previa da alta de subministración correspondente entre a subministradora do servizo e a persoa abonada.

Estes altas terán a mesma tramitación e carácter caos de subministración ordinaria e estarán, por tanto, suxeitos ás mesmas prescricións regulamentarias que aqueles.

2. Nas instalacións contra incendios instalaranse aparellos medidores de consumo. En caso de incendio, dentro das corenta e oito horas seguintes a este, deberá comunicarse á subministradora do servizo a produción deste incidente e todas as demais circunstancias relacionadas. A subministradora do servizo ou os servizos municipais poderán comprobar a veracidade destes feitos. No suposto de non estar xustifico o uso da rede contra incendios, a auga consumida a través destas instalacións liquidaranse consonte ás tarifas vixentes en cada momento.

3. A subministradora do servizo instalará, por petición do Concello de Xove ou das persoas abonadas e con cargo ao petionario/a, as bocas de rega contra incendios que lle sexan solicitadas, conforme ás instrucións que en cada caso sinala o Concello.

## **CAPÍTULO II. INSTALACIÓNS DO ABASTECIMENTO DE AUGA**

### **Artigo 29 REDE DE DISTRIBUCIÓN**

A rede de distribución de auga é o conxunto de tubaxes e todos os seus elementos de manobra e control que, instalados dentro do ámbito territorial do Concello de Xove e en terreos de carácter público ou privado, previa constitución da oportuna servidume, conducen auga potable a presión. Desta rede derivan as acometidas para os abonados e abonadas.

### **Artigo 30 ARTERIA**

A arteria será aquela tubaxe, e os seus elementos, da rede de distribución que enlaza diferentes sectores da zona abastecida.

### **Artigo 31 CONDUCIÓNS VIARIAS**

Cualificaranse como conduciós viarias as tubaxes da rede de distribución que discorren ao longo dunha vía pública ou privada e das que se derivarán, se é o caso, as acometidas para as subministracións, bocas de rega, e tomas contra incendios.

### **Artigo 32 ACOMETIDA**

1. Comprende o conxunto de tubaxes e outros elementos que unen as conduciós viarias coa instalación interior do inmovible que se pretende abastecer.

2. A acometida responderá ao esquema básico definido pola subministradora do servizo, e constará dos seguintes elementos:

- Dispositivo de toma: Encóntrase colocado sobre a tubaxe da rede de distribución e abre o paso da acometida.
- Ramal: É o tramo de tubaxe que une o dispositivo de toma coa chave de rexistro.
- Chave de rexistro: Estará situada ao final do ramal de acometida na vía pública e xunto ao inmovible. Constitúe o elemento diferenciador entre a subministradora do servizo e a per soa abonada, en canto á conservación e delimitación de responsabilidades. Cando non exista este elemento, a delimitación de responsabilidades establécese no límite exterior do muro da fachada.

3. No caso de execución de acometidas clandestinas por parte do propietario ou propietaria, suspenderase o servizo ata que teña a autorización correspondente. Unha vez aprobada a autorización, a persoa propietaria, previamente á realización da alta, aboará os custos totais de execución da acometida,

### **Artigo 33 INSTALACIÓNS INTERIORES DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

1. Entenderase por instalación interior de subministración de auga o conxunto de tubaxes e os seus elementos de control, manobra e seguridade, posteriores á chave de rexistro no sentido da circulación normal do fluxo de auga.

2. En caso de non existir chave de rexistro, entenderase por instalación interior o conxunto de tubaxes e os seus elementos de control, manobra e seguridade, posteriores ao límite exterior do muro da fachada ou, no seu defecto, á linde da parcela, no sentido normal do fluxo de auga.

3. O tubo de alimentación é a conducción da instalación interior que enlaza a chave de paso co contador ou coa batería de contadores divisionarios.

## **CAPÍTULO III. ACOMETIDAS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

### **Artigo 34 CONCESIÓN DAS ACOMETIDAS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

1. A concesión de acometidas para subministración de auga potable correspóndelle ao Concello e a dita concesión estará supeditada a que se cumpran as condicións de subministración de auga recollidas no artigo 10 do presente regulamento.

2. Como norma xeral deben tramitarse simultaneamente as dúas solicitudes de acometida de subministración de auga potable e de vertedura onde existan ambos os dous servizos. No caso de existir un só dos servizos poderán concederán illadamente acometidas de subministración de auga potable ou de vertedura de augas residuais.

3. As obras correspondentes executaranse, na medida do posible, ao mesmo tempo, sempre que exista rede de auga e colectores en servizo.

4. Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiras persoas, deberá acreditarse a constitución da servidume de paso ou a adquisición da franxa de terreo afectada.

### **Artigo 35 CARACTERÍSTICAS DAS ACOMETIDAS DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

1. As características das acometidas, tanto no que respecta ás súas dimensións, compoñentes, tipo e calidade dos seus materiais, como á súa forma de execución e punto de conexión, determinaraas a subministradora do servizo, conforme ao establecido nas normas técnicas municipais vixentes e no código técnico da edificación, baseándose no uso do inmovible que se vai subministrar, nos consumos previsibles e nas condicións de presión.

2. A subministradora do servizo determinará as modificacións que deban efectuarse na rede existente como consecuencia da petición da persoa abonada. Estas modificacións serán por conta da abonada, sen prexuízo de que esta modificación pertenza, para todos os efectos, ao patrimonio municipal. En caso de que o/a solicitante non abone esta modificación, non se procederá á subministración.

#### **Artigo 36 TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES DE ACOMETIDA DE AUGA POTABLE**

1. A solicitude de acometida realizárase a persoa peticionaria.
2. A tramitación da solicitude rexeráse polos artigos do CAPÍTULO III

#### **Artigo 37 EXECUCIÓN E CONSERVACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

1. As acometidas para a subministración de auga executárase a subministradora do servizo ou instalador ou instaladora autorizado/a de conformidade con canto para o efecto se establece neste regulamento. Unha vez executada serán a titular do servizo e esta correrá cos gastos de conservación e mantemento. A persoa solicitante, no seu caso, deberá satisfacer os correspondentes dereitos de acometida.
2. Os traballos de reparación e substitución das acometidas deberán realizalos a subministradora do servizo ou instalador ou instaladora autorizado/a. A persoa propietaria do inmovible non poderá cambiar ou modificar a contorna da situación desta, sen autorización expresa.
3. Serán por conta e cargo da persoa abonada os gastos de reparación e substitución da instalación de subministración de auga desde a chave de rexistro ou, se non existe tal chave, desde o comezo da propiedade particular ata o final da súa instalación de distribución interior ou particular.
4. Os traballos e operacións de mellora nas acometidas realizadas por pedimento da persoa abonada, con aprobación da subministradora do servizo, serán por conta e cargo da abonada. Esta estará obrigada a cambiar, á súa costa, as instalacións que, por seren obsoletas, non funcionen de forma axeitada ás súas necesidades actuais.
5. En previsión dunha rotura da tubaxe de conexión da chave de rexistro coa instalación interior da persoa abonada, todos os terreos ou locais disporán de desaugadoiros suficientes que permitan a libre evacuación da auga, cun caudal igual ao máximo que se poida subministrar pola acometida con alta, sen ocasionar danos materiais ao edificio, a produtos almacenados nel ou a calquera elemento exterior. A subministradora do servizo declina toda responsabilidade derivada do incumprimento deste precepto.

#### **Artigo 38 DEREITO DE ACOMETIDA DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE**

1. Os dereitos de acometida ou tarifas de conexión son as compensacións económicas establecidas na Ordenanza fiscal que deberán satisfacer as persoas solicitantes dunha acometida. Con elas compensárase o valor proporcional dos investimentos que se realicen nas ampliacións, modificacións ou reformas das redes de distribución, ben no momento do pedimento, ben noutra ocasión anterior ou posterior, e tanto no mesmo lugar ou nun distinto a aquel para o que se solicita a acometida, co obxecto de manter a capacidade de abastecemento do sistema de distribución nas mesmas condicións da nova subministración, e sen mingua ningunha para os preexistentes.
2. Antes da realización da acometida, presentáraselle á persoa solicitante o orzamento para o seu pagamento previo á execución.
3. Aboarase unha única vez e quedarán adscritos a cada unha das instalacións, vivendas, locais, etc. (exceptuando as acometidas temporais) para os que se aboaron, aínda cando cambie a persoa propietaria ou usuaria desta.

#### **Artigo 39 TERREOS EN RÉXIME COMUNITARIO**

1. Cando varios terreos ou predios gocen en réxime de comunidade o uso dun parque, central térmica, zona de recreo ou deportiva ou outras instalacións, será preceptiva a existencia dunha acometida independente para estes servizos. A persoa representante, neste caso, será a persoa ou persoas que ostenten a representación da comunidade ou comunidades existentes.
2. O equipo de medida instalárase no límite da propiedade coa vía pública, nunha arqueta debidamente protexida e de acordo coas características fixadas pola subministradora do servizo.

#### **Artigo 40 CONSTRUCCIÓN DE NOVOS EDIFICIOS**

1. Para poder iniciar a construción dunha nova edificación na que se prevexa a necesidade de subministración de auga e/ou rede de sumidoiros, será necesaria a aprobación por parte do Concello.
2. Para tal efecto, o promotor deberá presentar o correspondente proxecto de obra cos datos técnicos necesarios das ditas instalacións.

#### **Artigo 41 SUBMINISTRACIÓN PROVISIONAL DE AUGA PARA OBRAS**

Esta clase de subministración terá carácter especial e transitorio, e efectuarase nas condicións seguintes:

- Mediante contador colocado para o efecto en lugar apropiado debidamente protexido, así apreciado a xuízo da subministradora do servizo.
- A persoa abonada satisfará a auga subministrada de conformidade coa correspondente tarifa establecida.

- A subministración de auga para obra cortarase cando se obteña para o edificio a licenza de primeira utilización.
- Considerarase “de fraude” a utilización desta subministración para usos distintos ao de “obras”.

#### **Artigo 42 URBANIZACIÓNS E POLÍGONOS**

1. Para os efectos deste regulamento, entenderase por urbanizacións e polígonos aqueles conxuntos de terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación dunha infraestrutura viaria e de servizo entre as distintas parcelas ou solares en que se divide o terreo e e entre estas e a zona urbanizada da contorna urbana.

2. As instalacións da rede de abastecemento propias do polígono ou urbanización anteriormente definido ou dos solares ou inmobles situados naquel, que posteriormente lle poida afectar á aceptación da propiedade das instalacións por parte do Concello de Xove para a súa adscrición á rede xeral do servizo de abastecemento de auga, executaraas, ao seu cargo, a promotora ou propietaria, con suxeición ao correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello. A execución das obras necesarias para os novos servizos contarán coa previa tramitación administrativa que corresponda.

3. O permiso de acometida de subministración de auga para o polígono ou urbanización anteriormente definido, así como para os solares e inmobles situados nel, estará supeditado ao cumprimento previo das seguintes condicións:

- As redes interiores de distribución e demais instalacións necesarias para o correcto abastecemento de auga ás ditas urbanizacións ou polígonos responderán a esquemas aprobados polo Concello de Xove, previo informe da subministradora do servizo. Deberán definirse e dimensionarse nun proxecto redactado por persoal técnico competente, aprobado polo Concello previo informe da subministradora do servizo. Neste informe proporanse as probas que cumpra realizar no transcurso das obras e antes da recepción, con suxeición aos regulamentos e normas técnicas de aplicación. Estas probas terán que ser executadas por conta e a cargo da promotora ou propietaria da urbanización ou polígono.
- As obras e instalacións definidas no proxecto aprobado, así como as modificacións que, convenientemente autorizadas polo Concello de Xove previo informe da subministradora do servizo, se introduzan durante o desenvolvemento destas, executaranse igualmente na súa totalidade por conta e cargo da promotora ou propietaria da urbanización ou polígono, baixo a dirección de persoal técnico competente.

4. A subministradora do servizo terá acceso á execución e inspección das obras no seu transcurso; informará e poderá esixir, tanto no seu desenvolvemento como na súa recepción ou posta en servizo, cantas probas e ensaios estime convenientes para garantir a idoneidade da execución das instalacións e o cumprimento das especificacións de calidade dos materiais previstos no proxecto. Os gastos derivados das ditas probas correrán a cargo da promotora ou propietaria da urbanización ou polígono. Cando rematen as obras, esta informará, vistos os resultados das probas de calidade previstas no proxecto tramitado, de todas as probas e ensaios executados no desenvolvemento das obras e dos esixidos polo Concello de Xove previos á recepción, co obxecto de garantir o cumprimento das especificacións de calidade dos materiais previstos e a correcta execución das obras.

5. Os enlaces ou acometidas das redes interiores da urbanización ou polígono coas conducións da rede xeral baixo dominio da subministradora do servizo, así como as modificacións e reforzos que tivesen que efectuarse nestas como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo, supervisadas pola subministradora do servizo e a cargo da promotora ou propietaria da urbanización, consonte ao cadro de prezos aprobado polo Concello de Xove.

6. Unha vez rematadas as instalacións das redes interiores da urbanización ou polígono, con carácter previo á recepción tramitada polos servizos técnicos municipais, a subministradora do servizo verificará e informará as instalacións. Así que o Concello reciba as instalacións e lle comunique a súa adscrición ao servizo, a subministradora asumirá a xestión e o mantemento.

#### **CAPÍTULO IV. INSTALACIÓNS INTERIORES DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**

##### **Artigo 43 CONDICIÓN XERAIS**

1. As instalacións interiores para a subministración de auga serán executadas por un instalador ou instaladora autorizado/a polo organismo competente en materia de Industria e axustaranse a canto para o efecto prescribe o código técnico da edificación e a normativa básica para instalacións interiores de subministración de auga.

2. A conservación e mantemento destas instalacións serán por conta e a cargo da persoa abonada da subministración existente en cada momento.

##### **Artigo 44 FACULTADE DE INSPECCIÓN**

1. Sen prexuízo das facultades inspectoras dos organismos da administración, a subministradora do servizo, por medio do seu persoal debidamente autorizado, poderá intervir, inspeccionar ou comprobar a execución dos traballos, materiais e operacións que se realicen na instalación particular das persoas abonadas, co fin de vixiar as condicións e forma en que estes utilizan o subministro.

2. O Concello non autorizará a subministración de auga cando, ao seu xuízo e previos os informes técnicos, as instalacións particulares da persoa abonada non reúnan as condicións debidas.

3. En todo caso, non se atribuirá responsabilidade á subministradora do servizo polo funcionamento normal ou anormal das instalacións interiores.

#### **Artigo 45 INSTALACIÓNS INTERIORES INSEGURAS**

1. Cando, a xuízo da subministradora do servizo, unha instalación particular existente non reúna as condicións necesarias de seguridade e aptitude para o fin a que se destina, comunicáraselle á persoa abonada para que a substitúa, modifique ou repare o antes posible, nun prazo máximo que se sinalará segundo as circunstancias que concorran en cada caso.

2. Transcorrido o prazo concedido para a súa adecuación sen que a persoa abonada cumprira o ordenado pola subministradora do servizo e, se hai posibilidade de ocasionarlle danos a terceiros, poderáselle suspender a subministración de auga ata que a antedita instalación particular reúna as debidas condicións de seguridade.

#### **Artigo 46 MODIFICACIÓN DAS INSTALACIÓNS INTERIORES**

A persoa abonada do servizo de abastecemento estará obrigada a comunicarlle á subministradora do servizo calquera modificación que realice na disposición ou características das súas instalacións interiores.

#### **Artigo 47 OBRIGATORIEDADE DE USO DE CONTADOR OU EQUIPO DE MEDIDA**

1. Sen prexuízo do que estableza para cada caso o código técnico da edificación, a medición dos consumos de auga que servirá de base para a liquidación é o contador ou equipo de medida de instalación obrigatoria; este será o único medio que dará fe do consumo realizado.

2. A colocación e instalación de contadores realizaraa a subministradora do servizo, e os gastos correrán por conta da persoa abonada. O custo da instalación determinarao o correspondente cadro de prezos.

3. Como norma xeral, a medición dos consumos efectuarase mediante contador único cando no inmobile ou terreo só exista unha vivenda ou local, en subministracións provisionais para obras e en polígonos en proceso de execución de obras, en tanto non sexan recibidas as súas redes de distribución interior e sempre que sexa de aplicación un único tipo tarifario dos prezos vixentes axeitado á modalidade da subministración.

4. No caso de subministración a inmobles colectivos, cando exista máis dunha vivenda e/ou locais, o control do consumo base de liquidación realizarase cunha batería de contadores divisionarios, cun equipo de medida para cada un dos inmobles e os necesarios para os servizos comúns. Será obrigatorio un contador xeral para todos os casos nos que a instalación dispoña dun grupo de presión que subministre a varios contadores divisionarios e en todos aqueles casos onde a entidade subministradora do servizo considere necesario, con cargo á promotora ou á comunidade de propietarios, se é o caso. A subministradora do servizo poderá instalar, no inicio da instalación interior, un contador totalizador para controlar o consumo global da dita instalación ou inmobile. O consumo do contador xeral, en caso de que houbese instalados contadores divisionarios, deberá ser igual á suma das medidas dos contadores individuais. Cando o consumo do contador xeral fose maior que a suma das medidas dos contadores individuais, a diferenza liquidaráselle á comunidade de persoas abonadas.

5. Considerarase un número de vivendas ou locais, para efectos de liquidación, aqueles que poidan ser utilizados de forma independente, aínda cando sexan dun mesmo propietario, estean ocupados ou baleiros.

6. A persoa abonada estará obrigada a facilitarlle o acceso ao equipo de medida, para efectuar a súa lectura, ao persoal da subministradora do servizo.

7. O dimensionamento e fixación das características do contador ou contadores, así como a clase metrolóxica que deberá instalarse en cada caso, calquera que sexa o sistema de instalación seguido, será facultade da subministradora do servizo, que o realizara á vista da declaración de consumo que se formule na solicitude de subministración, e de conformidade co establecido nas normas técnicas municipais vixentes e no código técnico da edificación.

#### **Artigo 48 SITUACIÓN DOS CONTADORES**

1. Contador único. Instalarase xunto coas súas chaves de protección e manobra nun armario exclusivamente destinado para este fin, situado na planta baixa do inmobile, xunto ao portal de entrada e encastrado no muro de fachada ou pechamento da propiedade que se pretende fornecer. En calquera caso, con acceso directo desde a vía pública.

2. Excepcionalmente, en caso debidamente xustificado, poderá instalarse o contador único e as súas chaves de manobra nunha cámara baixo o nivel do solo, que terá acceso directo desde a rúa e estará situada o máis próximo posible á fachada ou pechamento da propiedade. O armario ou cámara de aloxamento do contador estarán dotados dunha porta e dunha pechadura homologadas pola subministradora do servizo.

3. O contador estará situado en posición horizontal e no sentido correcto, cuns tramos rectos antes e despois deste, iguais a 10 veces e 5 veces o diámetro do contador respectivamente, necesarios para o seu bo funcionamento.

4. As baterías de contadores divisionarios instalaranse nos locais ou armarios exclusivamente destinados para este fin, situados na planta baixa do inmobile, en zona de uso común, con acceso directo desde o portal de entrada.

5. As baterías para a centralización de contadores responderán a tipos e modelos oficialmente aprobados e homologados polo organismo competente en materia de Industria.

6. Na orixe de cada montante e no punto de conexión deste coa batería de contadores divisionarios, instalárase unha válvula de retención que impida retornos de auga á rede de distribución.

#### **Artigo 49 PROPIEDAD DO CONTADOR**

A partir da entrada en vigor do presente regulamento, todos os contadores ou equipos de medición que se instalen para medir ou controlar os consumos de auga de cada persoa abonada serán propiedade do concello de Xove, quen os instalarán e manterán e repoñerán con cargo aos gastos de explotación do servizo.

#### **Artigo 50 VERIFICACIÓN E PRECINTADO**

1. É obrigatorio, sen excepción ningunha, a partir da entrada en vigor do presente regulamento, a verificación e precintado dos aparellos contadores que se instalen, cando sirvan de base para regular a liquidación do consumo de auga. A verificación e precintado dos aparellos realizárase o organismo competente en materia de Industria, a través de laboratorio oficial ou autorizado.

2. É obriga ineludible da persoa abonada a custodia do contador ou equipo de medida, así como o conservar e manter este en perfecto estado. Esta obriga é extensible tanto á inviolabilidade dos precintos de contador coma ás etiquetas de identificación daquel.

A responsabilidade que se derive do incumprimento desta obriga recaerá directamente sobre a persoa abonada titular da subministración.

#### **Artigo 51 SOLICITUDE DE VERIFICACIÓN**

A persoa abonada poderá solicitar da subministradora do servizo a verificación do seu contador. Os gastos que xere a retirada do equipo, a súa colocación e a verificación e precintado por parte do organismo competente serán por conta da solicitante, agás no caso en que se demostre o anormal funcionamento do equipo e que o erro sexa imputable á subministradora do servizo.

#### **Artigo 52 COLOCACIÓN E RETIRADA DE CONTADORES**

1. A conexión e desconexión, colocación e retirada do contador ou equipo de medida, cando sexa preciso, realizárase a subministradora do servizo. A subministradora do servizo poderá precintar a instalación deste, e será a única autorizada para o seu desprecintado por motivos derivados da explotación do servizo.

2. Os contadores ou equipos de medida poderán desmontarse por calquera das seguintes causas:

- Por extinción da alta de subministración.
- Por avaría do equipo de medida.
- Por renovación periódica.
- Por alteración do réxime de consumos, en tal medida que desborde, por exceso ou por defecto, a capacidade teórica do equipo instalado.

3. Cando, a xuízo da subministradora do servizo, existan indicios claros de que o funcionamento do contador non é correcto poderá, previa comunicación á persoa abonada, proceder a desmontar aquel, e instalar, no seu lugar, outro que fose verificado oficialmente.

4. Os consumos rexistrados polo equipo instalado en substitución do anterior darán fe para a liquidación destes.

#### **Artigo 53 CAMBIO DE LOCALIZACIÓN**

1. A instalación que servirá de base para a colocación dos contadores ou equipos de medida deberá ser realizada por instalador/a autorizado/a, por conta e a cargo da persoa titular do inmovible, e nun lugar que cumpra as condicións normativas vixentes.

2. Calquera modificación da situación do contador ou equipo de medida, dentro do recinto ou da propiedade á que estea adscrito, sempre será a cargo da parte solicitante, sexa a entidade subministradora sexa a persoa abonada. Porén, serán sempre a cargo da persoa abonada as modificacións na situación do contador ocasionadas por calquera dos seguintes motivos:

- a) Por obras de reformas efectuadas pola persoa abonada con posterioridade á instalación do contador e que dificulten a súa lectura, revisión ou facilidade de substitución.
- b) Cando a instalación do contador non responda ás esixencias do código técnico, deste regulamento ou da normativa técnica local, e se produza un cambio na titularidade da subministración ou modificación das características de subministración.

#### **Artigo 54 MANIPULACIÓN DO CONTADOR**

A persoa abonada nunca poderá manipular o contador ou equipo de medida, nin conectar tomas ou facer derivacións antes do dito equipo de medida.

## Artigo 55 SUBSTITUCIÓN DE CONTADORES

1. Será necesario a substitución do contador por outro en perfectas condicións, en caso de que a persoa abonada ou o persoal da subministradora do servizo detecte calquera avaría ou parada do contador e, tamén, no caso de substitución periódica programada. Nestes supostos, a subministradora do servizo, con cargo as tarifas vixentes de mantemento e conservación, realizará a dita operación.

Os consumos rexistrados polo equipo instalado en substitución do anterior darán fe para a liquidación destes.

2. Quedarán excluídos do mantemento e conservación establecido aqueles contadores cuxa avaría se producira polos seguintes motivos:

- a) Causas meteorolóxicas.
- b) Retornos de augas quentes.
- c) Situación inadecuada e/ou falta de protección.
- d) Avarías ou roturas provocadas.

3. Os gastos ocasionados como consecuencia da substitución e mantemento de contadores non cubertos pala tarifa vixente serán por conta da persoa abonada.

4. No caso de que a instalación do contador non estivese en bo estado, será obriga da persoa abonada a súa reforma para poder proceder ao cambio do contador. Se a persoa abonada non quixese reformar a instalación, o contador instalárase ao comezo do terreo propiedade desta, sempre ao seu cargo.

5. Cando por reparación, renovación periódica, e/ou verificación se teña que retirar un contador ou equipo de medida da instalación e non sexa inmediata a súa colocación, colocárase provisionalmente no seu lugar outro contador ou equipo de medida, debidamente verificado, que será o que controle os consumos.

## Artigo 56 NOTIFICACIÓN AO/Á ABONADO/A

Os datos do novo equipo de medida instalado, como mínimo o número de fabricación e a lectura inicial, deberán comunicarse á persoa abonada, mediante a inclusión destes datos no primeiro recibo expedido, o u mediante comunicación por escrito.

## Artigo 57 LECTURA DE CONTADORES

1. A lectura de contadores que servirá de base para regular a liquidación dos caudais consumidos polas persoas abonadas realizarase coa periodicidade prevista na ordenanza.

As indicacións que marque o contador anotaraas o/a lector/a nas follas ou soportes informáticos que servirán de base para a liquidación correspondente, así como no caderno ou tarxeta da persoa abonada que poderá existir para tal fin xunto ao contador, sempre que así o solicite a abonada e non se trate de equipos de telelectura.

2. A lectura levarase a cabo en horas hábiles ou de normal relación co exterior. En ningún caso, a persoa abonada poderá impoñer a obriga de tomar lectura fóra do horario.

3. Cando por ausencia da persoa abonada non fose posible a toma da lectura e esta non a facilite por calquera dos medios postos á súa disposición, correrán pola súa conta os incrementos do recibo acontecidos como consecuencia da acumulación de maior volume nos bloques de tarifa máis elevada.

## TÍTULO III. SERVIZO DE SANEAMENTO DE DEPURACIÓN

### CAPÍTULO I. CONDICIÓNS DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

#### Artigo 58 USUARIOS E USUARIAS SUXEITOS

1. Todos os inmobles, tanto públicas como privadas, susceptibles de xerar verteduras, con independencia do seu uso ou usos compartidos, estarán obrigadas a cumprir as disposicións e preceptos deste regulamento, tanto nas conexións actuais como nas previstas no futuro.

2. Segundo a orixe e as características das augas residuais que xeran, os usuarios e usuarias da rede de saneamento clasifícanse do seguinte xeito:

a) Usuarios e usuarias domésticos: aqueles que xeran augas residuais domésticas, entendendo por tales aquelas procedentes dos usos particulares das vivendas e xeradas principalmente polo metabolismo humano e as actividades domésticas. Aplicarase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivenda, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial ou profesional de ningún tipo.

b) Usuarios e usuarias non domésticos: aqueles que xeran augas residuais non domésticas, entendendo por tales aquelas vertidas dende establecementos nos que se efectúe calquera actividade comercial, industrial, de servizos, agrícola ou gandeira. Estas augas residuais, polas súas características, poden presentar nalgún momento determinado unha composición fisicoquímica, aínda que sexa accidentalmente, que supere os valores límite de emisión establecidos neste regulamento.

Á súa vez, os usuarios ou usuarias non domésticos poderanse clasificar en:

b.1) Usuarios ou usuarias comerciais: son aqueles que utilizan auga destinada ás necesidades de locais comerciais, tales como oficinas, despachos, tendas, centros privados de ensino, centros deportivos, clubs sociais e recreativos, garaxes (sen ningún tipo de actividade de lavado, engraxamento ou outros), así como en todos aqueles usos relacionados con hostalaría, restauración, aloxamento e lecer, que produzan verteduras tanto de augas residuais domésticas como asimilables a domésticas. A estes usuarios, a xuízo da entidade xestora, poderáselles esixir a instalación dun pretratamento e/ou control previo á conexión á rede pública de saneamento.

b.2) Usuarios ou usuarias industriais: os que xeran verteduras tras a utilización da auga como un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción nunha actividade industrial. As características destas verteduras serán compatibles co seu transporte e depuración polas diferentes infraestruturas do sistema de saneamento.

b.3) Usuarios ou usuarias de obras: son aqueles que fan verteduras provisionais por obras. As características destas verteduras serán compatibles co seu transporte e depuración polo sistema de saneamento.

b.4) Usuarios ou usuarias especiais: entenderase por usuarios especiais calquera outro non definido en puntos anteriores, incluídos os de carácter temporal. En todo caso, teñen a condición de usos especiais as verteduras provisionais por feiras ou outras actividades temporais na vía pública. As características destas verteduras serán compatibles co seu transporte e depuración polo sistema de saneamento.

TIPO DE USUARIO	NATUREZA DAS AUGAS RESIDUAIS			
		Domésticas	Industriais	
			Asimilables a domésticas	No asimilables a domésticas
DOMÉSTICO		SI	NON	NON
NON DOMÉSTICO	Comercial	SI	NON	NON
	Negocios	SI	SI	NON
	Industrial	SI	SI o NON	SI
	Obras	SI o NON	SI o NON	SI o NON
	Especiais	SI o NON	SI o NON	SI o NON

#### Artigo 59 INFRAESTRUTURAS E INSTALACIÓNS DO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO

1. Para os efectos deste regulamento, enténdese por Servizo Municipal de Saneamento o conxunto de bens de dominio público municipal, interrelacionados, que forman parte da rede de saneamento, da depuradora de augas residuais e das infraestruturas de vertedura.

2. A rede de saneamento, cuxo fin é a recollida, transporte e regulación das augas residuais e pluviais, de ser o caso, está composta por sumidoiros, pozos de rexistro e arquetas, colectores, depósitos de regulación, depósitos-vertedoiro e bombeos, así como doutras infraestruturas complementarias. Os vertedoiros, conducións de desaugadoiro e os emisarios son infraestruturas de vertedura do propio sistema.

3. As acometidas ao sistema non forman parte do sistema público de saneamento.

#### Artigo 60 SERVIZOS QUE SE VAN DESENVOLVER

1. A subministradora do servizo está facultada para prestación dos seguintes servizos relacionados co saneamento e coa depuración:

- Utilizar a rede pública para a captación e canalización das augas residuais fecais e pluviais ata as estacións de depuración ou as canles públicas.
- A execución de instalacións, ampliacións, substitucións, reparacións, reformas e melloras das redes e acometidas de saneamento e depuración.
- A limpeza da rede de saneamento e depuración, e traslado dos residuos ás instalacións previstas e autorizadas para tal fin.
- De maneira transitoria, a limpeza, nos supostos en que sexa posible cos medios mecánicos, das fosas sépticas das persoas abonadas ao servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración, mentres a rede de saneamento e depuración non cubra a totalidade do municipio.
- tratamento, cos medios e infraestruturas postos a súa disposición polo Concello ou, se é o caso, polas entidades públicas correspondentes, das augas residuais con anterioridade á súa vertedura nas canles públicas.

2. Os servizos regulados neste regulamento comprenden e alcanzan a poboación de Xove e a totalidade do seu territorio municipal.

#### **Artigo 61 OBRIGAS ESPECIFICAS DAS PERSOAS ABONADAS AO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

1. Agás no solo urbano, con carácter xeral as persoas propietarias dos terreos ou predios teñen a obriga de conectarse á rede de saneamento e depuración cando se encontren a menos de cincuenta metros (50 m.) da rede pública de saneamento medidos de xeito lineal segundo o trazado de canalización prevista. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entronque coa rede de saneamento municipal será determinado polo persoal técnico municipal aínda que se supere esa distancia.

Para isto, solicitarán a acometida correspondente, que se realizará á súa costa, como norma xeral. As circunstancias singulares de cada caso, como a localización en contrapendente ou a necesidade de dispor elementos especiais, serán obxecto de informe explícito e supervisión por parte do Concello de Xove.

2. No entanto, a persoa titular do servizo poderá dispensar da obrigatoriedade da conexión sinalada no punto primeiro, cando o usuario ou usuaria acredite a inviabilidade da devandita conexión por razóns técnicas, económicas ou urbanísticas debidamente xustificadas.

3. No caso de que unha actividade xeradora de augas residuais non estea obrigada á conexión á rede municipal de saneamento, ou esta non sexa posible, deberá estar provista de sistemas autónomos de saneamento (fosas sépticas ou similares) que non supoñan un risco para o medio ambiente. Estes sistemas de depuración, que implicarán unha vertedura directa ou indirecta a dominio público, deberán estar autorizados polo organismo de cunca ou a administración hidráulica competente. Corresponde ao usuario ou usuaria a limpeza periódica, conservación e mantemento dos devanditos sistemas autónomos de depuración, así como o envío a xestor/a autorizado/a dos residuos que se xeraron.

4. Os usuarios ou usuarias adoptarán as medidas ou previsións correspondentes para poder conectar as súas redes á municipal, asumindo pola súa conta os gastos de acometida. A acometida á rede municipal de saneamento definida no artigo 65 a) terá carácter privativo, incluído o punto de conexión ou entroncamento coa rede municipal, e realizarase de acordo cos condicionantes técnicos do anexo V. Correspóndenlles aos usuarios e usuarias as obrigas de limpeza, conservación e mantemento da dita acometida, a excepción daqueles casos nos que se demostre que a deficiencia ou dano a reparar non é imputable aos usuarios e usuarias.

5. Cando, como consecuencia dunha actuación pública ou privada autorizada, un usuario ou usuaria pase a dispor dunha rede do sistema público de saneamento municipal a menos de 50 metros, deberase conectar obrigatoriamente a esa rede dende a súa posta en servizo. Clausurarase o sistema autónomo existente (fosa séptica ou dispositivo similar), e isto deberá ser comprobado e certificado por persoal técnico dos servizos municipais.

6. En solo urbano non se permite a utilización de sistemas autónomos de saneamento (fosas sépticas ou similares). Todo usuario ou usuaria deberá estar conectado á rede de saneamento municipal. Se non existise rede na zona, ou estivese a máis de 50 metros e a zona non estivese incluída en polígono, a súa execución correspóndelle ao Concello.

7. En solo de núcleo rural, urbanizable e rústico, no que habitualmente non existe saneamento municipal, autorizarase, para as construcións provisionais en solo urbanizable e para as permanentes autorizables en solo de núcleo rural e rústico, o emprego de fosas sépticas ou similares baixo as premisas sinaladas no punto anterior.

#### **Artigo 62 CENSO DE POZOS NEGROS E INSTALACIÓNS DE SIMILAR NATUREZA, E OBRIGAS ADICIONAIS PARA OS SEUS USUARIOS E USUARIAS**

1. Sen prexuízo do disposto no apartado 1º do artigo 61, o Concello de Xove levará un censo de pozos negros e de sistemas de similar natureza existentes no territorio municipal, no que se reflecta a súa localización, usuario/a e demais elementos que resulten necesarios para a súa identificación e control, sendo obriga das persoas usuarias a comunicación dos datos precisos para a súa alta no mesmo e non sendo imputable a esta administración o incumprimento da dita obriga polas persoas usuarias.

2. Para tales efectos, será obriga da totalidade dos usuarios e usuarias das instalacións indicadas existentes no Concello de Xove, comunicarlle a esta Administración Municipal a súa existencia. Canda esta comunicación deberá de achegar a documentación que de seguido se relaciona:

- a) Nome, enderezo, e NIF ou CIF. No caso de que a usuaria fose unha entidade con personalidade xurídica, a identificación do epígrafe da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) no que se atope incluída a actividade desenvolvida.
- b) Títulos administrativos consonte aos que foi executada a instalación (licenza municipal e demais autorizacións sectoriais).
- c) Título de propiedade da parcela na que se localice e a súa certificación descritiva e gráfica catastral.
- d) Documentación técnica redactada por persoal técnico competente, consistente en memoria descritiva das características técnicas do pozo negro ou instalación similar, plano de situación no territorio municipal de Xove a escala 1:1000 e plano de localización sobre a parcela a escala 1:50.

3. Ademais, será obriga dos usuarios e usuarias destas instalacións proceder á limpeza, traslado e depósito en lugar habilitado dos residuos procedentes destas instalacións, cunha periodicidade de, cando menos, unha vez ao ano.

O cumprimento desta obriga regulamentaria poderá efectuarse a través de operador/a autorizado/a. Neste caso, a súa acreditación poderá levarse a efecto mediante a presentación no Concello do correspondente certificado expedido polo operador/a que realizara a tarefa, no que se indique a data da realización dos traballos de limpeza e baleirado, o volume e natureza dos residuos recollidos, e o lugar no que estes se depositaron.

4. Non obstante o indicado, no suposto de que dende estas instalacións se producise algunha vertedura directa ou indirecta de augas residuais ao dominio público hidráulico, a intervención e o control desta corresponderalle a “Augas de Galicia”, como Administración hidráulica competente na demarcación hidrográfica Galicia – Costa. En consecuencia, a persoa titular aterase ao que ao respecto resolva a devandita entidade autonómica, e terá a obriga de solicitar nela a correspondente autorización de vertedura, sen prexuízo das responsabilidades administrativas ou doutra índole en que puideran incurrir. Os valores límite da vertedura serán fixados na resolución que, se é o caso, dite o órgano competente”.

#### **Artigo 63 CENSO DE FOSAS SÉPTICAS E OBRIGAS ADICIONAIS PARA OS SEUS USUARIOS E USUARIAS**

1. Sen prexuízo do disposto no apartado 1º do artigo 61, o Concello de Xove levará un censo informatizado de fosas sépticas no territorio municipal, no que se reflecta a súa localización, usuario ou usuaria e os demais elementos que resulten necesarios para a súa identificación e control, sendo obriga das persoas usuarias a comunicación dos datos precisos para a súa alta no mesmo e non sendo imputable a esta administración o incumprimento da dita obriga polas persoas usuarias.

2. A tales efectos, será obriga da totalidade dos usuarios e usuarias das instalacións indicadas existentes no Concello de Xove, comunicar a esta Administración Municipal a súa existencia; para o que deberá de achegar a documentación que de seguido se relaciona:

- a) Nome, enderezo, e NIF ou CIF. No caso de que o seu usuario fose unha entidade con personalidade xurídica, a identificación do epígrafe da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) no que se atope incluída a actividade desenvolvida.
- b) Títulos administrativos consonte aos que foi executada a instalación (licenza municipal e demais autorizacións sectoriais).
- c) Título de propiedade da parcela na que se localice e certificación descritiva e gráfica catastral da mesma.
- d) Documentación técnica redactada por persoal técnico competente, consistente en memoria descritiva das características técnicas do pozo negro ou instalación similar, plano de situación no territorio municipal de Xove a escala 1:1000 e plano de localización sobre a parcela a escala 1:50.
- e) Declaración responsable da persoa interesada relativa á tipoloxía da vertedura realizada.

3. Ademais, será obriga dos usuarios e usuarias destas instalacións proceder á súa revisión técnica acreditativa do seu correcto estado de funcionamento, revisión que incluírá a realización das correspondentes análises de compatibilidade do efluente procedente da instalación, cos parámetros de vertedura previstos nestas ordenanzas, cunha periodicidade de, cando menos, una vez ao ano.

O cumprimento desta obriga acreditarase mediante a presentación no Concello do correspondente certificación do resultado das análises realizadas por laboratorio homologado.

4. Non obstante o indicado, no suposto de que dende estas instalacións se producise algunha vertedura directa ou indirecta de augas residuais ao dominio público hidráulico, a intervención e o control desta corresponderalle a “Augas de Galicia”, como Administración hidráulica competente na demarcación hidrográfica Galicia – Costa. En consecuencia, a persoa titular aterase ao que ao respecto resolva a devandita entidade autonómica, e terá a obriga de solicitar nela a correspondente autorización de vertedura, sen prexuízo das responsabilidades administrativas ou doutra índole en que puideran incurrir. Os valores límite da vertedura serán fixados na resolución que, se é o caso, dite o órgano competente”.

#### **Artigo 64 DEFINICIÓNS**

Para os efectos deste regulamento, entenderase:

Por verteduras residuais: toda materia residual sólida, líquida ou gasosa, incluídas as augas de refrixeración, resultante dunha actividade manufactureira ou industrial, ou de desenvolvemento, recuperación ou procesamento de recursos naturais.

Por actividade industrial: calquera establecemento ou instalación que efectúe verteduras industriais ás instalacións de saneamento.

Por augas residuais: as augas utilizadas que, procedentes de vivendas e instalacións comerciais, industrias, sanitarias, comunitarias ou públicas son admitidas nas instalacións públicas de saneamento. Divídense en dous tipos: augas fecais ou sucias e augas pluviais ou limpas.

Por augas residuais domésticas: as que están formadas polos restos líquidos procedentes da preparación, cocción e manipulación de alimentos, así como excrementos humanos ou materias semellantes vertidas a través das instalacións sanitarias das vivendas.

Por augas residuais non domésticas: as augas residuais vertidas dende establecementos en que se efectúe calquera actividade industrial, agrícola, gandeira ou calquera outra que xere verteduras diferentes das domésticas. Enténdese por actividade industrial aquela que consiste na produción, transformación, manipulación, reparación e almacenaxe de materias primas e produtos manufacturados.

Por augas pluviais: as producidas simultaneamente ou inmediatamente a continuación de calquera forma de precipitación natural e como resultado desta.

Por augas brancas: as augas que non foron sometidas a ningún proceso de transformación, de forma que a súa capacidade potencial de perturbación do medio natural non é significativa e que, polo tanto, non deben ser conducidas mediante os sistemas públicos de saneamento. As augas pluviais terán carácter de augas brancas ou de augas residuais, en función do seu percorrido de escurredura

Por augas de infiltración: aquelas que proceden do subsolo e penetran na rede de sumidoiros a través das xuntas e tubaxes defectuosas, conexións e paredes de pozos de rexistro. Tamén teñen a súa orixe en incorporacións de mananciais, fontes, achique de sotos e entradas por vertedoiros.

Por verteduras perigosas: toda vertedura non fortuíta, voluntaria ou involuntaria, que pola súa negligencia ou mala fe poida ocasionar unha emerxencia real ou potencial ás persoas, instalacións ou á propia canle receptora.

Por verteduras limitadas: toda vertedura que polo seu potencial contaminador e baixo certas limitacións poida tolerarse nas instalacións municipais e na súa canle receptora.

Por verteduras permitidas: calquera vertedura tolerable ou inofensiva que teña concedida a correspondente autorización de vertedura.

Por verteduras prohibidas: aquelas verteduras que pola súa natureza e perigosidade son totalmente inadmisibles nas instalacións de sumidoiros e depuración, ou aquelas que excedan dos parámetros establecidos no presente regulamento.

Autocontrol: seguimento e control dos contaminantes verteduras, e de calquera outro parámetro relacionado con eles, levado a cabo pola persoa titular da actividade ou por unha entidade competente definida por ela.

Contaminación: a introdución directa ou indirecta, como consecuencia da actividade humana de substancias ou calor na atmosfera, a auga ou o solo, que poden ser prexudiciais para a saúde humana ou para a calidade dos ecosistemas acuáticos, ou dos ecosistemas terrestres que dependen directamente de ecosistemas acuáticos, e que lles causen danos aos bens materiais ou deteriorenen ou dificulten o goce e outros usos lexítimos do medio.

Contaminantes das augas: calquera substancia que poida causar contaminación, en particular as substancias que se relacionan no anexo I-B deste Regulamento.

Habitante equivalente: carga orgánica biodegradable cunha demanda bioquímica de osíxeno en cinco días (DBO ) de 60 gramos de osíxeno por día.

Mostra: toda porción de auga que represente o máis exactamente posible o fluxo obxecto de control.

Mostra simple: é aquela tomada nun tempo e lugar determinados para a súa análise individual.

Mostra composta: a obtida mediante a mestura e homoxeneización de varias mostras simples recollidas no mesmo punto en diferentes instantes de tempo. Existen dous tipos de mostra composta.

Mostra composta por tempo: a obtida mediante a mestura e homoxeneización de varias mostras simples de igual volume, tomadas a intervalos constantes durante o período de mostraxe.

Mostra composta por caudal: a obtida mediante a mestura e homoxeneización de varias mostras simples tomadas de tal xeito que o volume de cada mostra simple é proporcional ao caudal ou volume de auga durante o período de mostraxe.

Mostra integrada: a obtida mediante a mestura e homoxeneización de mostras simples recollidas en puntos diferentes e simultaneamente.

Planta de tratamento previo: conxunto de infraestruturas, mecanismos e instalacións privadas destinadas ao tratamento das augas residuais dunha ou varias actividades industriais ou comerciais para a súa adecuación ás esixencias deste regulamento e para posibilitar a súa admisión no sistema municipal de saneamento.

Rede de sumidoiros privada ou particular: conxunto de instalacións de propiedade privada que recollen as augas residuais e/ou pluviais procedentes dunha ou varias actividades ou domicilios e as verten á rede pública municipal de saneamento.

Sección de control: cámara ou arqueta, e posibles instalacións e equipamentos complementarios, polos que circulan as verteduras dun usuario ou usuaria e onde poderán ser medidas e sometidas a mostraxe para a súa correspondente vixilancia e seguimento, antes da súa incorporación á rede de saneamento.

Sistema de Xestión Medioambiental (SXMA): o definido polo Regulamento (CE) número 1221/2009, do 25 de novembro de 2009.

Sistemas unitarios de saneamento: aqueles que constan dunha soa canalización pola que, en tempo seco, circulan augas residuais urbanas e, en tempo de choiva, asume tamén a función de conducir e drenar as augas pluviais. Nesta canalización mestúranse ambos os dous tipos de augas.

Sistemas separativos de saneamento e pluviais: aqueles que dispoñen de dúas redes independentes: unha delas transporta as augas residuais de orixe doméstica, comercial, industrial e de infiltración ata a EDAR, denominada “rede de saneamento de augas residuais”, e a outra conduce as augas pluviais ata o medio receptor, ou ata un tratamento previo á vertedura, denominada “rede de pluviais”.

Tratamento previo á vertedura: operacións ou procesos unitarios de depuración, de calquera tipo que sexan empregados para reducir ou neutralizar a concentración ou as cargas dun contaminante de forma previa á vertedura á rede pública municipal de saneamento.

Valor límite de vertedura ou valor límite de emisión: cantidade ou concentración dun contaminante ou grupo de substancias contaminantes, cuxo valor non debe ser superado pola vertedura dentro dun ou varios períodos determinados. Neste regulamento aplícanse os seguintes valores límite: valor medio diario máximo (VMDM) e valor instantáneo máximo (VIM).

### **Artigo 65 ELEMENTOS MATERIAIS DO SERVIZO**

Son elementos materiais do servizo de saneamento e depuración os seguintes:

As acometidas, a rede de saneamento e depuración, as estacións elevadoras, as estacións depuradoras, os pozos de rexistro, os embornais e os tramos artificiais da rede natural de evacuación de augas pluviais.

A. Acometida.- É o conxunto de canalizacións e outros elementos que unen a rede de saneamento e depuración coa instalación do inmovible que se pretende sanear. A acometida constará dos seguintes elementos:

A.a. Arqueta de arrinque.- Situada no límite da propiedade, na zona pública, serve de conexión entre a tubaxe de saída de augas residuais da propiedade e a cloaca da acometida.

A.b. Cloaca ou albañal.- É o treito de canalización que vai desde a arqueta de arrinque ou límite da propiedade ata a rede de saneamento.

Entronque.- É o punto de unión da cloaca da acometida coa rede de saneamento e depuración, que debe ser un pozo de rexistro.

B. Rede de saneamento e depuración.- É o conxunto de condutos e instalacións que serven para evacuar as augas residuais e/ou pluviais.

B.a. Rede primaria.- Son aquelas canalizacións da rede de saneamento e depuración consideradas colectores principais, que enlazan diferentes sectores da zona saneada sen que nelas se poidan realizar acometidas, ou de xeito moi puntual derivacións especiais.

B.b. Rede secundaria.- Son as tubaxes da rede de saneamento e depuración que corren ao longo dunha vía pública ou privada “naqueles casos nos que non sexa posible o uso da vía pública e sempre e cando se obteña, a través dos medios legalmente establecidos, a titularidade do terreo que se vai ocupar ou da servidume de paso” e das que se derivan, se é o caso, as acometidas para as verteduras e os embornais. A súa definición terá que ser aprobada polo Concello a proposta da subministradora do servizo e dos servizos técnicos municipais.

C. Estación elevadora.- É o conxunto de obras e elementos mecánicos que, instalados nunha rede de saneamento serven para forzar a circulación das augas residuais.

D. Estación depuradora.- É aquela instalación onde se someten as augas residuais a un tratamento de depuración física, biolóxica ou química, tal que permita a súa posterior reutilización para diversos fins ou a súa reincorporación ao medio natural sen alteralo.

### **Artigo 66 ACOMETIDAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

1. Enténdese por acometida de saneamento e depuración a canalización das augas residuais dunha instalación, edificio (establecemento) ou nave industrial, que se estende dende a arqueta situada no bordo do terreo ou propiedade pública ou privada ata o pozo de rexistro da rede saneamento ao que está conectado. Nas instalacións onde puidese faltar o pozo de rexistro, entenderase que a acometida remata, excepcionalmente, nun colector da rede secundaria.

As instalacións que non se axusten a estas normas estarán obrigadas a adaptarse ante calquera modificación ou reparación nas acometidas. O custo correspondente será a cargo da persoa abonada. Para os efectos das obrigas da subministradora do servizo cando non exista arqueta no bordo do predio, edificio ou nave industrial, está deberá realizar ao seu cargo exclusivamente a limpeza da rede xeral de saneamento á que estea conectada a acometida. Os custos de mantemento, substitución e reparación da acometida de saneamento do/a subscritor/a serán a cargo deste.

2. As acometidas de saneamento realizaraas a subministradora do servizo instalador ou instaladora autorizado/a e comprenden dende a arqueta de rexistro situada no límite da propiedade da persoa abonada ata o seu entroncamento no pozo de saneamento ou no colector da rede secundaria.

3. As acometidas de saneamento que, pola súa antigüidade e mal estado, non cumpran correctamente as súas funcións e deban ser substituídas na súa totalidade suporán a realización por parte subministradora do servizo dun orzamento que lle será presentado á persoa abonada para proceder ao cambio de acometida. Se a abonada non se fixese cargo deste orzamento, a subministradora do servizo quedará eximida de toda responsabilidade fronte aos eventuais efectos de mal funcionamento da acometida de saneamento, que asumirá exclusivamente a abonada.

#### **Artigo 67 SOLICITUDE DE ACOMETIDA**

1. A solicitude de acometida á rede de sumidoiros deberá presentarse de forma independente para cada terreo ou predio que legal ou fisicamente constituía unha unidade de edificación. Cada unha desas solicitudes deba cumprir, por separado, as condicións previstas neste regulamento.

2. Consideraranse unidades de edificación independentes os edificios dun único portal ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, o Concello ou, se é o caso, a subministradora do servizo poderá decidir a conveniencia de realizar unha única acometida, así como o lugar en que se ten que situar.

3. Os locais que estean situados nas plantas inferiores das unidades independentes de edificación, aínda cando non teñan acceso común, deberán verter á correspondente arqueta xeral interior do inmovible.

4. Nalgúns casos, a xuízo do Concello, previo informe da subministradora do servizo, ou como aplicación da norma correspondente, a persoa titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmovible poderá solicitar acometidas independentes.

5. Denegarase as solicitudes de acometida á rede municipal de saneamento e depuración cando non se cumpran as condicións sinaladas no artigo 10.

1. Cando non se presentara algún dos documentos esixidos e mentres non se presenten.

2. Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiros e non se acredite a constitución da servidume de paso ou a adquisición da franxa de terreo afectada.

#### **Artigo 68 TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES**

Na solicitude de vertedura a rede de saneamento de todos aqueles usuarios e usuarias que estean obrigados a facelo segundo se indica no Decreto 141/2012, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, achegarán canda a solicitude a documentación requirida en dito Decreto ou normativa que o substitúa ou complemente. Farase constar, como mínimo e salvo excepcións, o contemplado no anexo II, e sempre respectando o establecido con respecto aos permisos de vertedura no Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.

#### **Artigo 69 APROBACIÓN E DENEGACIÓN DE ACOMETIDAS**

A aprobación ou denegación de toda acometida á rede de saneamento ou ampliación desta corresponderalle ao Concello de Xove.

#### **Artigo 70 DETERMINACIÓN E EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS**

1. A execución das acometidas será competencia da subministradora do servizo ou instalador/a autorizado que realizará os traballos e instalacións correspondentes a cargo da persoa abonada, xa sexa esta a construtora do inmovible ou a propietaria do predio.

3. Toda acometida á rede de saneamento e depuración deberá dispoñer dunha arqueta de rexistro no límite da propiedade da persoa abonada.

4. Se a subministradora do servizo detecta unha acometida que non cumpra os criterios aquí establecidos, as modificacións que sexa necesario facer para axustala ao presente regulamento, serán por conta das persoas promotoras desta.

5. A limpeza das acometidas de saneamento e depuración serán executadas pola persoa abonada. No caso de realizala a subministradora do servizo, os gastos correrán por conta da abonada.

6. A subministradora do servizo indicará as modificacións que deban efectuarse na rede existente e que tamén satisfará o/a petionario/a, logo da conformidade do Concello de Xove.

7. As acometidas á rede de saneamento e depuración que realice a subministradora do servizo para os novos usuarios e usuarias correrán por conta destes e abonaranse á dita entidade unha vez que o Concello aprobe a execución da obra e antes de realizala.

8. O cadro de prezos que se aplicará será o vixente no momento de formularse a solicitude de acometida.

9. A subministradora do servizo realizará a acometida no prazo máximo de un mes a partir da notificación da autorización municipal.

10. Para proceder á execución da acometida do saneamento e depuración, o/a propietario/a do inmovible e a persoa abonada deberá depositar con anterioridade ao comezo das obras o importe íntegro do orzamento que, conforme ao cadro de prezos aprobado polo concello, establecera a subministradora do servizo.

#### **Artigo 71 MODIFICACIÓN DE ACOMETIDAS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN POR VARIACIÓN DAS CONDICIÓNIS INICIAIS DE SOLICITUDE**

1. Cando, con ocasión da reforma, ampliación ou reparación dun edificio ou nave industrial, incremente o número de vivendas, establecementos ou locais, ou varíen as condicións de vertedura, o/a propietario/a ou promotor/a estará obrigado a solicitar da subministradora do servizo as novas acometidas, en caso necesario, e a modificación das altas do servizo que este incremento orixine. As novas acometidas serán executadas pola subministradora do servizo con cargo ao propietario/a ou abonado/a, e axustaranse ás normas e procedementos que se recollen neste regulamento.

2. No caso de que a subministradora do servizo descubrixe a realización de obras de saneamento e depuración non comunicadas, levantarase acta deste feito e a subministradora do servizo proporalle ao Concello a actuación que corresponda.

#### **Artigo 72 OBRIGATORIEDADE DO SANEAMENTO**

1. Os edificios existentes ou os que se constrúan con fachada á unha vía na que exista rede de saneamento pública deberán verter a esta as súas augas residuais a través da correspondente acometida, sempre que as ditas augas reúnan as condicións físico-químicas esixidas neste regulamento e unha vez obtida a preceptiva licenza municipal ou comunicación previa eficaz, segundo proceda. Poderase esixir que faga constar a natureza dos efluentes e as medidas de pretratamento que sexan esixibles, se é o caso.

2. Se a edificación tivese fachada a máis dunha vía pública, o/a propietario/a poderá escoller a rede de saneamento público ao que vai verter as súas augas, salvo que existan razóns técnicas que o impidan.

3. A obrigatoriedade de vertedura á rede de saneamento sumidoiros pública está regulada na correspondente lexislación autonómica, Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia ou normativa que a substitúa, para cada clase de solo.

4. Cando non exista rede de saneamento público fronte ao solar, en solo urbano, o/a propietario/a deberá conectar coa rede existente e executar a extensión que corresponda. Para estes efectos informará a subministradora do servizo do punto de entronque e virá reflectido no proxecto correspondente.

5. As persoas propietarias daqueles edificios xa construídos na data de entrada en vigor deste regulamento deberán axustarse ás seguintes condicións:

- Se tivesen desaugadoiro por medio de pozo negro ou foxa séptica, e sexa tecnicamente posible a súa conexión á rede de saneamento, os/as propietarios/as están obrigados a enlazar o dito desaugadoiro con esta, a través da acometida correspondente; a modificar a rede interior do inmovible para conectala coa referida acometida, se fose preciso; e a cegar o antigo sistema.
- Se tales edificios tivesen desaugadoiro a ceo aberto, directa ou indirectamente, sen tratamento previo, ou con calquera sistema de tratamento incorrecto que produza unha vertedura anómala, as persoas interesadas estarán obrigadas a enlazar o dito desaugadoiro coa rede de saneamento, salvo que se trate de vivendas unifamiliares en zonas carentes de rede de saneamento e noutros casos excepcionais, nos que o Concello poderá autorizar a depuración completa individual das augas residuais ou a vertedura a ceo aberto das augas pluviais, sen prexuízo da obriga de enlazar coa rede de saneamento pública cando se constrúa. Non obstante, rexerá o disposto na normativa do Plan xeral vixente.
- Se tivesen desaugadoiro unitario (residuais e pluviais) á rede de saneamento, e fronte ao solar exista rede de saneamento separativa, estarán obrigados a enlazar separadamente as augas residuais e as pluviais, a través das correspondentes acometidas e a modificar a rede interior do inmovible para a súa conexión se fose preciso.

6. Transcorrido o prazo de quince días dende o requirimento que para tal efecto dirixirá a Administración municipal ou a subministradora do servizo á persoa propietaria interesada, sen que esta eliminara a vertedura anómala, ou solicitara a acometida de desaugadoiro, o Concello ou a subministradora do servizo, procederá á súa construción, con cargo á persoa interesada, sen prexuízo de aplicación das sancións procedentes ata tanto non modifique a rede interior para o enlace correcto á acometida, independentemente daquelas outras sancións que procedan por vertedura a ceo aberto.

7. Estas obrigas só serán esixibles no solo de núcleo rural cando na vía pública á que teña fachada a parcela edificada exista rede de saneamento público ou cando a houbese a unha distancia inferior a 50 m (medida na liña da canalización que se vai colocar), sempre que non o impidan as circunstancias singulares como a localización en contrapendente ou a necesidade de dispor elementos especiais. Estas circunstancias singulares serán obxecto de informe e supervisión por parte do Concello.

**Artigo 73 INSTALACIÓN INTERIOR E BOMBEOS PARTICULARES DE AUGAS RESIDUAIS**

1. As instalacións interiores de desaugadoiro dun edificio que se localicen a cota inferior á rasante da rúa deberan ser completamente estancas.
2. Naqueles casos en que os desaugadoiros dun edificio se atopen a cota inferior á do colector da rúa, as persoas propietarias instalarán ao seu cargo a infraestrutura e equipo de bombeo necesario para efectuar a vertedura á rede pública.

**Artigo 74 POSTA EN SERVIZO DA ACOMETIDA**

1. Realizada a acometida, esta non poderá ser utilizada ata despois da formalización da correspondente alta de saneamento e depuración que, en todo caso, non se formalizará ata comprobar o correcto estado das instalacións interiores do edificio.
2. Pasado un ano desde a posta en marcha do servizo, se non se formula ningunha reclamación sobre a acometida, entenderase que o/a propietario/a do terreo ou predio está conforme coa súa instalación.

**Artigo 75 ACOMETIDAS DE PLUVIAIS**

1. Nas zonas onde a rede de saneamento sexa separativa “deseñada para o transporte de augas residuais e pluviais independentemente” é obrigatorio realizar unha acometida pola que evacuar exclusivamente as augas da choiva independente da acometida de residuais.
2. O disposto no parágrafo anterior é igualmente obrigatorio para todos aqueles inmobles existentes antes da entrada en vigor do presente regulamento. Estes inmobles terán que modificar a rede interior, se fose preciso, e realizar a acometida pola que evacuar exclusivamente as augas pluviais
3. Independentemente da existencia ou non de rede separativa, as novas edificacións deberán contar con acometidas separadas para fecais e pluviais respectivamente.
4. O disposto no parágrafo anterior será igualmente esixible en aquelas edificacións existentes que sexan obxecto de obras de reconstrución, rehabilitación, consolidación e gran reparación.

**Artigo 76 CONSERVACIÓN DE ACOMETIDAS**

A vixilancia, conservación e reparación das acometidas cando exista arqueta no borde do predio, edificio ou nave industrial será sempre competencia exclusiva da subministradora do servizo que realizará os traballos correspondentes ao seu cargo ata a arqueta de rexistro.

**Artigo 77 AMPLIACIÓN DE ACOMETIDAS**

No caso de que un terreo ou predio, despois de realizada a acometida, aumente o número de servizos ou amplíe o número de vivendas e as instalacións existentes sexan insuficientes para unha normal satisfacción das novas necesidades, solicitarase á subministradora do servizo a substitución da acometida por outra axeitada. Os gastos que teñan que facerse en virtude da demanda correrán por conta das persoas abonadas.

**Artigo 78 ACOMETIDA EN DESUSO**

Finalizado ou rescindida alta de vertedura, o ramal de acometida queda a libre disposición da persoa titular.

**Artigo 79 PEQUENAS AMPLIACIÓNS E MELLORAS NA REDE**

1. Para os efectos deste regulamento, considérase a necesidade de realizar pequenas ampliacións e melloras na rede de saneamento existente, nos seguintes casos:
  - Cando, existindo redes secundarias de saneamento nalgún terreo público lindeiro co inmovible, o novo enganche represente un aumento apreciable de caudal no saneamento.
  - Cando a distancia ata o punto de conexión sexa superior a 20 m.
  - Cando non exista rede na marxe do inmovible.
  - Cando, aínda existindo rede, esta se poida catalogar como primaria.
2. Nos casos de vías en solo urbano con servizo defectuoso, deficiente ou incompleto que non permita satisfacer un servizo axeitado se se aumentan as verteduras, redactarase e someterase a aprobación municipal o correspondente proxecto de obras de urbanización que faga posible un servizo de saneamento axeitado.
3. O Concello deberá coordinar a implantación e mellora do servizo de saneamento e depuración con outros servizos urbanísticos a levar a cabo na mesma vía, especialmente pavimentación e encintado de beirarrúas baixo as que teña que implantarse, co fin de evitar levantamentos, roturas e reposicións de pavimento innecesarios.
4. Cando cumpra efectuar unha prolongación da rede xeral para executar unha acometida, correrán por conta da persoa abonada a totalidade dos gastos que se orixinen. Estes gastos faranse constar no orzamento que se confeccione. Ao finalizar a execución das obras, a acometida pasará a ser propiedade municipal, unha vez comprobada a súa correcta execución segundo o indicado no art 82.6.

5. A execución dos entronques coa rede de saneamento e as acometidas serán competencia exclusiva da subministradora do servizo.
6. A execución das obras de ampliación cumprirán coas condicións e especificacións técnicas e sanitarias regulamentarias que garantirá a dirección, vixilancia e control na súa execución que será supervisada, antes da súa recepción, pola subministradora do servizo.
7. As prolongacións da rede deberán discorrer, con carácter xeral, por terreos de dominio público, ou excepcionalmente dispor da servidume de paso necesaria para o mantemento que non se poderá obstaculizar e que terá unha anchura continua de tres metros e medio.
8. Nos casos en que a persoa solicitante da prolongación da rede non sexa propietaria dos terreos polos que ten que discorrer e se non existe outra alternativa, terá que acordar coa propietaria a adquisición do terreo necesario ou constituír unha servidume de acueduto.
9. Dada a propiedade municipal das ampliacións da rede de saneamento e depuración, a subministradora do servizo ten plena liberdade para conectar a estas instalacións as acometidas xa existentes na zona ampliada.

#### **Artigo 80 COLECTORES EN PROPIEDADES PARTICULARES**

A subministradora do servizo non asume responsabilidade ningunha polas filtracións, inundacións, afundimentos e, en xeral, calquera tipo de dano que se produza en propiedades particulares, como consecuencia do mal funcionamento de conducións que discorran por terreos excluídos do viario público, se non dispón de acceso expedito segundo o sinalado.

#### **Artigo 81 URBANIZACIÓNS E POLÍGONOS**

1. Para os efectos deste regulamento, entenderase por urbanizacións e polígonos aqueles conxuntos de terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación dunha infraestrutura viaria e de servizo entre as distintas parcelas ou solares en que se divide o terreo e destas coa zona urbanizada da contorna urbana.
2. As instalacións da rede de saneamento (fecais e pluviais) e depuración do polígono ou urbanización anteriormente definidos ou para solares ou inmoables situados naquel, que posteriormente lle poida afectar á aceptación da propiedade das instalacións por parte do Concello de Xove para a súa adscripción á rede xeral do servizo saneamento e depuración, executaráas, ao seu cargo, a promotora ou propietaria, con suxeición ao correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello previo informe da subministradora do servizo. A execución das obras necesarias para os novos servizos contarán coa previa tramitación administrativa que corresponda.
3. O permiso de conexión de saneamento para o polígono ou urbanización anteriormente definido, así como para os solares e inmoables situados nel, estará supeditado ao cumprimento previo das seguintes condicións:
  - a) As redes interiores de distribución e demais instalacións necesarias para o correcto saneamento e depuración das ditas urbanizacións ou polígonos responderán a esquemas aprobados polo Concello, previo informe da subministradora do servizo, e deberán definirse e dimensionarse en proxecto redactado polo persoal técnico competente, e aprobado polo Concello, previo informe da subministradora do servizo no que propondrá as probas que se deban realizar no transcurso das obras e antes da recepción con suxeición aos regulamentos e normas técnicas de aplicación. Estas probas terán que ser executadas por conta e a cargo da promotora ou propietaria da urbanización ou polígono.
  - b) As obras e instalacións definidas no proxecto aprobado, así como as modificacións que, convenientemente autorizadas polo Concello de Xove previo informe da subministradora do servizo, se introduzan durante o desenvolvemento destas, executaranse igualmente na súa totalidade por conta e cargo da promotora ou propietaria da urbanización ou polígono baixo a dirección de persoal técnico competente.
4. A subministradora do servizo terá acceso á execución e inspección das obras no seu transcurso; informará e poderá esixir, tanto no seu desenvolvemento como na súa recepción ou posta en servizo, cantas probas e ensaios estime convenientes para garantir a idoneidade da execución das instalacións e o cumprimento das especificacións de calidade dos materiais previstos no proxecto. Os gastos derivados das ditas probas correrán a cargo da promotora ou propietaria da urbanización ou polígono. Cando rematen as obras, esta informará, vistos os resultados das probas de calidade previstas no proxecto tramitado, de todas as probas e ensaios executados no desenvolvemento das obras e dos esixidos polo Concello de Xove previos á recepción, co obxecto de garantir o cumprimento das especificacións de calidade dos materiais previstos e a correcta execución das obras.
5. Os enlaces ou acometidas das redes interiores da urbanización ou polígono, coas conducións da rede xeral baixo dominio da subministradora do servizo, así como as modificacións e reforzos que tivesen que efectuarse nestas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitados no proxecto previo, supervisadas pola subministradora do servizo e a cargo da promotora ou propietaria da urbanización, consonte ao cadro de prezos aprobado polo Concello de Xove.
6. Unha vez rematadas as instalacións das redes interiores da urbanización ou polígono, con carácter previo á recepción tramitada polos servizos técnicos municipais, a subministradora do servizo verificará e informará as

instalacións. Así que o Concello reciba as instalacións e lle comunique a súa adscrición ao servizo, a subministradora asumirá a xestión e o mantemento.

### **Artigo 82 CONDICIÓN DA REDE DE SANEAMENTO**

1. O saneamento será separativa con carácter xeral, co obxecto de non levar augas limpas á depuración e de conducir as augas residuais ás instalacións de depuración completa antes de vertelas ás canles públicas naturais ás que, en cambio, desaugarán directamente e pola superficie do terreo ou á rede de pluviais as augas de choiva (augas pluviais). Atenderase ás ordenanzas municipais do Concello de Xove, ás Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia (ITOHG) elaboradas por Augas de Galicia, ou á normativa que as substitúa.

2. As seccións mínimas dos tubos para a rede de saneamento serán de 315 mm de diámetro con carácter xeral, cun mínimo de 250 mm para que sexa viable a supervisión con cámara, aplicable tamén para os desaugadoiros dos sumidoiros e executaranse preferiblemente en PVC liso. As acometidas domiciliarias disporán dun diámetro mínimo de 200 mm, que se poderá reducir a 160 mm para vivendas unifamiliares. As velocidades máximas serán de tres metros por segundo (3 m/s) cando os condutos sexan de cemento centrifugado e vibrado (material que se reserva para augas pluviais). Poderán aumentarse a valores maiores en tubos de materiais que o possibiliten pola dureza do seu revestimento nos casos en que isto sexa preciso.

3. As pendentes mínimas nos ramais iniciais serán do un por cento (1%) e nos demais determinarase de acordo cos caudais para que as velocidades mínimas do efluente, non descendan de cero con cinco metros por segundo (0,5 m/s) para evitar sedimentos, e a velocidade máxima admisible de 3 m/sg, para evitar erosión nos tubos. En todo caso, o proxecto requirido reflectirá os perfís lonxitudinais coas pendentes que correspondan.

4. As conducións serán subterráneas, seguindo o trazado da rede viaria ou espazos públicos libres. Salvo imposibilidade técnica, o recubrimento mínimo do tubo, medido desde a súa xeratriz superior, será de 1,20 m, e preferiblemente de 1,50 m. En todo caso deberá situarse a nivel inferior ao das conducións de abastecemento circundante. De discorrer preto, en paralelo, as canalizacións do sistema separativo a de fecais disporase a cota inferior.

5. As obras especiais de aliviadoiros ou sifóns disporán de pozos de limpeza á entrada e saída da obra especial correspondente.

6. Disporanse de pozos de rexistro cada 50 m como máximo, en todos os cambios de aliñación e

7. Cando as augas de choiva se evacúen pola rede de saneamento disporanse sumidoiros cada 40 m como máximo e cunha afección de cada 400m<sup>2</sup>, en todos os cruces das rúas.

8. As xuntas serán estancas. Utilizarase preferentemente a solución elástica mediante xunta de goma. Prohíbese a utilización de unións ríxidas, salvo que se xustifique mediante un tratamento axeitado a súa impermeabilidade. Os pozos, arquetas e sumidoiros deberán ser estancos e deberán tratarse adecuadamente as superficies que estean en contacto coa auga.

9. Toda a rede de saneamento e depuración que se proxecte en solo urbano ou urbanizable acometerá a rede municipal. A dita conexión resolverase nun pozo de rexistro. Así mesmo, a conexión ao saneamento das acometidas domiciliarias e dos desaugadoiros de saneamento e depuración farase tamén mediante arquetas de rexistro.

### **Artigo 83 EXECUCIÓN DE INSTALACIÓNS INTERIORES**

1. As instalacións interiores executaraas un instalador/a autorizado/a polo organismo que corresponda e cumprirán as normas vixentes no momento da alta. No inicio da instalación interior do edificio ou propiedade disporase nun lugar accesible, como mínimo, de dúas arquetas rexistrables: unha para augas residuais e outra para pluviais.

2. A persoa abonada do servizo da rede de saneamento estará obrigada a comunicarlle á subministradora do servizo calquera modificación que realicen na disposición ou nas características das súas instalacións interiores.

3. Cando a acometida de saneamento non teña acceso mediante unha arqueta, será obriga da persoa abonada a súa execución en caso de ter que proceder á súa limpeza.

### **Artigo 84 INSPECCIÓN DA INSTALACIÓN INTERIOR**

1. A instalación interior executada pola persoa propietaria e/ou usuaria estará sometida á comprobación do Concello de Xove, previo informe da subministradora do servizo e/ou dos organismos competentes da Administración, cando proceda, co fin de constatar se foi executada segundo as normas e as prescricións deste regulamento e demais disposicións aplicables.

2. Se a instalación interior non se axusta ao indicado no paragrafo anterior, non se permitirá vertedura e adoptaranse as medidas pertinentes.

### **Artigo 85 MATERIAIS DA INSTALACIÓN INTERIOR**

Non se imporá á persoa abonada a obriga de adquirir o material para a súa instalación interior nin nos almacéns da subministradora do servizo nin noutro determinado, e só se lle esixirá que se axuste ao que dispoñan as normas para as instalacións interiores de saneamento.

**Artigo 86 PROHIBICIÓNS DE MESTURAR VERTEDEURAS DE DIFERENTES PROCEDENCIAS**

Aínda cando a rede de saneamento e depuración sexa de sistema unitario “deseñado para o transporte das augas residuais e pluviais conxuntamente” as instalacións interiores executaranse de tal forma que as verteduras se realicen de forma independente ás arquetas respectivas segundo a súa procedencia, é dicir, separando as augas pluviais das augas residuais domésticas ou das augas residuais industriais.

**Artigo 87 MEDICIÓN DE CAUDAIS**

1. A medición de caudais de vertedura realizarase como norma xeral de maneira indirecta, en función da cantidade de auga potable utilizada polo usuario, medida en m3.
2. De forma excepcional, cando a persoa abonada non dispoña do servizo de abastecemento de auga potable municipal pero si efectúe verteduras á rede municipal de saneamento e depuración, o seu caudal determinarase da forma prevista na ordenanza fiscal correspondente.

**Artigo 88 GARANTÍA DE ALTURA E CAUDAL**

A subministradora do servizo está obrigada a tomar todas as medidas posibles para garantir a vertedura a altura da rasante da vía pola que o inmovible teña a súa entrada. Cando as condicións técnicas da vertedura (altura e/ou caudal) sexan insuficientes para as necesidades desta, a persoa abonada deberá realizar pola súa conta as instalacións necesarias para a consecución das ditas condicións, utilizando para iso os sistemas e materiais homologados polos organismos competentes. De utilizarse materiais non incluídos na normativa técnica local, estes deberán ser aprobados pola persoa titular do servizo, e a dita titular, se o considera necesario, poderá requirir previamente a xustificación da súa idoneidade á xestora do servizo.

**Artigo 89 CARÁCTER DA VERTEDEURA**

O carácter do vertedura tipificarase en:

- a) Augas pluviais.- Augas resultantes da escorrentía de precipitacións atmosféricas ou procedentes de mananciais.
- b) Augas residuais domésticas.- As que están formadas polos restos líquidos da preparación, coción e manipulación de alimentos, así como excrementos humanos ou materias similares producidas nas instalacións sanitarias das vivendas ou nas instalacións comerciais, industriais, sanitarias, comunitarias ou públicas.
- c) Augas residuais industriais/comerciais/especiais.- As que conteñen os restos dos procesos e actividades das instalacións xa mencionadas e que non son augas residuais domésticas.

**Artigo 90 PROHIBICIÓNS E LIMITACIÓNS**

1. Queda totalmente prohibido:

- a) A vertedura á rede de saneamento das substancias relacionadas no anexo I-A, “Verteduras prohibidas”, deste regulamento.
- b) A dilución para conseguir os niveis de emisión que permitan a vertedura á rede de saneamento excepto nos supostos de urxencia ou de perigo inminente e, en todo caso, previa comunicación ao Concello de acordo co disposto no artigo 100 .
- c) A vertedura de augas residuais ou calquera outro tipo de residuos dende camións cisterna ou doutro tipo, á rede de saneamento.
- d) A vertedura á rede de saneamento de augas brancas cando poida adoptarse unha solución técnica alternativa por existir na contorna da actividade unha rede separativa ou unha canle pública.
- e) A vertedura procedente de actividades agropecuarias e, en concreto cortes e granxas, á rede de saneamento municipal. As augas residuais xeradas nesas actividades deberán ser xestionadas de acordo coa normativa de aplicación.

2. Limitacións á vertedura:

- a) As verteduras industriais que conteñan substancias das relacionadas no anexo II deste regulamento deberán respectar as limitacións alí establecidas, sen que poida admitirse a dilución para conseguir os devanditos límites.
- b) Como norma xeral, o caudal de augas residuais verterase de forma distribuída ao longo do día. En todo caso, como norma xeral, os caudais máximos instantáneos non poderán superar o triplo do caudal medio diario autorizado. Esta limitación poderá variar, en función das posibilidades da rede e das estratexias de explotación do xestor do servizo, previa comunicación á persoa usuaria.
- c) A xestora do servizo poderá obrigar a reducir ou regular o caudal da vertedura das industrias cando as condicións da rede ou as instalacións de depuración así o aconsellen, ou en casos en que este constitúa un grave risco para o sistema no seu conxunto, incluído o medio receptor. Poderá requirirse a imposición dun réxime de vertedura determinado, nun horario e cun caudal específico e a persoa usuaria deberá implantar os medios de almacenamento temporal, regulación e bombeo precisos. Esta obriga poderá ter carácter temporal, estacional ou permanente.

- d) As actividades con verteduras que incorporen substancias perigosas deberán cumprir os valores límite de emisión establecidos na normativa vixente en materia de augas.

## **CAPÍTULO II. PERMISO DE VERTEDEURA**

### **Artigo 91 CONDICIÓN PARA A UTILIZACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO**

1. Quedan obrigados a obter o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento os seguintes usuarios e usuarias:

- a) Os usuarios e usuarias non domésticos cuxa actividade estea comprendida nas correspondentes epígrafes da vixente CNAE-2009, aprobada polo Real decreto 475/2007, equivalentes ás epígrafes C, D, E e F do CNAE-93, segundo os cadros de equivalencias entre a CNAE-93 e a CNAE-2009 elaborados polo Instituto Nacional de Estatística, así como aqueles outros non domésticos cuxa vertedura sexa superior a 2.000 metros cúbicos anuais, xunto a aqueles outros que veñan obrigados como consecuencia dun cambio normativo posterior aprobado pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Os usuarios e usuarias cun volume de vertedura inferior a 2.000 metros cúbicos anuais, pero que orixinen contaminación especial nos termos do artigo 47.1.c) da Lei 9/2010, de augas de Galicia.
- c) Todas as actividades que incorporen auga en proceso e/ou estean obrigadas pola Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- d) As persoas usuarias que utilicen augas cuxa procedencia non sexa de rede de abastecemento municipal.
- e) Os concellos cuxa rede de saneamento municipal verta á de propiedade deste Concello.

2. O resto das usuarias cuxa actividade xere augas residuais domésticas quedan suxeitas en todo caso, ás prohibicións establecidas no anexo I deste regulamento.

3. O/a titular do servizo poderalle esixir ao peticionario ou peticionaria a caracterización da vertedura por un laboratorio acreditado para determinar o tipo de usuario/a de que se trata.

4. O permiso de vertedura outorgaráselle a cada usuario/a en función das características específicas do seu sector de actividade, da súa compatibilidade cos tratamentos da EDAR, da perigosidade do seu efluente e dos caudais de vertedura xerados. Isto pode supor un aumento ou unha diminución dos valores límite dos parámetros do anexo II, tal como se especifica a seguir:

- a) A calquera actividade ou instalación poderánselle fixar valores límite diferentes dos establecidos con carácter xeral no anexo II para aquelas verteduras de augas cuxas circunstancias particulares debidamente xustificadas así o aconsellasen.
- b) En casos particulares poderánselle impor limitacións máis estritas en aplicación da normativa vixente en materia de avaliación de impacto ambiental, polo seu contido en substancias perigosas incluídas no anexo I-C, “Verteduras con substancias perigosas”, ou no anexo II (os parámetros coa nota 10: Parámetros contaminantes dificilmente tratables na EDAR ou con impacto significativo sobre os obxectivos de calidade do medio receptor e os potenciais usos das augas depuradas).

### **Artigo 92 PERMISO DE VERTEDEURA**

1. Entenderase por permiso de vertedura municipal aquel que ten por finalidade comprobar que a evacuación das augas residuais por medio da rede de saneamento municipal, ou a vertedura directa na estación depuradora, se acomoda ás normas establecidas, e que a composición e características das augas residuais mantéñense dentro dos límites establecidos.

2. No caso de que a evacuación das augas residuais sexa ao dominio público hidráulico ou ao dominio público marítimo-terrestre, a autorización da vertedura corresponderá ao organismo de cunca ou á administración hidráulica competente.

3. O permiso de vertedura á rede de saneamento municipal outorgarao o Concello á persoas usuarias indicadas no artigo 91.

4. O outorgamento do devandito permiso faculta aos mencionados usuarios e usuarias para realizar verteduras de augas residuais á rede de saneamento nas condicións que nel se establezan.

5. O permiso de vertedura estará condicionado ao cumprimento do establecido neste regulamento, e terá, con carácter xeral, excepto por razóns xustificadas debidamente motivadas, unha validez máxima de 8 anos, renovable por idénticos períodos, por consentimento expreso do/a titular do servizo e por escrito, sen prexuízo da obrigada revisión antes dese prazo nos casos previstos no artigo 96. Nos supostos de actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (IPPC), a vixencia do permiso someterase ao prazo da autorización ambiental integrada.

6. Non se permitirá ningunha conexión á rede de saneamento municipal en tanto non se teñan efectuadas as obras ou instalacións especificamente determinadas, así como as modificacións ou acondicionamentos técnicos que, á vista dos datos aportados na solicitude do permiso de vertedura, estableza o Concello. No caso de execución de novos colectores en viarios xa existentes as acometidas poderán executarse simultaneamente coa obra principal

sempre e cando os particulares interesados cumpran co estipulado no presente regulamento. A posta en servizo das ditas acometidas virá determinada polo Concello en función da operatividade do sistema.

7. En todo caso, o permiso de vertedura non se poderá entender outorgado por silencio administrativo.

8. Os permisos de vertedura emitiranse con carácter intransferible.

9. O prazo máximo para ditar resolución será de 6 meses dende que se reciba a solicitude de permiso.

Transcorrido o devandito prazo sen que se ditará resolución, a solicitude de permiso de vertedura entenderase denegada.

#### **Artigo 93 SOLICITUDE DO PERMISO DE VERTEDEURA**

1. Antes de efectuar ningunha vertedura de augas residuais ao sistema, os/as titulares das actividades indicadas no artigo 91 deben solicitar do Concello o correspondente permiso de vertedura e, para estes efectos, achegarán a documentación que se indica no anexo III deste regulamento.

2. Naqueles casos en que sexa necesario tratamento previo á conexión coa rede de saneamento, segundo o disposto no artigo 98, será necesaria a elaboración dun proxecto redactado por persoal técnico competente que, en todo caso, certifique que a actividade cumpre coas condicións de funcionamento e impacto ambiental que fosen establecidas, especialmente as que se especifican de seguido:

- a) Que as estimacións efectuadas dos parámetros de vertedura á rede son válidas.
- b) Que as instalacións de tratamento e depuración están realizadas e son axeitadas.

Ademais, no caso de que se efectúe unha caracterización, esta deberá ser realizada por un organismo de control autorizado ou unha entidade colaboradora da Administración hidráulica, segundo a Orde MAM 985/2006, do 23 de marzo, que elaborará un informe que inclúa as medicións, inspeccións e análises realizadas.

#### **Artigo 94 PROCEDIMENTO PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO DE VERTEDEURA**

1. O procedemento para obter o permiso de vertedura, no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (IPPC) ou, de ser o caso, na normativa de execución que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, será o establecido nas mencionadas normas.

2. Noutro caso, serán de aplicación as normas do procedemento administrativo común.

3. En ningún caso é posible a obtención do permiso de vertedura por silencio administrativo, que será desestimatorio.

4. De acordo cos datos achegados pola persoa solicitante, o Concello resolverá o que se indica a seguir:

- a) Prohibir totalmente a vertedura cando as características que presente non poidan ser corrixidas polo oportuno tratamento previo. Neste caso, o/a interesado/a deberá solicitar a correspondente dispensa de vertedura á rede de saneamento pública, e achegar, xunto coa súa solicitude, un estudo demostrativo da imposibilidade da vertedura á rede de colectores de titularidade municipal. O/a titular do servizo obrigará á solicitante a proceder á desconexión da súa rede privada de saneamento da rede pública no caso de que xa estivese realizada a acometida.
- b) Autorizar a vertedura de forma condicionada.
- c) Autorizar a vertedura sen máis limitacións que as contidas neste regulamento.

5. En todo caso, a denegación do permiso será motivada e indicará necesariamente as razóns que a determinen, cuxa corrección producirá o seu outorgamento.

6. En caso de solicitude de novas acometidas, a obtención previa do permiso de vertedura presentarase xunto á solicitude de acometida á rede de saneamento municipal.

#### **Artigo 95 CONTIDO DO PERMISO DE VERTEDEURA**

O permiso de vertedura que outorgue o Concello incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:

- a) Datos de identificación do/a titular da actividade e do inmovible, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura.
- b) Cualificación da persoa usuaria e tipoloxía das augas residuais.
- c) Identificación e localización do punto de vertedura. A situación (coordenadas UTM) do punto de conexión coa rede de saneamento municipal.
- d) Orixe e características dos efluentes de augas residuais autorizados.
- e) Os valores límite de emisión, ou valores límite de vertedura, das características cualitativas da vertedura, tanto en valor medio diario máximo como en valor instantáneo máximo.

- f) Os límites cuantitativos da vertedura, indicando o caudal medio e o caudal máximo instantáneo en metros cúbicos por hora, día e ano. No caso do caudal máximo, indicárase, ademais, a súa frecuencia e duración.
- g) Horario de vertedura.
- h) Características da sección de control que deberá instalar o/a titular da vertedura segundo o disposto no anexo V, punto 9, liña e), e que deberá estar operativa en menos de 6 meses dende a concesión do permiso de vertedura. Seranlle especificados os equipamentos para a medida de caudal e para a toma de mostras, así como posibles equipamentos para a medida en continuo de determinados parámetros de contaminación. Especificaranse tamén os equipamentos de rexistro dos valores medidos e o intervalo de rexistro. Estes equipamentos deberán permitir, polo menos, a medida e rexistro do caudal instantáneo e do caudal totalizado nun período determinado de tempo e sen posibilidade de posta a cero. Ademais, no caso de que o caudal se obteña a partir dos calados medidos nunha sección de control calibrada, a persoa usuaria gardará os rexistros das ditas medidas de calado. Como consecuencia dos procesos de inspección, o/a titular do servizo poderá solicitar a modificación das características da sección de control.
- i) Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso.
- j) O programa de control da vertedura. O/a titular do vertedura deberá realizar un programa de autocontrol nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento, de acordo co disposto no artigo 104. O titular do servizo definirá en cada caso particular os verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura, dos contaminantes, ou das cargas contaminantes.
- k) O formato e contido dos informes do autocontrol que o/a titular do permiso de vertedura lle deberá remitir á xestora do servizo especificando a súa periodicidade.
- l) Prazo de validez do permiso de vertedura.
- m) As actuacións e medidas que, en caso de emerxencia, deban poñerse en práctica polo/ a titular do permiso de vertedura e o protocolo de contacto directo coa xestora do servizo para a comunicación de verteduras accidentais e de emerxencia.
- n) No seu caso, excepcións temporais dos requirimentos do anexo II, “Nota 11: Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade do medio receptor”, sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento no prazo que fixe o/a titular do servizo. Unha vez remate o prazo fixado, o Concello realizará unha inspección para verificar o fin da situación de excepción.
- o) En razón dos riscos da actividade, poderanse requirir para a obtención do permiso de vertedura, seguros, avais ou fianzas que cubran os posibles danos derivados dos ditos riscos.
- p) Calquera outra condición que o/a titular do servizo considere oportuna en razón das características específicas do caso.

#### **Artigo 96 REVISIÓN DO PERMISO DE VERTEDEURA**

1. Sen prexuízo do disposto na Lei 16/2002 de IPPC, o permiso de vertedura ao sistema deberá revisarse cando se produza algún cambio significativo na composición ou no volume do vertedura, cando se alteren substancialmente as circunstancias do momento da súa concesión, ou cando sobreveñan outras circunstancias que xustificarian a súa denegación ou a súa aprobación en termos diferentes.

2. En todo caso, procederase á revisión do permiso de vertedura nas seguintes circunstancias:

- a) Cando a carga contaminante vertida por unha actividade resulte significativa, en relación coa carga total tratada polo sistema de depuración, e poida dificultar a súa depuración nas condicións idóneas.
- b) Cando o efecto aditivo ou sinérxico das augas residuais de diferentes verteduras poida dificultar o tratamento do sistema nas condicións idóneas.
- c) Cando remate o período de vixencia de 8 anos ou o expresamente establecido conforme ao sinalado no artigo 92.5 por razóns xustificadas debidamente motivadas.
- d) Cando se produza a aprobación da nova normativa básica ou sectorial ou modificacións da existente, que afecte ao estipulado neste regulamento.

3. O Concello poderá modificar as condicións do permiso de vertedura cando as circunstancias que motivaron o seu outorgamento sexan alteradas ou sobreveñan outras que, de existir con anterioridade, terían xustificada a súa denegación ou o outorgamento en termos distintos. Se é o caso, poderíase decretar a suspensión temporal ata que as ditas circunstancias sexan superadas. Neste suposto, informarase a o usuario ou usuaria con suficiente antelación das posibles modificacións e disporá do tempo axeitado para adaptarse ao seu cumprimento, de acordo co previsto no seguinte punto.

4. Informarase á persoa usuaria con suficiente antelación das posibles modificacións e terá dereito a formular as alegacións que considere oportunas. Neste caso, fixarase un prazo de adaptación que non excederá dun ano, a contar dende a aprobación da revisión.

5. Se o/a titular do permiso non realiza as modificacións no prazo concedido, poderase declarar a caducidade do permiso, sen prexuízo da imposición das sancións oportunas.

6. En ningún caso a revisión do permiso de vertedura implica para o/a titular dereito a indemnización.

#### **Artigo 97 REVOGACIÓN DO PERMISO DE VERTEDEURA**

O permiso de vertedura, previa audiencia do/a titular, poderá ser revogado nos seguintes supostos:

- a) Por petición do/a titular ao cesar a vertedura e, polo tanto, o requirimento do servizo.
- b) Por incumprimento, por parte do/a titular, do permiso e das obrigas que deste derivan, ou dos requirimentos efectuados para o seu cumprimento.
- c) Cando o/a titular do servizo perda o seu dominio de uso sobre o inmovible.
- d) Por revogación, caducidade ou anulación da autorización ou licenza que permitía o desenvolvemento da actividade que causa a vertedura.
- e) Por cambio de uso das instalacións para as que se outorgou o permiso de vertedura.
- f) Por incumprimento por parte do usuario ou usuaria dos requirimentos efectuados pola persoa titular do servizo respecto ao tratamento previo das verteduras ou de reparación das instalacións para adecuar a vertedura ás condicións establecidas no correspondente permiso de vertedura.
- g) Como consecuencia dunha sanción que leve implícita a perda do permiso.
- h) A non aceptación ou incumprimento das modificacións do permiso de vertedura impostas como consecuencia dunha revisión.
- i) Cando a persoa usuaria permita o uso das súas instalacións de vertedura a terceiras.
- j) Cando se cese nas verteduras por un tempo superior a un ano.

#### **Artigo 98 TRATAMENTO PREVIO Á CONEXIÓN**

1. As augas residuais que non cumpran as limitacións que, para a súa vertedura á rede municipal de saneamento, se establecen neste regulamento deberán ser obxecto do correspondente tratamento previo polo/a usuario/a.

2. As instalacións necesarias para realizar o dito tratamento previo destas augas residuais formarán parte do sistema de saneamento privado, e definiranse suficientemente na solicitude do permiso de vertedura, tal como se cita no anexo III. A esta solicitude xuntarase o proxecto correspondente e os estudos e cálculos xustificativos da súa eficacia, segundo o sinalado no artigo 93.2.

3. Cando, excepcionalmente, varios usuarios se unan para efectuar conxuntamente un tratamento previo das súas augas residuais, deberán obter un permiso de vertedura para o efluente final conxunto, con declaración de todos os usuarios que o compoñan. A responsabilidade do cumprimento das condicións establecidas no permiso de vertedura será da comunidade de usuarios e solidariamente de cada un deles. Neste caso, cada un dos usuarios deberá instalar antes da confluencia das verteduras, seccións de control individuais para controlar e medir independente os efluentes.

4. En calquera caso, o permiso de vertedura quedará condicionado á eficacia do tratamento previo, de tal xeito que, se este non producise os resultados previstos, quedará sen efecto o dito permiso e prohibido a vertedura desas augas residuais á rede de saneamento municipal.

#### **Artigo 99 DISPENSA DO PERMISO DE VERTEDEURA**

1. Se non fose posible que as augas residuais que cómpre verter se manteñan dentro dos límites fixados neste regulamento, nin sequera mediante tratamentos previos, a persoa interesada deberá desistir na actividade que as produce ou adoptar as previsións necesarias, mediante a realización das obras ou instalacións precisas, para que as augas residuais non admisibles na rede de saneamento ou planta depuradora se almacenen e evacúen mediante outros medios a outro tipo de planta especial ou depósito de seguridade que garanta un idóneo destino final axustado á normativa vixente.

2. Para estes efectos, a persoa interesada deberá solicitar a correspondente dispensa de vertedura á rede de saneamento, e achegar canda a solicitude un estudo demostrativo da imposibilidade de adecuar esa vertedura ao regulamento. Coa periodicidade que se determine ao dispensarlle a vertedura á rede pública municipal de saneamento, a persoa interesada deberá xustificar a súa situación en relación coa eliminación da vertedura.

#### **Artigo 100 SITUACIÓNS DE EMERXENCIA**

1. Se durante o funcionamento dunha actividade se producise unha vertedura accidental, ou un fallo nas instalacións de tratamento previo que provoque un incumprimento dos límites de emisión do permiso de vertedura, o/a titular da actividade deberá tomar as medidas axeitadas para minimizar o dano e comunicarlle o suceso á subministradora do servizo inmediatamente e de xeito que faga fe, ademais de poñelo en coñecemento do Concello. Na súa comunicación indicaranse, polo menos: substancias descargadas, volume aproximado descargado, horario en que se produciu a descarga e concentracións aproximadas das substancias vertidas.

2. Nas 48 horas seguintes ao suceso, o/a titular do permiso de vertedura presentaralle ao Concello un informe detallado do acontecido, as medidas adoptadas para controlalo e as posibles accións para evitar a súa repetición.
3. As actividades con risco potencial de produciren verteduras accidentais ou de emerxencia deberán ter establecidos protocolos de emerxencia para minimizar os danos que se poidan producir nas instalacións de saneamento e depuración, así como no medio receptor. Estes plans de emerxencia esixiranse no propio permiso de vertedura e deberanse presentar coa solicitude.
4. Se por motivos de mantemento fose necesario incumprir puntualmente os parámetros do permiso de vertedura, o/a titular da actividade deberalle solicitar previamente autorización a xestora do servizo para que tome as medidas axeitadas e así evitar afectar ás instalacións municipais de saneamento e depuración.
5. Se se producen danos sobre a rede municipal de saneamento, como consecuencia das verteduras ou descargas accidentais, do fallo no funcionamento das instalacións de tratamento previo, ou da persistencia de verteduras non toleradas ou prohibidas, procederase á súa valoración por parte do/a titular do servizo. Esta valoración comunicárase por escrito á titular da vertedura causante dos danos nun prazo non superior a trinta días naturais dende que comezaron a producirse.
6. Os custos das operacións orixinados polos accidentes que ocasionen situacións de emerxencia ou de perigo, así como os de limpeza, remoción, reparación ou modificación do sistema de saneamento e depuración que xeren as descargas accidentais ou a persistencia das verteduras non toleradas ou prohibidas, deberá aboarlos a persoa usuaria causante do dano á xestora do servizo.
7. Sen prexuízo do establecido nas epígrafes anteriores, o Concello deberalle comunicar á administración competente e, se é o caso, aos tribunais de xustiza, os feitos e as súas circunstancias cando, as actuacións realizadas puxesen de manifesto a existencia de negligencia ou intencionalidade por parte da persoa titular da vertedura ou do persoal dependente dela, e exercéranse as accións pertinentes para determinar en cada caso a responsabilidade en que puidesen incorrer e o correspondente resarcimento dos danos e perdas producidos como consecuencia do incumprimento deste regulamento.

#### **Artigo 101 CENSO DE VERTEDURAS Á REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO**

1. O Concello levará un censo de verteduras ao sistema no que inscribirán as verteduras sometidas a permiso, e no que constarán, como mínimo, os seguintes extremos:
  - a) Nome, enderezo, CNAE e NIF da persoa titular do permiso.
  - b) Datos básicos do caudal de auga de abastecemento, e/ou autoabastecemento, e da vertedura.
  - c) Condicións básicas do permiso, incluíndo a localización con coordenadas UTM e o acceso ao punto de vertedura.
  - d) Situación administrativa do permiso.
  - e) Datos relativos á contaminación e características da vertedura conectada.
  - f) Informe analítico da vertedura, renovado con periodicidade anual.
2. O censo de verteduras estará ao dispor da Administración hidráulica de Galicia e da Administración hidráulica do Estado. Así mesmo, todos aqueles datos do censo que non provoquen a vulneración da Lei de protección de datos serán públicos e poderán consultarse a través da web municipal.
3. Tomando como base o mencionado censo, así como os resultados das comprobacións efectuadas na rede, o Concello de Xove cuantificará periodicamente as diversas clases de verteduras, co fin de actualizar as limitacións das descargas e os conseguíntes permisos de vertedura, así como dispor as actuacións preventivas, reparadoras e/ou correctoras que sexan necesarias.
4. O Concello deberá informar periodicamente sobre o seu censo de verteduras á xestora ou responsable do sistema de depuración correspondente, no caso de que se trate de distintas entidades xestoras para as instalacións de saneamento e as de depuración.
5. Cando unha mesma entidade xestora teña ao seu cargo a xestión do saneamento en baixa e o servizo de depuración de augas residuais, deberá incluír no censo as verteduras non canalizadas ás que se refire o artigo seguinte.

#### **Artigo 102 VERTEDURAS NON CANALIZADAS**

1. Queda totalmente prohibido a vertedura das augas residuais, ou de calquera outro tipo de residuo, mediante sistemas non canalizados (camións cisterna, ou doutro tipo) á rede municipal de saneamento.
2. As verteduras á EDAR procedentes de sistemas non canalizados deberán ser autorizadas pola entidade explotadora desta, de acordo coas regulamentacións técnicas que adopten e, en todo caso, tendo en conta o sinalado no artigo 18 do Regulamento mco establecido polo Decreto 141/2012, do 21 de xuño, e sen prexuízo dos permisos e autorizacións esixibles segundo a normativa de residuos. En todo caso, estas verteduras só poderán proceder de actividades domésticas ou asimilables a domésticas.

**Artigo 103 INSPECCIÓN, VIXILANCIA E CONTROL**

1. Co fin de poder realizar o seu cometido “conservación, medida, toma de mostras, exame de verteduras, etc.” e cumprir o establecido neste regulamento, o persoal da subministradora do servizo debidamente acreditado terá libre acceso aos locais en que se produzan verteduras á rede de saneamento e depuración. A inspección non poderá, non obstante, investigar os procesos de fabricación, salvo aqueles particulares que teñan unha relación directa co tipo e causa da vertedura na rede ou co seu sistema de tratamento.
2. A propia inspección poderá tamén acceder a aquelas propiedades privadas sobre as que o Concello de Xove manteña algunha servidume de paso de augas co fin de levar a cabo os servizos de inspección, reparación, limpeza e mantemento de calquera parte da instalación da rede que estea situada dentro dos límites da dita servidume. Os/as propietarios/as dos predios manterán sempre expedita a entrada aos puntos de acceso á rede de saneamento e depuración.
3. En todos os actos de inspección, o persoal encargado desta deberá ir provisto e exhibir os documentos que o acrediten para a práctica de tales actos.
4. A persoa titular da instalación que xera verteduras potencialmente contaminantes, diante do persoal facultativo acreditado pola administración, estará obrigada a:
  - a) Facilitarlle, sen necesidade de comunicación previa, o acceso a aquelas partes das instalacións que consideren necesarias para o cumprimento da súa misión.
  - b) Facilitar a montaxe dos equipos ou instrumentos que se precisen para realizar as medidas determinantes, os ensaios e as comprobacións necesarias.
  - c) Permitir a utilización dos instrumentos que a empresa utilice con fins de autocontrol, en especial os que se empregan para o aforamento de caudais e a toma de mostras, co fin de realizar as análises e comprobacións.
  - d) Facilitar cantos datos se requiran para o exercicio e cumprimento das funcións de inspección.
5. O resultado da inspección farase constar nunha acta, redactada por triplicado, na que se incluírán os datos que seguen:
  - A identificación da persoa abonada.
  - As operacións e controis realizados.
  - resultado das medicións e da toma de mostras.
  - Calquera outro feito que as dúas partes consideren oportuno.

Antes de que unha persoa abonado ou un grupo de abonados establezan unha planta de tratamento para non exceder os límites fixados para a vertedura de augas á rede de saneamento e depuración farase unha inspección co fin de autorizar definitivamente as verteduras.

6. Todas as cuestións relativas á inspección e control derivadas do cumprimento do previsto neste regulamento que non estean reguladas nel, remítense á regulación contida no Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia.
7. No relativo á toma de mostras, ademais do preceptuado no Regulamento marco citado, terase en conta que, para o control do cumprimento do límite “valor medio diario máximo” do anexo II, se utilizarán mostras compostas. Para o control do límite “valor instantáneo máximo” do mesmo anexo II empregaranse mostras simples.
8. O Concello, a proposta da Entidade Xestora da EDAR, deseñará un plan de inspección a fin de detectar e corrixir as orixes de certos efluentes cuxa composición ocasione, ou poida haber risco certo de que ocasione, problemas de funcionamento operativo no seo da propia EDAR, ou que comprometan o cumprimento dos límites impostos pola Administración hidráulica na propia autorización de vertedura a dominio público.

**Artigo 104 AUTOCONTROL DAS VERTEDEURAS**

1. Nos casos en que, de conformidade co artigo 95 o permiso de vertedura así o esixa, o/a titular tomará as mostras e procederá a realizar as análises que se especifiquen no propio permiso para verificar que non se superan as limitacións establecidas.
2. Os resultados das análises deberanse conservar polo menos durante tres anos.
3. O/a titular do permiso de vertedura terá un plan de autocontrol, que estará á disposición do/a titular do servizo e dos/as inspectores/as, no que constarán: a periodicidade dos autocontrois, o lugar en que se tomaron as mostras, a data en que se realizou a toma e as determinacións analíticas, así como calquera outro dato que se considere procedente solicitar.
4. O/a titular do servizo poderá requirir á persoa usuaria que presente periodicamente un informe sobre o efluente vertido, se así foi establecido no permiso de vertedura.
5. A obriga de controlar os parámetros característicos das verteduras dos usuarios e usuarias non domésticos efectuarase tendo en conta o establecido na seguinte táboa:

Tipo de vertedura (segundo o ANEXO IV da ordenanza)		Caudal de vertedura (m <sup>3</sup> /año)	Periodicidade de control
Clase	Grupo		
1	3, 4, 6	> 2.000	Trimestral
1	3, 4, 6	< 2.000	Semestral
1	0, 1, 2, 5, 7	> 2.000	Trimestral
1	0, 1, 2, 5, 7	< 2.000	Anual
2	9, 12, 14	> 2.000	Trimestral
2	9, 12, 14	< 2.000	Semestral
2	8, 10, 11, 13	> 2.000	Trimestral
2	8, 10, 11, 13	< 2.000	Anual
3	15, 16, 17	> 2.000	Trimestral
3	15, 16, 17	< 2.000	Semestral

6. O/a titular do servizo poderá modificar a periodicidade de control, se así o estima conveniente, segundo as características singulares da vertedura.

7. No anexo IV inclúese o detalle da clasificación dos diferentes sectores industriais por clase e grupo, tal como figura nas notas (\*\*\*) do anexo IV do Real 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento de dominio público hidráulico.

8. Para os efectos de que os usuarios e usuarias non domésticos poidan levar a cabo estes controis cando o indique o seu permiso de vertedura, ou cando llelo solicite o/a titular do servizo, deberán dispor dun equipamento de medida de caudal e dun equipamento de toma de mostras automático, situados na sección de control, que permitan obter unha mostra representativa da vertedura. A dita mostraxe realizará, como mínimo, unha toma de mostras durante un período de tempo representativo das actividades da empresa, que teña tamén en conta actividades especiais ou singulares, equivalente a unha xornada laboral completa.

9. Nos casos en que así se estableza, debido á variabilidade da carga contaminante vertida ao longo do ciclo produtivo, o valor medio máximo diario establecido no anexo II estará referido á mostra composta tomada en varios momentos do ciclo, e as partes alícuotas empregadas deberán ser proporcionais aos caudais instantáneos de vertedura.

10. A análise das mostras deberá ser realizada mediante metodoloxía oficial nun laboratorio externo acreditado, segundo os requisitos establecidos nas normas da serie UNE-EN ISO/IEC 17025, ou nas que no futuro as substitúa, que sexa de aplicación en función do seu ámbito de actuación e/ou rexistrado pola Administración.

11. En caso de que non exista medición de caudal vertido, tomarase como dato do caudal o valor da auga consumida. No caso de existiren diferencias significativas, o/a titular da vertedura deberá instalar un equipamento de medida homologado para a medida do efluente.

12. O/a titular do servizo poderá solicitar a instalación, na citada sección de control, das sondas e equipamentos automáticos de medición en continuo da vertedura que se consideren necesarios para un autocontrol efectivo. Poderá esixirse a realización de controis en continuo naqueles puntos de vertedura cando se advirtan afeccións negativas na contorna ou se presuma, razoadamente, que os resultados dos controis periódicos establecidos non garanten unha representatividade suficiente dos niveis de emisión reais. Os equipamentos analizadores online de parámetros de contaminación que se empreguen para o control en continuo das verteduras deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Proporcionar resultados reproducibles e comparables.
- b) Dispor dun certificado oficial de homologación para a medida de concentración do contaminante que analicen. Este certificado terá que ser outorgado por algún dos organismos oficialmente recoñecidos nos Estados membros da Unión Europea ou, cando haxa reciprocidade, en terceiros países.
- c) Estar calibrados e situados de acordo co que prevexan as normas europeas (EN); en ausencia destas, nas normas UNE; e, en ausencia destas outras, nas normativas internacionais.

#### Artigo 105 INSTALACIÓNS DE PRETRATAMENTO

1. Cando se esixa unha determinada instalación de pretratamento das verteduras, a persoa abonada deberá presentar o proxecto desta para a súa revisión e aprobación, sen que se poidan alterar posteriormente as especificacións alí recollidas.

2. A persoa abonada queda obrigado a construír, explotar e manter pola súa conta todas aquelas instalacións de pretratamento que sexan necesarias. Todas as industrias, calquera que sexa a súa actividade, que estean autorizadas para verter, mesmo aquelas que realizan pretratamento, deberán colocar unha reixa de desbase de 50 mm antes da vertedura á rede de saneamento e depuración.

#### **Artigo 106 CONTINUIDADE DO SERVIZO**

Salvo causa de forza maior ou avaría nas instalacións públicas, a subministradora do servizo ten a obriga de manter permanentemente o servizo nas condicións indicadas no artigo anterior.

#### **Artigo 107 SUSPENSÍONS TEMPORAIS**

A subministradora poderá suspender o servizo, previa comunicación ao Concello de Xove, ou antes, no caso de emerxencia cando:

- a) Sexa imprescindible para o mantemento, reparación ou mellora das instalacións ao seu cargo.
- b) No suposto de vertedura contaminante que implique un risco inminente para a saúde da poboación ou do funcionamento das instalacións de depuración ou persoal de mantemento do servizo.

### **TÍTULO IV. CONSUMOS, LIQUIDACIÓN; RÉXIME TARIFARIO E FRAUDES E LIQUIDACIÓN DA FRAUDE**

#### **CAPÍTULO I. CONSUMOS, LIQUIDACIÓN E RÉXIME TARIFARIO**

##### **Artigo 108 DETERMINACIÓN DOS CONSUMOS LIQUIDABLES**

1. A subministradora do servizo, consonte este regulamento, sen prexuízo das indemnizacións, dereitos ou accións que a lexislación vixente ampare, non poderá cobrarlles aos abonados e abonadas do servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración por outros conceptos distintos dos especificados nas ordenanzas fiscais ou normas reguladoras das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario.
2. Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada persoa abonada que servirán de base para a liquidación, concretarase pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de liquidación.
3. Cando non sexa posible coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, a liquidación do consumo efectuarase consonte ao consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior. De non existir isto último, liquidarase segundo a media aritmética dos seis meses anteriores.
4. Cando non sexa lido o contador por causas excepcionais ou non sexa posible acceder ao mesmo para efectuar a súa lectura durante o transcurso normal da xornada de lectura dos equipos de medida, e supoñendo que o contador funciona, a liquidación do consumo efectuarase por estimación consonte ao consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior. De non existir isto último, liquidarase segundo a media aritmética dos seis meses anteriores.
5. A liquidación por estimación terá carácter de “a conta”, e regularizarase a situación, por exceso ou por defecto, nas liquidación dos seguintes períodos nos que se obteñan lecturas reais en tanto non se produza a súa prescrición.

##### **Artigo 109 TARIFAS**

Os tipos tarifarios serán os establecidos en cada momento polo réxime de tarifas que sexa legalmente de aplicación. O réxime de tarifas aplicable será o que estea en vigor en cada momento de liquidación.

##### **Artigo 110 CONSUMOS PÚBLICOS**

Os consumos para usos públicos (edificios, xardíns, fontes, baldeos de rúas, etc.) dependentes do Concello de Xove, serán medidos por contador, ou, se é o caso, aforados coa maior exactitude posible.

#### **CAPÍTULO II. FRAUDES E LIQUIDACIÓN DA FRAUDE**

##### **Artigo 111 FRAUDES NA SUBMINISTRACIÓN DE ABASTECIMENTO DE AGUA**

A subministradora do servizo formulará a liquidación da fraude. Distinguiranse, para os efectos da consideración e as responsabilidades da fraude, os seguintes casos:

- a) Utilizar auga do servizo sen alta de abonamento.
- b) Executar acometidas sen cumprir previamente os requisitos previstos neste regulamento.
- c) Falsear a declaración de uso da subministración para inducir á subministradora a liquidar menor cantidade da que deba satisfacer pola subministración.
- d) Modificar ou ampliar os usos aos que se destina a auga, especificados na alta de subministración.
- e) Levantar os contadores instalados sen autorización da subministradora; romper os precintos, o cristal ou a esfera destes; desnivelalos, interrompelos ou paralos e, en xeral, toda acción que tenda a desfigurarse a indicación destes equipos de medida e a prexudicar, polo tanto, os intereses do servizo.

- f) Establecer ou permitir ramais, derivacións ou enxertos que poidan traer consigo o uso fraudulento da auga por parte da persoa interesada ou por terceiras.
- g) Introducir modificacións ou realizar ampliacións na instalación, sen previa autorización.
- h) Revender a auga obtida do servizo por alta de subministración ou subministrar auga a vivendas que carezan do servizo aínda que non constitúa revenda.

#### **Artigo 112 ACTUACIÓN POR FRAUDE NO ABASTECIMENTO DE AUGA**

1. A subministradora do servizo, á vista da acta redactada, requirirá á persoa propietaria da instalación para que corrixa as deficiencias observadas nela, co apercibimento de que de non levalo a efecto no prazo de cinco días hábiles, aplicárase o procedemento de suspensión de corte.
2. Cando o persoal da subministradora do servizo encontre derivacións nas súas redes con utilización de subministración sen convenio ningún de subministración, é dicir, realizadas clandestinamente, poderá efectuar o corte inmediato da subministración en tales derivacións.

#### **Artigo 113 LIQUIDACIÓN DA FRAUDE**

1. A subministradora do servizo formulará a liquidación da fraude, considerando como tal os seguintes casos:
  - a) Que non existise alta ningunha para a subministración de auga.
  - b) Que, por calquera procedemento, fose manipulado ou alterado o rexistro do contador ou equipo de medida.
  - c) Que se realizasen derivacións de caudal, permanentes ou circunstanciais, antes dos equipos de medida.
  - d) Que se utilice a auga potable para usos distintos dos declarados, e isto lle afecte á liquidación dos consumos segundo a tarifa que se lle aplique.
2. A subministradora do servizo practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:
  - i. Formularase unha liquidación por fraude que incluíra un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente lle correspondese ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de tres horas diarias de utilización ininterrompidas e durante o prazo que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das anteditas instalacións e o momento no que teña reparado a existencia da fraude detectada, sen que poida estenderse, en total, máis de catro anos.
  - ii. De falseárense as indicacións do contador ou equipo de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal deste, tomarase como base para a liquidación da contía da fraude a capacidade nominal do contador. Neste caso, computarase o tempo a considerar, en tres horas diarias desde a data da última verificación oficial do contador, descontando os consumos que durante ese período de tempo fosen aboados polo autor ou autora da fraude.
  - iii. Se a fraude se efectuase derivando o caudal antes do contador, liquidarase coma no caso primeiro, de non existir alta de subministración, e sen facerse desconto pola auga medida polo contador.
  - iv. Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida practicarase a favor da subministradora do servizo, aplicándolle ao consumo a diferenza existente entre a tarifa que en cada período lle correspondese ao uso real que se lle está dando á auga, e as que, no dito período, se aplicaron baseándose no uso declarado. O dito período non poderá ser computado en máis de catro anos.
3. En todos os casos, o importe da fraude deducida consonte aos preceptos establecidos nos parágrafos anteriores, estará suxeito aos impostos que lle fosen repercutibles, e deberase consignar a contía dos mesmos nas correspondentes liquidacións.
4. As liquidacións que formule a subministradora do servizo notificaránselles ás persoas interesadas e, contra aquelas, poderán formular reclamacións ante o organismo competente da administración pública, no prazo de quince días contados desde a notificación de dita liquidación, sen prexuízo das demais accións das que se consideren asistidos.

#### **Artigo 114 FRAUDES NO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN**

A subministradora do servizo considerará como fraude as seguintes situacións:

- a) Que non exista alta para a vertedura e si que exista conexión á rede de saneamento e/ depuración.
  - b) Que, por calquera procedemento, se manipule ou altere o rexistro do equipo de medida.
  - c) Que se realicen derivacións de caudal, permanente ou circunstancialmente, antes dos equipos de medida.
  - d) Que se efectúen verteduras distintas das declaradas e que afecten á liquidación segundo a tarifa que se lle aplique.
2. A subministradora do servizo, á vista da información, requirirá á abonada para que corrixa as deficiencias observadas, e apercibirá de que, de non facelo no prazo de dez días hábiles a partir do seguinte á notificación, se lle aplicará o procedemento de suspensión establecido neste regulamento.

3. Cando o persoal da subministradora do servizo encontre derivacións nas súas redes con verteduras sen alta ningunha, é dicir, realizadas clandestinamente, esta poderá suspender inmediatamente o servizo.

4. A subministradora do servizo formulará a correspondente liquidación por fraude, segundo os casos, da seguinte forma:

En caso de estimación directa:

1.- Se non existe alta para a vertedura:

- a) Se existe alta de abastecemento de auga, formularase a liquidación do período en que se produciu a fraude polo caudal estimado de maneira indirecta.
- b) Se non existe alta de abastecemento de auga, formularase unha liquidación por un caudal estimado a partir dos seguintes valores:
  - o abonada doméstica: 40 m3/mes
  - o abonada industrial: en función da estimación realizada polo regulamento do canon de saneamento da Xunta de Galicia.

O período de tempo para calcular os caudais estimados será o que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións citadas e o momento en que se corrixa a existencia da fraude detectada, sen que poida estenderse en total máis de catro anos.

2.- Se se efectúan verteduras distintas das declaradas de xeito que se vexa afectada a liquidación porque corresponden a outra tarifa, a liquidación practicarase aplicándolle á cantidade de auga a diferenza existente entre as dúas tarifas. O período de liquidación non poderá exceder dun ano. En todos os casos, o importe da fraude deducida, de acordo co establecido nos parágrafos anteriores, estará suxeito aos impostos correspondentes que deben consignarse nas liquidacións. As liquidacións que formule a subministradora do servizo notificaránselles ás abonadas e, contra estas, poderanse formular reclamacións ante o organismo competente no prazo de quince días a contar desde a notificación e sen prexuízo das demais accións que consideren oportunas.

## **TÍTULO V. INFRACCIÓNS E SANCIÓN. COMPETENCIA E RECURSOS.**

### **CAPÍTULO I. INFRACCIÓNS, SANCIÓN E MEDIDAS CORRECTORAS**

#### **Artigo 115 RESPONSABILIDADE E INFRACCIÓNS**

1. As accións e omisións que contraveñan o establecido neste regulamento xerarán responsabilidade administrativa, sen prexuízo da civil ou penal que, se é o caso, puidese ser esixible.
2. Para a adecuada ordenación do uso dos seus servizos, os entes locais poderán, en defecto de normativa sectorial específica, establecer os tipos das infraccións e impoñer sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nas correspondentes ordenanzas, de acordo con os criterios establecidos no título XI da LRBRL.
3. Para a fixación da correspondente responsabilidade, teranse en conta as seguintes regras:
  - a) Cando existan varios responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un deles na comisión da infracción, a responsabilidade esixirase solidariamente.
  - b) Cando os danos se produzan pola realización de diversas actividades efectuadas por distintas persoas usuarias, poderase imputar individualmente esta responsabilidade e os seus efectos económicos, sempre que fose posible coñecer o grao de implicación de cada unha.
  - c) Cando se trate de obrigas de carácter colectivo, tales como limpeza, mantemento e conservación de instalacións comúns, a responsabilidade esixiráselle á correspondente comunidade, se a houbese, e, se non, esixirase solidariamente.

#### **Artigo 116. INFRACCIÓNS.**

1. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.
2. Considéranse infraccións LEVES:
  - a) A vertedura á rede de saneamento de titularidade municipal de augas residuais de natureza doméstica ou asimilable a doméstica sen contar coa licenza de acometida cando esta sexa necesaria, ou sen respectar as características das acometidas sinaladas no anexo V.
  - b) A construción e modificación de sumidoiros, acometidas ou conexións á rede, ou instalacións anexas a esta, mesmo sendo de propiedade particular, sen ter a licenza de acometida, ou sen axustarse ás condicións sinaladas na licenza concedida ou ás características técnicas esixidas neste regulamento.
  - c) A utilización de sistemas autónomos de saneamento (fosas sépticas ou similares) non autorizados; o incumprimento das correspondentes obrigas de limpeza e mantemento destes; o non envío a unha xestora autorizada do produto resultante das operacións de limpeza ou a conexión a estes sistemas de augas non

permitidas no regulamento, sempre que non produza unha afección ao medio receptor. Neste último caso, de producirse unha afección ao medio receptor, terían a consideración de infraccións graves.

- d) A non conexión ao sistema de saneamento por parte das usuarias obrigadas a isto, sempre que non se produza unha clara afección ao medio receptor por parte dos sistemas autónomos empregados ou por xerar escurreduras de augas residuais en terreos públicos ou privados. Nestes últimos casos tería a consideración de infracción grave.
- e) A dilución e o vertido de augas brancas, agás que se trate dun volume desproporcionado ou que resulte rendible, polo beneficio obtido, acadar os límites de vertedura por dilución, caso en que terá a consideración de infracción grave.
- f) A falta de información á entidade xestora do aumento do volume do caudal de vertedura en máis dun 10%.
- g) O incumprimento das condicións establecidas no permiso de vertedura, sempre que non se lles causen danos ás instalacións de saneamento municipal, ou cando estes danos non superen os 12.000 euros.
- h) As accións e omisións das que deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos bens de dominio público que conforman o servizo de saneamento municipal que non superen os 12.000 euros.
- i) No caso de existir unha sección de control, a modificación das súas características ou dimensións, ou a manipulación ou desprecintado dos equipamentos por persoal alieo á xestora ou á titular do servizo. O incumprimento do plan de autocontrol cando así sexa esixido no permiso de vertedura.
- j) A desobediencia aos requirimentos do Concello de Xove en relación coa adecuación de verteduras ou instalacións ás condicións regulamentarias, e tamén en relación coa remisión de datos e informacións sobre as características do efluente, das actividades ou procesos que o xeran, ou das instalacións de tratamento previo.
- k) A vertedura das augas residuais, ou de calquera outro tipo de residuo, mediante sistemas non canalizados (camións cisterna ou doutro tipo) á rede municipal de saneamento, sempre que se trate de verteduras procedentes de actividades domésticas ou asimilables e non estean autorizadas.
- l) O incumprimento de calquera prohibición establecida neste regulamento ou a omisión dos actos a que obriga, sempre que non estean considerados como infraccións graves ou moi graves.

### 3. Considéranse infraccións GRAVES:

- a) Calquera conduta indicada no punto 5 da que deriven danos para o dominio público municipal ou perdas superiores a 12.000 euros.
- b) A obstrución ao labor inspector do Concello de Xove no acceso ás instalacións ou a negativa a facilitar a información requirida.
- c) A realización de verteduras das substancias prohibidas relacionadas no artigo 90 deste Regulamento.
- d) A vertedura á rede de saneamento de titularidade municipal de augas residuais de natureza distinta á doméstica sen contar co permiso de vertedura correspondente ou con el caducado, revogado ou suspendido.
- e) A vertedura á rede de saneamento de titularidade municipal de augas residuais de natureza distinta á doméstica con superación dos valores esixidos no anexo II no artigo 90 e 91 do presente regulamento ou con vulneración dos esixidos no permiso de verteduras.
- f) A vertedura de augas residuais sen tratamento previo, cando estas o requiran, ou sen respectar as limitacións especificadas neste Regulamento.
- g) A non comunicación de circunstancias que comporten unha revisión do permiso de vertedura.
- h) A ocultación ou falseamento de datos esixidos na solicitude de vertedura, e determinantes para o outorgamento do permiso de vertedura e/ou licenza de acometida.
- i) A falta de comunicación das situacións de fugas, avarías, perdas, emerxencia ou perigo que lles poidan afectar ás instalacións de saneamento municipal ou causar contaminación ou perigo en bens públicos ou privados, así como o incumprimento das ordes do Concello de Xove derivadas de tales situacións de perigo ou emerxencia.
- j) A non existencia das instalacións e equipamentos necesarios para a realización dos controis requiridos, ou mantelos en condicións non operativas.
- k) A resistencia ou demora na instalación de elementos correctores que fosen esixidos para o cumprimento deste regulamento.
- l) A posta en funcionamento de equipos ou instalacións prohibidos ou clausurados.
- m) A posta en funcionamento de equipos ou instalacións non autorizadas, ou diferentes dos aprobados para o permiso de vertedura, así como o desprecintado, anulación ou manipulación dos que fosen colocados polo Concello de Xove.

n) A vertedura das augas residuais, ou de calquera outro tipo de residuo, mediante sistemas non canalizados (camións cisterna, ou doutro tipo) á rede municipal de saneamento, sempre que se trate de verteduras procedentes de actividades non domésticas ou asimilables.

4. Considéranse infraccións MOI GRAVES:

- a) Calquera conduta indicada no punto 6 da que deriven danos ao dominio público municipal ou perdas superiores a 50.000 euros.
- b) As infraccións cualificadas como graves no punto 6 que, por cantidade ou contaminación de vertedura, supoñan a existencia dun risco moi grave para a saúde das persoas, os recursos naturais ou o medio ambiente.
- c) O falseamento e/ou a ocultación de datos para a obtención do correspondente permiso de vertedura e/ou licenza de acometida se fose susceptible de producir risco para a saúde ou a seguridade das persoas, para os bens do dominio público que conforman o Servizo Municipal de Saneamento ou para o medio natural receptor final do efluente.
- d) O incumprimento das ordes de suspensión de verteduras non permitidas.
- e) A evacuación de verteduras prohibidas neste regulamento ou en condicións diferentes das permitidas, sen autorización administrativa expresa.

#### **Artigo 117 SANCIONES**

1. As infraccións poderán dar lugar á imposición das seguintes sancións:

- a) Multa.
- b) Suspensión temporal do permiso de vertedura.
- c) Suspensión definitiva, total ou parcial, do permiso de vertedura.
- d) Peche de instalacións de vertedura.
- e) Prohibición de utilización de instalacións.

2. As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas coas seguintes multas:

- a) Infraccións leves: multa de ata 750 euros.
- b) Infraccións graves: multa de ata 1.500 euros.
- c) Infraccións moi graves: multa de ata 3.000 euros.

As sancións graduaranse en función da reincidencia da persoa infractora, da intencionalidade, do beneficio obtido, da afección producida ao sistema de saneamento ou á calidade do medio receptor e do dano ocasionado ao interese xeral.

#### **Artigo 118 CRITERIOS PARA A GRADACIÓN DE INFRACCIÓNS E SANCIONES**

1. Para a determinación da maior ou menor gravidade das infraccións definidas nos artigos anteriores, así como da sanción que se deberá impor, teranse en conta os seguintes criterios, sen prexuízo dos xa previstos na normativa xeral sobre procedemento administrativo sancionador:

- a) A afección producida aos bens de dominio público que forman parte do Servizo Municipal de Saneamento ou a outros bens de titularidade municipal.
- b) A afección producida polo efluente na calidade do medio receptor.
- c) A súa transcendencia na seguridade das persoas e bens.
- d) A existencia de dolo.
- e) As circunstancias do/a responsable, o seu grao de participación e a cuantificación do beneficio obtido, se é o caso.
- f) A reincidencia, pola comisión no período dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fora declarada por resolución firme.

2. Considerarase atenuante que a persoa infractora exprese o seu arrepentimento espontáneo e voluntario, cando este se manifeste no recoñecemento dos feitos e na dilixente adopción de medidas correctoras para mitigar o dano en principio causado, tendo en conta igualmente os criterios recollidos no punto anterior.

3. Será agravante que na conduta da persoa infractora se aprecie unha especial vontade ou actitude tendente a agravar o dano inicialmente causado, ou que da falta de colaboración ou axuda para a súa reparación ou mitigación se orixine un dano maior do inicialmente previsto.

4. Na imposición da sanción terase en conta, en todo caso, que a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.

**Artigo 119 POTESTADE SANCIONADORA: ÓRGANOS COMPETENTES E PROCEDEMENTO**

A facultade de instruír e resolver os procedementos sancionadores por infraccións a este regulamento compételle á Alcaldía ou, se é o caso, ao órgano que teña delegada por esta a competencia, logo da instrución do correspondente procedemento.

**Artigo 120 REPARACIÓN DO DANO CAUSADO, OBRIGA DE RESTAURACIÓN, MULTAS COERCITIVAS E EXECUCIÓN SUBSIDIARIA**

1. Con independencia das sancións que se impoñan, esixiráselles ás persoas infractoras a reparación dos danos e perdas ocasionados aos bens de dominio público municipal e patrimonial, así como a reposición das cousas ao seu estado anterior na forma e nos prazos que determine o órgano que exerza a potestade sancionadora, e cando iso non sexa posible fixaranse as indemnizacións que procedan.

2. A esixencia de repor as cousas ao seu estado primitivo obrigará á persoa infractora a destruír ou demoler toda clase de instalacións ou obras ilegais e a executar cantos traballos sexan precisos para tal fin, de acordo cos planos, forma e condicións que fixe o órgano competente.

3. Naqueles supostos en que se aprecie forza maior ou caso fortuíto e non exista unha infracción administrativa, pero nos que se produza un dano ás instalacións de dominio público que compoñen o Servizo Municipal de Saneamento, ou ao medio natural receptor, a persoa causante do dano terá a obriga de repoñer as cousas ao seu estado primitivo. Isto concretarase na retirada dos obxectos, materiais ou elementos, así como na reparación dos bens de dominio público afectado. Esta obriga de repor en ningún caso terá a consideración de sanción.

4. A esixencia destas medidas reparadoras ou restauradoras, que inclúen as posibles indemnizacións por danos e perdas, poderase facer no propio procedemento sancionador ou, se é o caso, tramitarse noutro complementario.

**CAPÍTULO II. COMPETENCIA E RECURSOS****Artigo 121 COMPETENCIA DO SERVIZO MUNICIPAL**

A entidade subministradora terá as facultades que lle confire o presente regulamento.

**TÍTULO VI. DO REGULAMENTO****Artigo 122 OBRIGATORIEDADE DO SEU CUMPRIMENTO**

As persoas abonadas e a subministradora do servizo quedan obrigadas a cumprir todas as cláusulas e condicións do presente regulamento.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Todas as obrigas técnicas que, en orde ás características das instalacións da subministración, están impostas neste regulamento para a entidade subministradora e/ou para as persoas abonadas serán de obrigado cumprimento para aquelas instalacións aprobadas con posterioridade á vixencia deste regulamento. Ambas, entidade subministradora e persoas abonadas, están obrigadas, igualmente, a ir adaptando as instalacións existentes da súa responsabilidade á normativa deste regulamento, no suposto d e que sobre estas sexa necesario realizar calquera clase de reparación, modificación, ampliación ou mellora.

Á excepción da renovación do parque de contadores, onde a obriga da persoa abonada se limitará á adaptación da localización do contador.

Todos os usuarios e usuarias titulares das actividades indicadas no artigo 91.2 deste regulamento deberán presentar no Concello, no prazo dun ano, contado dende a entrada en vigor deste regulamento, unha solicitude de permiso de vertedura co fin de se adaptar aos requirimentos e procedementos establecidos neste regulamento.

Os usuarios e usuarias titulares das actividades indicadas no 91.2 deste regulamento que dispoñan xa dunha autorización de vertedura en vigor outorgada polo organismo de cunca ou pola administración hidráulica competente, ou dunha autorización ambiental integrada da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (IPPC), unicamente deberán presentar ante o Concello de Xove copia desas autorizacións e o informe técnico emitido por un organismo de control autorizado ou por unha entidade colaboradora, así como unha solicitude simplificada coa documentación prevista nos puntos 1, 2 e 3 [a) e b)] do anexo III. Con esta documentación, unha vez revisada, o Concello reserva para si o dereito a solicitarlles ás persoas titulares a documentación adicional ou a adoptar as medidas necesarias para o cumprimento deste regulamento.

O resto das obrigas impostas neste regulamento á entidade subministradora e/ou ás abonadas son de obrigado cumprimento para ambas dende a súa entrada en vigor.

Todos aqueles usuarios e usuarias que gocen de servizo ou da súa dispoñibilidade á entrada en vigor do presente regulamento e carezan do perceptivo alta, entenderase, para todos os efectos, que teñen establecido unha alta tácita coa persoa titular do servizo cuxas cláusulas son as establecidas no presente regulamento.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

A partir da entrada en vigor do presente regulamento, quedan derogadas todas as normas aprobadas polo Concello de Xove que sexan contrarias a este.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En todo o non previsto neste regulamento, será de aplicación supletoria o Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, e disposicións que o desenvolvan, así como a normativa básica que, ao respecto, dite o Estado.

**DISPOSICIÓN ÚLTIMA**

O presente regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación.

**ANEXO I SOBRE A CONTAMINACIÓN DAS VERTEDEURAS****A. VERTEDEURAS PROHIBIDAS**

Con carácter xeral, queda prohibido verter directa ou indirectamente ao sistema de saneamento calquera dos seguintes produtos:

- a) Materias sólidas ou viscosas en cantidades ou tamaños tales que, por si soas ou por interacción con outras, poidan producir obstrucións ou sedimentos que impidan o correcto funcionamento dos diferentes elementos da rede de saneamento ou da depuradora de augas residuais, ou dificulten os seus traballos de mantemento.
- b) Sólidos, líquidos ou gases combustibles, inflamables ou explosivos.
- c) Sólidos, líquidos ou gases irritantes, corrosivos ou tóxicos.
- d) Substancias sólidas potencialmente perigosas.
- e) Microorganismos nocivos ou cultivos celulares sen desactivar.
- f) Materias que, por razón da súa natureza, propiedades ou cantidades, por si mesmas ou por integración con outras, poidan orixinar:
  - A formación de mesturas inflamables ou explosivas co aire.
  - A creación de atmosferas molestas, insalubres, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o traballo do persoal encargado da inspección, limpeza, mantemento ou funcionamento do sistema de saneamento.
- g) Residuos radioactivos.
- h) Todos aqueles produtos considerados na vixente lexislación sobre residuos perigosos ou sanitarios, para o cal todos as persoas titulares e usuarias afectadas disporán do número de rexistro como produtoras de residuos perigosos (RP), segundo o disposto na lexislación vixente e levarán un rexistro dos residuos perigosos xerados e entregados a xestora autorizada.
- i) Os que poidan producir concentracións de gases nocivos na atmosfera da rede de saneamento superiores aos límites seguintes:

Produto	Unidade	Valor límite permitido
Dióxido de xofre (SO <sub>2</sub> )	ppm	5
Monóxido de carbono (CO)	ppm	25
Ácido sulfhídrico (SH <sub>2</sub> )	ppm	10
Ácido cianhídrico (CNH)	ppm	4,5
Amoníaco (NH <sub>3</sub> )	ppm	20
Dióxido de carbono (CO <sub>2</sub> )	ppm	15.000
Bromo (BR <sub>2</sub> )	ppm	0,1
Cloro (Cl <sub>2</sub> )	ppm	1

\*ppm: partes por millón (v/v)

**B. CONTAMINANTES DAS AUGAS**

Considéranse como contaminantes das augas as substancias que figuran relacionadas no anexo III do Real decreto 60/2011, do 21 de xaneiro, que son as seguintes:

- a) Compostos organohaloxenados e substancias que poidan dar orixe a compostos desta clase en medio acuático.
- b) Compostos organofosforados.
- c) Compostos organoestánnicos.
- d) Substancias e preparados, ou produtos derivados deles, cuxas propiedades canceríxenas, mutaxénicas ou que lles poidan afectar á tiroide, esteroidoxénica, á reprodución ou a outras funcións endócrinas no medio acuático ou a través dun medio acuático estean de- mostradas.
- e) Hidrocarburos persistentes e substancias orgánicas tóxicas persistentes e bioacumula- bles.
- f) Cianuros.
- g) Metais e os seus compostos.
- h) Arsénico e os seus compostos.
- i) Biocidas e produtos fitosanitarios.
- j) Materias en suspensión.
- k) Substancias que contribúen á eutrofización (en particular nitratos e fosfatos).
- l) Substancias que exercen unha influencia desfavorable sobre o balance de osíxeno (e computables mediante parámetros tales como DBO e DQO).

**C. VERTEDEURAS CON SUBSTANCIAS PERIGOSAS**

Será de aplicación o disposto nos Anexos I e II do Real decreto 60/2011, do 21 de xaneiro, polo que se aproban as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas.

**ANEXO II VALORES LÍMITE DE VERTEDEURA OU DE EMISIÓN**

valores limite de vertedura ou emisión

PARÁMETRO	UNIDADES	NOTAS	VALOR MEDIO DIARIO MÁXIMO	VALOR INSTANTÁNEO MÁXIMO
<b>1,2 Dicloroetano</b>	mg/L	10	0,4	0,4
<b>Aceites e graxas</b>	mg/L	2, 11	100	150
<b>Aldehídos</b>	mg/L	10	2	2
<b>Aluminio</b>	mg Al/L	3, 10	10	10
<b>Amoniaco</b>	mg/L	10	30	30
<b>AOX</b>	mg/L	4, 10	2	2
<b>Arsénico</b>	mg As/L	3, 10	0,1	0,1
<b>Bario</b>	mg Ba/L	3, 10	10	10
<b>Boro</b>	mg B/L	3, 10	3	3
<b>BTEX</b>	mg/L	4	5	5
<b>Cadmio</b>	mg Cd/L	3, 10	0,1	0,1
<b>Cianhídrico</b>	cc/m <sup>3</sup> de ar		10	10
<b>Cianuros</b>	mg CN/L	3, 10	0,5	0,5
<b>Cianuros disoltos</b>	mg CN/L	3	1	1
<b>Cloro</b>	cc/m <sup>3</sup> de ar		1	1
<b>Cloruros</b>	mg Cl/L	11	2.000	2.000

<b>Cobre</b>	mg Cu/L	3, 10	1	3
<b>Conductividade a 25°C</b>	µS/cm	11	5.000	5.000

PARÁMETRO	UNIDADES	NOTAS	VALOR MEDIO DIARIO MÁXIMO	VALOR INSTANTÁNEO MÁXIMO
<b>Cor</b>	Escala Co/Pt	11	Inapreciable en dilución 1/40	Inapreciable en dilución 1/40
<b>Cromo VI</b>	mg Cr(VI)/L	3, 10	0,5	0,5
<b>Cromo total</b>	mg Cr/L	3, 10	2	2
<b>DBO5</b>	mg O2/L	11	500	1.000
<b>DBO5/DQO</b>	---	---	≥0,3	---
<b>DQO</b>	mg O2/L	11	1.000	1.500
<b>Dióxido de xofre</b>	mg/L	10	15	15
<b>Estaño</b>	mg Sn/L	3, 10	3	3
<b>Fenois totais</b>	mg/L	6	1	1
<b>Fluoruros</b>	mg F/L	10	10	10
<b>Fosfatos</b>	mg/L	11	60	60
<b>Fósforo total</b>	mg P/L	11	40	40
<b>Hidrocarburos totais</b>	mg/L	7, 10	15	15
<b>Hidrocarburos aromáticos policíclicos</b>	mg/L	10	0,2	0,2
<b>Ferro</b>	mg Fe/L	3, 10	10	25
<b>Manganeso</b>	mg Mn/L	3, 10	5	10
<b>Materias inhibidoras</b>	Equitox	8, 10	20	25
<b>Mercurio</b>	mg Hg/L	3, 10	0,01	0,01
<b>Níquel</b>	mg Ni/L	3, 10	2	4
<b>Nitratos</b>	mg N/L	11	50	50
<b>Nitróxeno amoniacal (N-NH4+)</b>	mg N/L	11	30	50
<b>Nitróxeno Total Kjeldahl</b>	mg N/L	11	40	50
<b>NTK/ DBO5</b>	---	---	≤0,2	---
<b>Nonilfenol</b>	mg/L	10	1	1
<b>Percloroetileno</b>	mg/L	10	0,4	0,4
<b>Pesticidas</b>	mg/L	10	0,1	0,1
<b>PH</b>	u de pH	10	5,5-9,0	5,5-9,0
<b>Praguicidas totais</b>	mg/L	10	0,1	0,1
<b>Prata</b>	mg Ag/L	3, 10	1	1
<b>Chumbo</b>	mg Pb/L	3, 10	0,1	0,5
<b>Selenio</b>	mg Se/L	3, 10	0,5	0,5

<b>Sólidos en suspensión</b>	mg/L	11	500	1.000
<b>Sólidos grosos</b>	mg/L	11	Ausentes	Ausentes
<b>Sulfatos</b>	mg SO <sub>4</sub> /L	11	400	1.000

PARÁMETRO	UNIDADES	NOTAS	VALOR MEDIO DIARIO MÁXIMO	VALOR INSTANTÁNEO MÁXIMO
<b>Sulfhídrico</b>	cc/m <sup>3</sup> de ar	10	20	20
<b>Sulfitos</b>	mg SO <sub>3</sub> /L	11	10	20
<b>Sulfuros disoltos</b>	mg/L	11	0,3	0,3
<b>Sulfuros totais</b>	mg S/L	11	1	5
<b>Temperatura</b>	OC	11	30	50
<b>Tensoactivos aniónicos</b>	mg MBAS/L	9, 10	6	20
<b>Triacinas totais</b>	mg/L	10	0,3	0,3
<b>Tributilestaño</b>	mg/L	10	0,1	0,1
<b>Triclorobenceno</b>	mg/L	10	0,2	0,2
<b>Zinc total</b>	mg Zn/L	3, 10	1	2

#### NOTAS

- Intervalo admisible para o valor de pH.
- Valor límite referido ao contido en aceites e graxas de orixe vexetal ou animal.
- Valor límite referido ao contido total en metal.
- Suma de benceno, tolueno, etilbenceno e xileno.
- Valor límite referido ao contido en compostos organohaloxenados absorbibles.  
Poderanse observar valores superiores de AOX naqueles casos en que se cumpran os valores de organoclorados individualizados recollidos neste anexo II, sempre que así o autorice a entidade xestora
- Valor límite expresado como fenol.
- Valor límite referido ao contido en hidrocarburos totais, incluíndo aceites minerais.
- Inhibición de luminescencia de *Vibrio fisheri*.
- Valor límite expresado como laurilsulfato [MBAS calculadas como sal sódico do ácido dodecano-1- sulfónico (SAL)].
- Parámetros contaminantes dificilmente tratables na EDAR ou con impacto significativo sobre os obxectivos de calidade no medio receptor e os potenciais usos das augas naturais.
- Parámetros tratables na EDAR ou de impacto pouco significativo sobre os obxectivos de calidade dun medio receptor.

#### ANEXO III SOLICITUDE DO PERMISO DE VERTEDEURA Á REDE PÚBLICA MUNICIPAL DE SANEAMENTO

- Solicitud: nome, domicilio social, enderezo do establecemento, teléfono, distrito postal, localidade, NIF, caudais de vertedura m<sup>3</sup>/ano e m<sup>3</sup>/día, identificación dos sistema de saneamento ao que se pretende verter.
- Xunto aos datos de identificación, exporanse de xeito detallado as características DA vertedura, en especial:
  - CNAE(s)
  - Clasificación da actividade segundo o Regulamento do dominio público hidráulico (véxase o anexo IV)
  - Descrición do proceso produtivo que dá lugar á vertedura.
  - Volumen de auga consumida ou que se consumirá, especificando a(s) fonte(s) de subministración.

- e) Características da contaminación das augas xeradas antes e despois do tratamento.
- f) Variacións estacionais no volume e/ou características de contaminación das augas residuais vertidas.
- g) Plano da rede de recollida de augas residuais e punto(s) de conexión aos sumidoiros indicando a localización das arquetas de control.
- 3) Proxecto técnico das obras:
- a) Antecedentes:
- Obxecto: obtención do permiso de vertedura ou a súa revisión (neste último caso, achegárase unha copia do permiso vixente)
  - Características da localización da actividade.
  - Punto de conexión á rede de saneamento con coordenadas UTM.
- b) Memoria descritiva:
- Datos de produción: actividade desenvolvida, materias primas empregadas e produtos resultantes expresados en toneladas/ano.
  - Procesos industriais.  
Balance de augas: fontes de abastecemento, título concesional, volume abastecido e a súa distribución no proceso industrial, volume de vertedura.
  - Características do efluente: informe analítico de cada punto de vertedura.
- c) Memoria técnica das instalacións de tratamento previo:
- Sistemas e unidades de tratamento: descrición do sistema de tratamento existente, con cálculos hidráulicos do dimensionamento (volumes, cargas hidráulicas, tempos de retención) e xustificación de operacións unitarias e procesos; descrición detallada de equipamentos instalados, potencias de bombeo, materiais de construción; medidas de seguridade para evitar verteduras accidentais, instrumentos de control propostos, proposta de seguimento e control da calidade do efluente, produción, cantidade e destino dos residuos xerados.
  - Planos: situación dentro do concello (1:50000); situación xeral do establecemento (1:5000); detalle do establecemento (1:1000); planta e alzado do sistema de depuración (1:100).
  - En caso de que as instalacións de tratamento ocupen propiedades de terceiras persoas, deberase achegar autorización expresa da titular do terreo.
- C) Plan de emerxencia do sistema de acordo coa lexislación sectorial aplicable.
- 4) A persoa solicitante do permiso de vertedura deberá presentar a documentación sinalada nos puntos anteriores en formato electrónico para o seu exame por parte do persoal técnico municipais e nos soportes e aplicacións que determinen os devanditos servizos técnicos.

#### ANEXO IV CLASIFICACIÓN DOS SECTORES INDUSTRIAIS

Tal como figura nas notas (\*\*\*) do anexo IV do Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento de dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei de augas.

Clase	Grupo	Sector industrial
Clase 1	0	Servizos
	1	Energía e auga
	2	Metal
	3	Alimentación
	4	Conserveira
	5	Confeción
	6	Madeira
	7	Manufacturas diversas

Clase 2	8	Minaría
	9	Química
	10	Materiais de construción
	11	Bebidas e tabaco
	12	Aceites, carnes e lácteos
	13	Téxtil
	14	Papel
Clase 3	15	Curtidos
	16	Tratamento de superficies
	17	Zootecnia

### ANEXO V CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DA ACOMETIDA DE SANEAMENTO

O deseño e construción das acometidas deberase axustar ás seguintes características técnicas mínimas, que poderán ser complementadas polas condicións técnicas que dispoña o Concello de Xove en cada caso en atención ás características peculiares das instalacións.

1) Cada inmovible disporá de dúas únicas acometidas á rede xeral, unha para as augas residuais e outra para a recollida das augas pluviais.

2) Como norma xeral, a acometida deberase realizar a un pozo de rexistro da rede e pola parte superior.

3) A acometida realizarase por medio de canalización de PVC con diámetro interior conforme a o Código técnico da edificación, nunca menor de  $\varnothing$  160 mm, con unión de xunta elástica, e cumprirá coa Norma UNE-EN 1401. Os tubos apoiaranse en toda a súa lonxitude sobre un leito de material granular (area/grava). Compactaranse os laterais e deixaranse ao descuberto as unións ata realizarse as probas de estanquidade. O recheo realizarase por capas de 10 cm, compactando, ata 30 cm. Dende o nivel superior en que se realizará a última vertedura e a compactación final.

4) A pendente mínima das conducións que formen parte da acometida será do 2%, salvo casos especiais debidamente xustificadas e autorizados.

5) As instalacións hoteleiras, talleres, grandes bloques de apartamentos e outros edificios singulares, estacións de servizo, talleres de automóbiles, garaxes, grandes centros de alimentación e/ou elaboración de comidas e procesamento de alimentos e, en xeral, naqueles establecementos en que se desenvolvan actividades susceptibles de xerar aceites e graxas deberán, antes da acometida e no interior da propiedade, construír un separador de graxas e sólidos, cuxo dimensionado se xustificará axeitadamente segundo as normas técnicas establecidas.

6) A acometida de augas residuais deberá ter un dispositivo sifónico que evite o paso de malos cheiros, deseñado de acordo co documento básico HS do Código técnico da edificación, que irá situado nunha arqueta previa á sección de control. O conduto de saída das augas irá provisto dun cóbado de 90° e dispoñerá dun cerramento hidráulico de polo menos 50 mm.

7) No caso de establecementos que vertan augas residuais de carácter non doméstico, a arqueta de rexistro deberá estar situada no exterior do inmovible.

A dita arqueta deberá dispor, cando o permiso de vertedura así o estableza, dun elemento de medida homologado cun rexistro totalizador para a determinación exacta do efluente vertido.

A arqueta de rexistro deberá ser dun tamaño axeitado á tubaxe que permita o seu rexistro e limpeza, e cunhas dimensións interiores non inferiores a 50 x 50 x 50 cm.

8) A arqueta de rexistro correspondente á acometida de augas pluviais deberá dispor dun areeiro, accesible en todos os casos e sempre dende o propio local onde se atope instalado, construído con fábrica de ladrillo macizo, formigón in situ, formigón prefabricado ou materiais plásticos. Apoiaranse sobre unha soleira de formigón HM-20 de 10 cm de grosor e cubriranse cunha tapa de formigón prefabricado de 5 cm de grosor, de fundición dúctil ou de calquera outro material aprobado polo Concello de Xove.

9) Todos os usuarios deberán dispor dunha sección de control (individual ou colectiva) na acometida. Esta definirase na licenza de acometida ou no seu respectivo permiso de vertedura, e construírse tendo en conta as seguintes características técnicas:

a) Disporase dunha sección de control para cada tipo de vertedura de auga autorizada, que deberá reunir as características necesarias para poder obter mostras representativas das verteduras.

b) A sección de control deberá ser dun tamaño axeitado aos condutos empregados e cunhas dimensións axeitadas para o seu respectivo rexistro e limpeza. Deberá permitir, se é o caso, a instalación de equipamentos de medida. Deberá ser construída con fábrica de ladrillo macizo, formigón in situ, formigón prefabricado ou materiais plásticos. Apoiaranse sobre unha soleira de formigón HM-20 de 10 cm de grosor e cubriranse cunha tapa de formigón prefabricado de 5 cm de grosor, de fundición dúctil ou de calquera outro material aprobado polo Concello de Xove.

c) Diferéncianse dous tipos principais de sección de control: a sección de control de usuarios e usuarias domésticos (tipo I) e a sección de control de usuarios e usuarias non domésticos (tipo II).

d) A sección de control tipo I deberá estar situada preferentemente nunha zona privada común e con libre acceso ao persoal de inspección. Esta sección terá unhas dimensións mínimas de 50 x 50 x 50 cm, se é de sección cadrada, ou de 80 cm de diámetro se se trata dun pozo. Contará con patas de baixada se a profundidade así o require, e o fondo rematarase en forma de media cana con plataformas laterais para evitar sedimentacións.

e) A sección de control de tipo II terá unha dimensión mínima de 80 x 80 se é sección cadrada ou 80 de diámetro; deberá estar situada preferentemente fóra do inmovible, en terreos da propia persoa usuaria e sen afectar á vía pública; augas abaixo da última vertedura (de xeito que non se poidan alterar as características finais do efluente); estará libre de todo obstáculo e atoparase en idóneo estado de limpeza para a súa función. O equipamento efluente desta sección de control tipo II será definido polo persoal técnico municipal no correspondente permiso de vertedura de acordo co disposto no artigo 95, liña i).

f) As seccións de control terán unha tapa de fundición ou de calquera outro material aprobado polo Concello de Xove, con resistencia axeitada ao peso que deba soportar o tráfico (persoas ou vehículos), será hermético con xunta de goma para evitar o paso de cheiros e gases e disporá dun sistema de peche que impida a manipulación por persoal non autorizado. A tapa terá unhas dimensións axeitadas para facilitar o acceso ás persoas, se fose necesario, e para o paso dos equipos de mostraxe. En todo caso, a responsabilidade do seu mantemento será exclusivamente do/a titular da acometida.

g) En función dos parámetros establecidos no permiso de vertedura, ou cando as condicións do desaugadoiro o fagan aconsellable, a entidade xestora poderá autorizar a construción dunha sección de control que integre nunha soa arqueta ou cámara o sistema sifónico e a sección de control.

10) Realizaranse probas de estanquidade parcial descargando cada aparello illado ou simultaneamente, verificando os tempos de desaugadoiro, os fenómenos de sifonaxe que se produzan no propio aparello ou nos demais conectados á rede, rúidos en desaugadoiros e canalizacións e comprobación de cerramentos hidráulicos. Non se admitirá que quede no sifón dun aparello unha altura de cerramento hidráulico inferior a 25 mm.

Na rede horizontal probarase cada tramo de tubaxe, para garantir a súa estanquidade introducindo auga a presión (entre 0,3 e 0,6 bares) durante dez minutos.

As arquetas e pozos de rexistro someteranse a idénticas probas, enchéndooas previamente de auga e observando se se advirte ou non un descenso de nivel.

Controlaranse ao 100% as unións, entroncamentos e/ou derivacións.

Para un correcto funcionamento da instalación de saneamento, deberase comprobar periodicamente a estanquidade xeral da rede coas súas posibles fugas, a existencia de cheiros e o mantemento do resto de elementos.

11) Cando o nivel de desaugadoiro particular non permita a condución á rede de sumidoiros por gravidade, a elevación deberá ser realizada pola persoa titular da acometida. Neste caso as instalacións interiores de desaugadoiro deberán ser completamente estancas á presión de 1 kg/cm<sup>2</sup>.

12) Sempre que existan espazos habitables que teñan a necesidade de acometer á rede de saneamento e a súa soleira ou forxado do solo se atope a unha cota inferior do nivel da rasante da rúa, terán que bombear obrigatoriamente a vertedura que xere ese espazo á arqueta comunitaria –se se trata dunha vertedura doméstica– ou a unha arqueta particular previa a esta –se se trata dunha vertedura non doméstica (industrial ou especial)–. Este artigo será de obrigado cumprimento, aínda que os ditos espazos tivesen cota suficiente de vertedura por gravidade á rede municipal.

Xove, 11 de xuño de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 1587